



GALICIA, VIAXE
Ó PASADO

Pedro Fernández Núñez



PEDRO FERNÁNDEZ NÚÑEZ


Orensano de nacimiento y vigués de adopción. Estudió Economía en la Universidad de Bilbao, ciudad a la que emigró su padre como tantos otros gallegos en los años 60, aunque en este caso para ejercer de maestro.

Ingresa por oposición en el Cuerpo de Economistas hace 25 años y ocupó distintos cargos como funcionario del Estado, habiendo estado destinado en el Gobierno Civil, Puerto de Vigo.

Ejerció la docencia en distintos centros oficiales de la ciudad como profesor de Economía, en Institutos de Enseñanza media, Estudios Empresariales y actualmente es profesor universitario.

Asesor fiscal y empresario. Colaboró como articulista en temas económicos con FARO DE VIGO. Comentarista económico en la cadena COPE y en Televisión de Vigo. Recientemente ha finalizado la preparación de un libro sobre historia económica de Galicia.





PEDRO FERNÁNDEZ NÚÑEZ

GALICIA, VIAXE Ó PASADO



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE PONTEVEDRA

Excma. Deputación de Pontevedra

Presidente: Manuel Abeledo López

Deputado delegado da Área de Cultura: Rafael Louzán Abal

Servicio de Publicacións:

Dirección: Miguel Pereira Figueroa

Director adxunto: César Manuel López Marras.

Asesoría Técnica de Publicacións:

Celia Soto Espiña

Ana Vicente Rivas

Corrección de probas:

Julia Mallo Parcero

Composición de textos:

M.^a Montserrat Acuña Martínez

Primera edición: 2001

Printed in Spain - Impreso en España

© Diputación Provincial de Pontevedra

Servicio de Publicaciones

ISBN: 84-8457-066-5


Imprenta:

Gráf. Anduriña, S. Coop. Ltda. - Poio (Pontevedra)


Dep. Legal: 542/PO-2001

A meus pais IRENE e XOSÉ

Vigo, 2001



PRÓLOGO



GALICIA VIAXE Ó PASADO, do profesor Pedro Fernández Núñez, é un proxecto editorial por parte da Deputación de Pontevedra moi valioso, atractivo, de gran calidade social e que se leva a cabo neste traballo de 25 capítulos, escrito por un profesor universitario galego. Contén datos e referencias tomadas de arquivos, bibliotecas e doutros centros de información non só de Galicia senón tamén de fóra da nosa terra. Un libro que está escrito nunha linguaxe sinxela e ó alcance de tódolos públicos. Cun estilo seductor, ameno, que servirá para coñece-lo noso pasado e que non queda no clásico manual de historia senón que será un traballo indispensable para aquela persoa que queira percibir en profundidade o pasado colectivo, a nosa economía pasada e presente e a nosa cultura. Non é só unha relación de personaxes, datas, lugares que non servirían por certo para moito, senón que é un traballo ben ordenado e distribuído que nos proporciona a nosa realidade como pobo extraordinario que foi e será, a nosa biografía colectiva.

Ó lelo sentirémonos orgullosos de ser-mos galegos, ó coñecer cómo foi e é Galicia e está escrito por tódolos galegos que nos precederon, polos nosos antepasados, onde están efectivamente as raíces da Galicia actual.

Durante anos e anos o noso pobo veu esculpiu co seu propio sangue, ás veces, estes capítulos que seguen, unha epopea, unha xesta, na que hai algúns piares básicos que a sustentan e lle dan altura. A heroica defensa dos galegos fronte á invasión latina, fai 2000 anos, a rebelión dos irmandiños no crepúsculo da Idade Media, ou a sanguenta e valente defensa dos coruñeses fronte a DRAKE, a recuperación de Vigo en mans dos franceses. Para percibi-lo orgullo de ser galego hai que saber e comprende-la nosa propia historia, unha historia que se revive, que se resucita neste libro. Ó coñecer-mo-lo pasado poderemos enfrontar con máis ilusión o noso futuro colectivo. E este é o fin que perseguiu a Deputación ó editar este libro divulgador da historia de Galicia, unha Galicia que canto máis se coñece máis se ama.


Na Galicia actual pódese ver en medio da nebulosa do tempo a Galicia

dos hórreos, das meigas, da santa Compañía, dos afiadores, das pallozas, de tantos e tantos ritos e lendas, unha Galicia distinta, diferente, entrañable. Non podemos esquecer este gran capital que nos trasmiten as xeracións que nos precederon con historias e relatos que se contaban nas longas noites do chuvioso inverno galego, ó carón do lume da lareira. Historias que se trasmiten de boca en boca. Agora na Galicia do Internet e da TV, e dos teléfonos móbiles, xa non se contan as historias e as xestas dos nosos antepasados, pero non descoñezámo-lo noso pasado, o pasado dunha Galicia como entre máxica e misteriosa.

A historia colectiva ha de perdurar no presente e no futuro, porque aí están os fundamentos de Galicia, os nosos mitos, os nosos costumes, as nosas tradicións.

Unha Galicia cunha terra e unha paisaxe tan singular, e hai que ver cómo inflúe na nosa vida a xeografía. Unha terra cunhas vilas diseminadas, dispersas por todo o noso territorio, a metade do total das vilas de España. Sentémonos pois para ve-lo paso da historia a través das páxinas deste libro.

INTRODUCCIÓN



A Galicia creárona, desenvolvérona os nosos antepasados, laboriosamente, co seu esforzo, coas súas mans, coa súa suor e sacrificio, en continua e tenaz pelexa do home coa terra, coa súa terra; cun idioma propio, co seu idioma; un pobo cunha traxectoria tan claramente definida e diferenciada do resto do Estado e sen embargo non conseguiu unha maior participación, un maior protagonismo na historia de España; sempre estivo distante, afastada, sen liderado.

É en definitiva unha das rexións menos desenvolvidas de Europa, tal como indica a súa baixa renda per cápita, moi inferior á media nacional; unha Galicia sen pulso nin impulso; cun alto peso aínda do sector agrario que é marcadamente minifundista, con terras que, nunha alta porcentaxe, son cultivadas directamente polos seus propietarios en réxime de policultivo de subsistencia, unhas terras que nin sequera cobren as necesidades da familia campesiña. Unha Galicia que contempla impotente o avance da pobreza; que sabe que ten que apurar-lo paso para chegar a tempo ó futuro, ó terceiro milenio nunha frenética carreira contra o reloxo; unha Galicia que se levantará das súas propias cinzas porque ten un capital humano que sabe traballar; demostrouno por todo o mundo; unha Galicia, en definitiva, que non produce nin sequera a metade dos produtos industriais que necesita, que son produtos de primeira necesidade para a súa industria e que ten que traer de fóra. O drama constante, inacabado dunha vella rexión, dunha nación que non termina de atoparse a si mesma.

Mellorouse moito no último medio século porque xa temos explotacións agropecuarias modernas que ofrecen produtos cárnicos, avícolas, lácteos e produtos pesqueiros de extraordinaria calidade, sector este último, o pesqueiro, que nos coloca nos primeiros postos mundiais; tamén ten posibilidades o sector enerxético, sobre todo o hidráulico, a automoción, a construción naval e, de forma especial nos últimos tempos, o téxtil, a moda galega.

Unha Galicia que para nada é uniforme e homoxénea; hai por un lado a

Galicia mariñeira, da costa, do litoral, que está aberta ó intercambio, ás comunicacións, ós contactos e cun carácter máis atravido, máis decidido. Está, por outro lado, a Galicia terrestre, do interior, máis sedentaria, máis estática; dous estilos de vida que se completan mutuamente, reciprocamente.

Pero abramo-lo libro da historia. Galicia, un país montañoso, cunha gran riqueza fluvial, abundantes chuvias, cunhas rías que acollen mansamente no seu regazo os ataques do océano; aquí vive un pobo que comezou a súa andadura pola historia, da man dos celtas hai catro mil anos. Logo veñen os romanos á fin do mundo, á GALLAECIA, buscando ouro e estaño. Trouxeron a súa enxeñería militar trazando camiños; deixáronno-la torre de Hércules, as murallas de Lugo, sistemas de organización da propiedade e da convivencia e un arado, o arado romano que ata hai pouco se vía nos campos galegos, trala vaca que o arrastraba pacientemente.

Con eles chega tamén o cristianismo, a nova forza espiritual e trascendental. Lugo, Braga e Astorga son as poboacións importantes desta época.

A Galicia sueva é un reino independente que dura case 200 anos; nesta etapa difúndense, superpóñense distintas civilizacións, distintas culturas; un reino que cae posteriormente en mans dos visigodos. A dominación musulmana non deixa practicamente pisadas nunha Galicia que durante a Reconquista mantén a súa personalidade propia, agás do ataque que realiza Almanzor á cidade de Santiago, a cal queda arrasada, destruída en parte e devastada. Precisamente a Reconquista comeza no Noroeste.

O descubrimento do corpo do apóstolo converte a Santiago na Antimeca e traza unha ponte de comunicacións, contactos con Europa; Santiago pasa a se-lo Centro espiritual de Europa e convértese nun precursor da Unión Europea do século XX.

A revolución dos irmandiños galegos fronte ós nobres pon contra as cordas a sociedade tradicional. Uns campesiños, os irmandiños, que arremeten contra castelos e fortalezas, supoñen en definitiva un adianto, son uns precursores da Revolución Francesa e máis de trescentos anos antes; maniféstase o sentimento popular, pisoteado, vilipendiado durante tantos anos.

Cos Reis Católicos créase a Audiencia que supón resolver, a partir de agora, as disputas coa lei, coa toga e non coa espada, coa forza. Con eles imponse unha cultura centralista; todo o poder está en Castela, tanto o poder relixioso coma a cultura literaria e a política; imponse a mesma educación, o mesmo idioma, a mesma relixión; a cultura galega escrita enmudeceu nunha

longa quietude histórica e reduciuse a expresión oral. Non é recuperada ata o século XVIII por minorías intelectuais e xente preparada.

Os fidalgos galegos viven nos pazos, pazos que atraen a atención de escritores e significan a exaltación do mundo rural galego, fidalgos que dedican o seu tempo libre á caza e moi pouco á lectura e cultivo do espírito.

O marqués de Sargadelos, verdadeiro capitán industrial inaugura en Galicia a primeira siderurxia de España; é a principal iniciativa empresarial da época, se ben este proxecto non ten éxito; a revolución industrial de todas formas pasa de longo por Galicia, poderíamos dicir; a nosa rexión vaise perfilando paseniño como rexión pesqueira.

Durante o século XIX, comeza a emigración como consecuencia do desaxuste entre poboación e recursos; prodúcese unha emigración interior, galegos que marchan a Castela despois de deixar preparadas as súas terras, sementados os campos e as colleitas no celciro; é a emigración andoriña, unha emigración estacional; prodúcese ademais unha forte emigración a Hispanoamérica con saídas colectivas. Galicia é, pois, exportadora de capital humano, de forza laboral barata; crúzase o charco buscando unha vida mellor, buscando fortuna para toda a familia; o porto de Vigo viu e chorou moitas saídas, moitos adeuses desgarradores porque marcha o pai, o home, o irmán e só leva billete de ida pero non de volta.

Cos anos 60 cambia o rumbo da emigración; os galegos vanse agora a Alemaña, a Francia e a outros países europeos que necesitaban man de obra barata para alimenta-lo seu proceso industrial, de crecemento; saen sobre todo da Galicia rural con poucos recursos económicos.

Durante o século XIX ten lugar a desamortización, que se intensifica sendo ministro de Facenda Mendizábal; con ela as finanzas da igrexa galega sofren unha perda importante; unha desamortización que ten unha resposta dura por parte da igrexa; nos púlpitos aconséllase ós fieis non compra-las terras poxadas, pero coa desamortización non se transforma a propiedade da terra.

No século XIX, ano 1809, Cachamuiña obriga ós franceses a abandonar en Galicia para sempre; un século no que tódolos países europeos experimentan a revolución industrial que a duras penas pasa por España e da que Galicia queda totalmente apartada; unha Galicia que permanecerá durmida, distante; o sector téxtil non acaba de arrancar e o mesmo pode dicirse do conserveiro, aínda que este sector finalmente experimenta cambios innovadores; ó principio do século XX Galicia xa conta cun centenar de fábricas de

conservas con boas instalacións e Vigo sitúase á cabeza como primeira zona conserveira, cidade que é debedora deste sector.

O ferrocarril galego inaugúrase con moito retraso respecto a outras rexións; como tantas outras veces Galicia perde o paso, o tren -e nunca mellor dito- o progreso, o desenvolvemento; a situación económica galega non é nada favorable a que acuda capital ó ferrocarril, un capital, o privado, que sempre busca rendibilidade; o sector téxtil está en fase de retroceso e extinción; case tódolos proxectos industriais terminan nun soado crac, como ocorreu cos altos fornos de Sargadelos; Galicia non é un mercado importante nin un gran centro de comunicacións que garanten unha densidade de tráfico suficiente.

Ó chegar o século XX prodúcense en Galicia cambios importantes; hai unha clara recuperación da economía con rasgos manifestos de industrialización; no mundo rural hai que destaca-la supresión dos foros e así os agricultores vanse facendo coa propiedade das terras, as explotacións; ademais refórzase, intensifícase o nacionalismo galego ó igual que ocorre con outras rexións españolas; son os nacionalismos periféricos que consideran ó centralismo como culpable de tódolos males. En Galicia o nacionalismo baséase nas raíces celtas e ten do seu lado ós intelectuais. Pouco a pouco os nacionalismos vanse facendo cada vez máis reivindicativos, reclamando estatutos de Autonomía á vez que algúns toman o camiño do federalismo ou do republicanismo.

No ano 36 sométese a votación popular o estatuto de Autonomía de Galicia e é aprobado pola gran maioría do pobo galego; un estatuto que non entra en vigor debido ó Alzamento nacional á fronte do cal paradoxalmente está un galego: Franco.

Galicia ten desde o principio da Guera Civil unha resposta favorable e de apoio ó Frente Nacional; as cidades galegas discorren nun clima de profunda intranquilidade, de sobresaltos, de desordes; os cuarteis galegos están nerviosos e estase a todas horas pendente da radio. No barrio do Calvario de Vigo, a pequena Rusia como a chamaban, os do Frente Popular asasinan ó empresario Estanislao Núñez por ser de dereitas, como representante do capital e, polo tanto, inimigo da clase obreira. Isto dá lugar a unha cruel e brutal vinganza dos falanxistas e meten en prisión a destacados líderes sindicais e políticos; hai matanzas e represalias por ámbalas partes.

As mañás amencen con cadáveres nas cunetas das estradas; son as vítimas do **paseo**; as cidades galegas ven interrompida a súa vida normal,

fábricas e comercios que pechan as súas portas; non hai correo nin saen os trens de viaxeiros; mobilízanse máis e máis persoas e a moitas delas lévanas á fronte sen dar tempo de avisar nas súas casas; o medo e o pánico apodéranse de todo o mundo; conventos como o de Celanova e illas como San Simón convértense en cárceres porque as prisións non son suficientes. Incluso estaba mal visto escribir con tinta vermella; non se poden sacar máis de mil pesetas das contas bancarias.

Algúns contrarios ó levantamento ían por libre e varios fixéronse moi famosos como O FOUCELLAS. Vanse ó monte e son verdadeiras toupas; malfeitores e bandidos para uns e anarquistas e ardentes defensores da República para outros; chámanse FUXIDOS.

O franquismo mantén unha imaxe dunha España decimonónica, cun réxime político controlador, autoritario, militar e cunha xerarquización da sociedade; os ríos galegos pasan a ser almacéns de auga polos encoros; a costa atlántica galega experimenta un desenvolvemento esperanzador e lévase a cabo un proceso acelerado de urbanización; nesta zona, localízanse empresas relacionadas co mar como é o caso dos estaleiros, fábricas de conservas de peixe e conxelados. Outro sector que se desenvolve en Galicia é o da automoción coa instalación en Vigo da Citroën. Os anos 60 son tamén anos de forte emigración, pero non só se vai o home galego senón tamén o aforro galego que marcha para rexións con maiores perspectivas de rendibilidade como o País Vasco ou Cataluña. O mundo rural galego experimenta un avellentamento como consecuencia do forte éxodo rural e cada vez hai en Galicia máis terra sen cultivar.

Galicia nos anos sesenta pon en marcha dous importantes núcleos industriais, que son os polos de desenvolvemento da Coruña-Ferrol e Vigo-Porriño; trátase de dúas zonas naturais de desenvolvemento industrial que agora se ven favorecidas e potenciadas; incluso se engade un terceiro polo, o de Vilagarcía. Máis adiante, nos anos 70, hai outros instrumentos industriais como a Gran Área de Expansión Industrial de Galicia ou Sodiga; pero precisamente nestes anos 70, desencadéase a crise económica que afecta seriamente a un incipiente desenvolvemento do sector naval; a reconversión industrial foi un duro golpe para o emprego industrial galego.

A transición política vai supoñer para Galicia a posibilidade de contar, no ano 81, co Estatuto de Autonomía, estatuto que algunhas forzas galegas consideran insuficiente e mantense á marxe do proceso de cambio; as ZUR, zonas de urxente reindustrialización con moita burocracia, moito papeleo,

non poñen enriba da mesa do empresario suficientes e atractivos estímulos, suficientes recursos para crear empresas e empregos; moita urxencia para nada.

A Xunta, o novo ente autonómico, asume múltiples competencias e sería desexable que fora unha autonomía autonómica, é dicir que o poder galego non radique e se centralice exclusivamente en Santiago de Compostela senón que estea repartido equilibradamente por Galicia enteira. Manuel Fraga consegue a maioría absoluta en repetidas ocasións, trala negativa experiencia dun goberno tripartito de socialistas, nacionalistas e antigos colaboradores de Fernández Albor.


Tiña Galicia noutro tempo tradición empresarial en construción naval, pesca, téxtil; achegábase á economía nacional barcos de pesca, moda galega de deseño, máquinas de coser, louza e peixe. Pero comezou a perde-lo pulso hai algúns anos e agora está en perigo de morte; foron pechando fábricas e máis fábricas tirando unhas doutras á fosa común. Podemos facer a historia negra: nacemento, vida e morte da empresa galega; quedan moitos cristais rotos e buratos nas fachadas das fábricas como tras un furacán e xubilados e pensionistas por todas partes.

Galicia ha de seguir loitando para que se lle garantan uns servizos mínimos, unha infraestrutura social adecuada, mellores comunicacións e se corrixa desequilibrios territoriais de renda. As rexións máis ricas queren facer contas á parte; pero Galicia ha de loitar pola solidariedade, por unha caixa única do Estado, porque ten que recibir non en función do que recada senón do que necesita e son moitas as necesidades que ten e cada vez maiores.

Fai falta polo tanto unha política rexional tendente a reindustrializala nosa rexión, Galicia, que ten moito que ofrecer en recursos eléctricos, que deben ser utilizados aquí con prezos razoables. Cada vez son máis as persoas que elixen este país como destino das súas vacacións, turismo que debe aproveitar as zonas costeiras sen esquecer a Galicia interior, apta para un turismo rural de calidade.

CAPÍTULO I

GALICIA LATINA



A Galicia prehistórica ten unha civilización pasada, cos seus megalitos e petroglifos que é sorprendente polo seu alto contido espiritual e polo culto ós mortos como legados dos deuses, xa que, vivindo eles, os vivos en chouzas, levántanlles verdadeiros templos ós defuntos.

Desfile de culturas

Galicia é famosa pola abundancia de metais; de xeito que atrac a atención de pobos de todo o mundo. E aquí se presentan uns detrás doutros. Na fin do mundo entónces coñecido, na fin da terra. Máis alá, só o océano, a penumbra, o mar tenebroso, sombrío; Galicia, a fin da terra. Segundo algunhas fontes históricas, chegaban a miúdo os fenicios a aprovisionarse de estaño, de ouro e deixan a súa pisada no porto de Bares; traen vasillas que cambian por prata. Dise que incineraban os cadáveres. Orixinarios da terra do Líbano actual, unha estreita franxa de terra, o seu único camiño de expansionarse era polo mar.

Para extrae-los metais utilizan guerreiros que foran vencidos na conquista de Galicia. Atrapados como recompensa nas batallas, facíanos traballar nas minas, de sol a sol. Concretamente nas minas de estaño, metal que lles interesaba porque faltaba en Europa, e había que conseguilo onde estivera, aínda que fóra lonxe.

En Galicia había enormes xacementos de casiterita, mineral que contiña moito estaño. A zona marítima e costeira crece pronto e por enriba da zona interior mercé a estes encontros. Os contactos comezan a realizarse de xeito espontáneo na costa. Os vendedores expoñen a pé de praia as súas mercadorías, os seus colares, as súas teas e prendas, os seus vidros, perfumes, unguentos, vasillas, bisutería en definitiva e os nosos antepasados galegos entregan metais. Como hoxe en día os senegaleses, os “barato, barato”.

Dos tartesios que proceden da antiga cidade de Tartesos hai moita invención, moito mito e pouca autenticidade, pouca verdade.

Veñen a Galicia polo mesmo que todos, en busca de prata seguindo a ruta da Prata, a través da España Occidental: Extremadura, Salamanca e Zamora. É unha etapa de frecuentes intercambios comerciais.

Era o ano 700 antes de Cristo cando chegan os primeiros celtas, os pobos fundadores de Galicia, pobo centroeuropeo, ario, procedente do que hoxe é o norte de Austria. Un pobo afeccionado á maxia, ó ocultismo. Xente alegre e triste ó mesmo tempo. Póñense en marcha porque a súa terra orixinal non os pode alimentar a todos. Unha parte vai cara ó norte, chegando ás Illas Británicas, outros atravesando o val do Ródano véñense cara a España; con eles introdúcense en Galicia culturas europeas. Así empeza a escribirse a historia galega, o primeiro capítulo; instálanse no Noroeste de España e constrúen os castros, cidades fortaleza, con varias murallas, dúas ou máis, pola súa preocupación de protexerse do inimigo. Os castros localízanse na parte alta da montaña, en zonas sen vexetación, sen árbores, xa que non había ferramentas capaces de corta-lo arboredo. Ademais, na montaña tiñan beneficios que non había na planicie: nada de inundacións, mellor orientadas e, en caso dunha guerra, podían protexerse con máis vantaxe. Non hai moitas diferencias entre unhas casas e outras, non hai mansións, non hai templos sagrados, nin santuarios, nin edificios públicos. Unha sociedade bastante nivelada, por certo. As construcións, redondas, protexidas con ramaxe e fronte á vivenda, un recipiente para que comera e bebera o gando; dentro, asentos de granito e, en medio, a cociña, con solo de arxila, un chan que andando o tempo ía tendo máis grosor; no interior non había ningún proxecto arquitectónico e as edificacións asentábanse de forma espontánea; gran parte das casas eran tan só chozas redondas, feitas de paos, follaxe e en forma cónica, aínda que había algunhas de pedra. Varias consérvanse todavía co nome de pallozas e perfectamente reconstruídas como as da serra dos Ancares. Coñecían a técnica do ferro e eran invencibles e dominadores. Os celtas, uns pobos tranquilos e animados e que ó mesmo tempo senten morriña, cunha cultura agrícola e pastoril notable e cun gran poder da muller, unha muller con pluriemprego que atende a familia, a casa, dá a luz ós fillos e asemade realiza faenas agrícolas e incluso toma a espada se fora preciso.

Algo se mantén na actual muller galega rural que ten suficientes forzas para leva-la familia, as vacas, as terras porque o home vai pescar ou emigra. Un día destes tropezaremos no súper coa verdadeira muller celta galega, que



CASTROS NA GUARDA

Os castros celtas están sempre situados en sitios altos e as construcións son de planta redonda, circulares e cubertas por teito de palla, con portas de acceso ó poboado, rúas enlousadas e rodeados de muralla, ás veces por triplicado. Algúns destes castros están situados no Monte de Santa Tegra, que aparece na fotografía mirando ó Estuario do Miño, e ó Atlántico. Castro significa en latín “fortaleza”. Son fortificacións antigas, restos de urbanismo defensivo. En Santa Tegra hai vestixios dun millar de vivendas, e atopáronse tamén restos celtas como colares, algúns de ouro ou de prata, armas, ídolos, moedas romanas, e incluso cartografía, mapas sobre as rocas. Este asentamento foi ocupado dende o século VIII antes de Cristo ata o século III despois de Cristo.

sobrevive. Alá pode ser vista empurrando o seu carro da compra cargado, repleto.

Nesta época xa se cultivaba o liño, abundante en Galicia que pasa a converterse en abastecedor desta fibra en todo o Mediterráneo, unha fibra moi demandada para cordas; tamén se sementa centeo e outros cereais. Os celtas adoeían do distanciamento, a falta de comunicacións, algo que paralizou despois a Galicia. O seu influxo foi grande, tanto cultural como étnico e dura ata os nosos días. En Galicia hai aínda hoxe moitos trazos celtas.

Buscando tesouros

Os gregos deixan tamén a súa pisada en Samos, na ruta do estaño. Nada menos que os pais do humanismo, da democracia, do pensar por pensar. O pensamento e o deporte unidos. Pero ó que iamos, á chegada dos romanos a Galicia. Pois ben, hai máis de dous mil anos, un día toda a quietude dos galegos se ve quebrada, rota por xente nova que está chegando doutros sitios da península, da Hispania; son os romanos que ata o momento estaban no Leste e en Andalucía; saen para Galicia co desexo de ensanchar as fronteiras de Roma. Un terremoto de forza nove. Como un humilde poboado, unha aldea do Lacio, sen recursos se converte no amo do mundo non se comprende ben por máis que se estudie.

Os galegos que habitan nunha preciosa terra de verdes montañas e cunha ampla masa forestal, que viven tranquilamente, agás algunhas rifas polas propiedades, por algún animal doméstico, estaban alleos ó que se lles viña enriba. Viven de maneira pastoril, pescando e cazando rudimentariamente. Prepáranse cun exército capaz de dete-las tropas romanas.

Pero os romanos saen vencedores, podíamos dicir afortunadamente; se non fora así, non teríamos unha preciosa lingua derivada do latín nin pontes romanas; unha terra que eles denominan nesta época Gallaecia. Os romanos son os que levan a batuta nestes anos e sabedores, como todo o mundo antigo, dos nosos recursos mineiros, buscando metais, preséntanse aquí e intentan someter ós galegos para asegurarse o valioso ouro, abundante no río Sil; á parte había prata e estaño; Italia era moi pobre en recursos mineiros.

Cos romanos, os castros, aínda que continuaron habitados, perderon o seu carácter defensivo; uns romanos que viñan á fin da terra, á fin do mundo, ó límite, máis alá só a auga.


No ano 155 antes de Cristo comeza a guerra hispano-lusitana na que Viriato se imporá como xefe, como caudillo indiscutible ata o seu asasinato no ano 139 a C.

Viriato simboliza a oposición ós romanos. Un pastor lusitano coa vantaxe de ter rastrexado o terreo lanza unha gran ofensiva contra os invasores, ponos contra as cordas, en verdadeiros apuros e dificultades. Pero os romanos pagan ós amigos de Viriato, menudos amigos, que foran como mensaxeiros a dialogar, a falar. Os romanos amósanlle-los metais preciosos que lles teñen preparados se dan morte ó seu xefe, a Viriato. Aquela mesma noite mátanos; van de novo ó campamento romano coa súa cabeza a cobra-la recompensa. *“Roma non paga a traidores”* é o que oen como resposta do comandante latino. Unha frase que desde aquela pasou á historia.


Agora podemos ver a Bruto, cónsul romano, subindo cara ó norte, ben decidido a vencer ós galegos. Era a única zona de España que escapaba ó control dos romanos. A outra parte de España había tempo que estaba sometida ó seu dominio. Non vén só. Bruto trae o seu exército e persoal de apoio; no ano 137 antes de Cristo dirixiuse un ataque contra os portugueses ós que agrediu non só na costa senón tamén no interior e chegou á beira do río Douro.

Ó norte estaban os rebeldes galegos; seguiu a súa incursión cara arriba, cara ó río Tamega en Verín, máis tarde achegouse ata o Limia, pero detívose. Non había ponte. Lembra a lenda do esquecemento. O que atravesara ese río perdería o recordo. O seu exército receloso non quere atravesalo. Bruto tírase. E sorprendeu a todos. Ó outro lado vai nomeando os soldados un por un. Así probou que non perdera a memoria; todo era conto dos galegos para asustalos. Consegue avanzar cara ó norte, reanudando a súa marcha ata o Miño, onde ha de superar grandes dificultades, bordeando o curso deste río ata a súa desembocadura na Guarda. As terras gañadas por Bruto pasan a depender dos romanos.

Xa desde datas relativamente temperás, 200 antes de Cristo, a Hispania divídese en dúas grandes provincias; a Citerior, que logo se chamará Tarraconense, e a Ulterior, máis tarde Bética; así se produce unha chegada de influxos económicos e Galicia pasa a depender da provincia Ulterior con base en Andalucía. Precisamente desde esa época, explótanse os filóns auríferos da Gallaecia; expórtanse por vía fluvial e marítima a Andalucía e é un capítulo importante da economía nesa época. Desde a dinastía dos Severos, abandónanse moitos dos xacementos, pero a explotación de ouro



Na foto, o río Limia, o río do *olvido*, o que o atravesaba perdía a memoria.



Por este río, O Tâmega en Verín, pasaron os romanos hai 2000 anos.

continúa sen embargo algún tempo máis e dura ata o século IV despois de Cristo.

Vén Xulio César

Cando é nomeado gobernador en España Julio César e ten novas das correrías dos portugueses de acordo cos galegos, sae para Galicia e navegando coas súas embarcacións chega ata Coruña, concretamente desembarca no porto de Brigantium na ría da Coruña no ano 60 antes de Cristo; buscaba prata e ouro, e o noroeste de España era coñecido no mundo enteiro -o coñecido daquela, é dicir o Mar Mediterráneo-. Tras unha cruel e sanguenta batalla, forza ós habitantes a renderse derrotados; foi desde logo unha crucl acometida de castigo. Non lle durou nin un asalto.

Ó ver que certamente había ouro, veñen tamén técnicos para extraer, canto antes e canto máis mellor, o preziado metal. Así que marcha coa mochila cargada co botín da victoria; da presenza dos romanos na Coruña queda a torre de Hércules; o faro máis célebre de todos. Os faros tiñan por obxecto facilita-lo itinerario dos barcos, axudábanos a non perderse cos seus lamos.

Xorden campamentos que logo se van transformando en verdadeiras vilas, coma o caso de Lugo. Os galegos comezan xa a escribir en táboas de cera, a acostumarse a frecuenta-los baños onde se inician no uso do latín mesturado coa lingua nativa; Galicia empeza a asimila-la cultura romana; as vivendas xa non son redondas, senón cadradas, con tellado e non cubertas de palla; algúns campamentos romanos van crescendo e pasan a ser verdadeiras vilas. Ensinan ós galegos a conserva-lo peixe en sal.

Os galegos ata a chegada dos romanos queimaban os cadáveres pero este costume vai desaparecendo. A partir de agora van ser inhumados en fosas, na terra na que os seus achegados meten tamén obxectos que foran do falecido e poñen na fosa unha pedra alongada.

Ademais intensifícase a actividade comercial da época. A Galicia chegan barcos do sur de Europa con teas, sachas, bisutería, perfumes. Os galegos cámbianos por productos abundantes aquí: cereais, peixe e sobre todo metais preciosos. Utilízase o denario romano. Máis adiante levántanse en armas os galegos e vén Augusto reconstruí-lo territorio; os galegos eran valentes como bos celtas aínda que sufriron unha forte represión e moitos pereceron rapidamente. Os romanos chegaron ata o monte Aloia cerca xa de Vigo onde



PONTE ROMANA DE OURENSE

Tamén se chama Ponte Vella ou Ponte Maior. Na etapa latina construíronse en Ourense unhas valiosas instalacións para tomar as augas. Trátase dunha ponte de 7 arcos, cunha lonxitude de 370 metros e una altura de 38 metros. Construída na etapa de Augusto, pola convención de atravesar rapidamente e sen perigo a canle do río. Ourense na dominación romana era un centro de transportes de longo percorrido pola cercanía a Portugal. Os romanos a Ourense, a única provincia galega á que non chega o mar, e que alcanzou a categoría de capital na etapa sueva, chamábase Auricensis porque na marxe dereita do Miño había unha mina de ouro. Unha ponte que ata ben entrado o século XX era a única que cruzaba o río.

as tropas do César cavan un gran foso e os galegos non aguantaron o asedio; incluso algúns se mataron voluntariamente con veneno, con coitelos e incluso con lume. Os romanos acabaron a conquista de España sofocando ós indomables guerreiros galaicos dunha vez por todas; vencidos, derrotados, han de transportar todo o ouro que ía dar brillo a Roma; sométenos a un control militar total. Xa se contaba con vías de comunicación entre as cidades máis importantes da época e circulaban carretas arrastradas por cabalos e incluso para vadea-los ríos había balsas.

Precisamente nos tempos do emperador Augusto, hai dous mil anos, os romanos constrúen en Ourense sobre o río Miño unha gran ponte, un gran paso fluvial. A ponte romana é unha obra xigante e aínda hoxe é a construción máis querida, máis apreciada polos ourensáns porque representa a orixe da cidade.

Era costume na época dos romáanos que os ricos tiveran tamén unha vila no campo, unha casa para pasa-los veráns, as fins de semana, igual que hoxe se ten un chalét na praia ou no monte. Pero esta segunda residencia pasa a converterse na primeira; así a arquitectura rural vai para arriba, con mansións suntuosas, amplas, con comodidades da cidade e vantaxes do campo, con auga e incluso calefacción, unhas casas que non teñen nada que lles envexar ás dos grandes ricos de hoxe en luxo e confort.

Unha gran Galicia

Curiosamente Galicia consegue o seu maior grao de romanización nunha etapa na que o Imperio romano inicia a súa descomposición, vai costa abaixo; hai zonas moi romanizadas como os vales fluviais do Sil, Betanzos, A Coruña e tamén deixan a súa pisada profunda en Lugo, Braga e Astorga, que son os principais focos de romanización e a partir dos que se forman tres divisións da Galicia antiga: A Galicia propiamente dita, a Bracarense, núcleo do futuro Portugal e o Bierzo; deixan unha base cultural definidora da nosa terra, que queda para sempre romanizada, cunha preciosa lingua de orixe latina, o galego. Os camiños romanos avanza a medida que fan conquistas, camiños que lles serven para o traslado dos soldados e facilitan os labores de avituallamento; os romanos terminan precisamente comunicando a Meseta con Astorga, Lugo e Braga.


En definitiva a Galicia latina supón a primeira unidade administrativa do noroeste, con límites maiores cá Galicia actual ata que a orde romana se vai derrubando; trouxeron novas produccions agrícolas, enxeñería militar, a súa

forma de organiza-la convivencia e que é o Dereito Romano. E o arado romano -tecnoloxía punta na súa época-, que ata hai pouco se vía en gran parte das terras galegas, detrás das vacas. Deixaron a súa linguaxe. Eles foran os primeiros en construír pasos fluviaais, unhas pontes que aínda se usan nalgúns puntos de Galicia, unhas pontes nas que as pedras ían estreitándose as unhas contra as outras cara ó medio para que non caeran. Era o arco de medio punto. Construíron camiños para leva-lo ouro. De Lugo a Roma 9 días; nos camiños romanos había marcas onde se sinalaban as millas, quilómetro e medio. Tamén tiñan o nome do emperador que fixera a estrada.

Hai cerámica romana de varios tipos e tamaños, furnas funerarias, xerras, tinallas e pratos. Son rastros, vestixios polos que se reconstruíron estes séculos da historia de Galicia, unha Galicia que se romanizou pronto, en pouco máis dun século, e que recibe a denominación que ten Gallaecia, Galicia dos romanos.



Monte Aloia, onde os galegos pelexaron valentemente cos romanos.




TORRE DE HÉRCULES

A Coruña ten valiosos vestixios arqueolóxicos da etapa romana, unha etapa de grande esplendor económico, demográfico e cultural para Galicia, e un deles é esta torre de Hércules, que se ve na foto, construída en tempos de Trajano; é a súa máis importante manifestación. Ten planta cadrada.


A Hércules relacionárono con divindades agrarias e con antigos contos, os seus símbolos son a clave e a pel de león, xa que matou coas súas propias mans a un león, un león ó que non se podía ferir con arma ningunha.

Trátase dunha construción situada na entrada do Orzán para facer de faro, con lume ardendo. Foi restaurada no século XVIII e ten 58 m de altura.



CAPÍTULO II

O CRISTIANISMO



A romanización definitiva de Galicia é obra do cristianismo e, xa no século II, constitúense en Galicia os primeiros grupos de seguidores daquel Xesús de Galilea, revolucionario para os romanos; xa hai centros de reunión, de oración. Segundo a tradición, Santiago e algúns discípulos estenderon por Galicia e por España enteira a palabra divina; críase que os apóstolos foran enterrados precisamente no lugar onde predicaran; así que, se Santiago repousaba no noroeste, é que predicara aquí. A historia pouco nos di del; só sabemos que propagou o evanxeo no Occidente europeo e expandiu a súa doutrina no ocaso do mundo; predicaba en Padrón, preto polo tanto de Santiago de Compostela, ás xentes que querían oílo, que querían escoitalo; mándalle San Pedro para que constrúa igrexas e templos. De Santiago falaremos máis adiante.

Hai no cristianismo forzas que actúan como piqueta contra o imperio romano, un cristianismo que chega da man de soldados e comerciantes, e vai se-lo cemento da unidade.

Galicia cristianízase

Nesta época había unhas grandes urbes que eran Braga, Lugo e Astorga, ademais de León; eran cidades asentadas nas calzadas romanas da época, centros urbanos moi permeables ás novidades, ós cambios e nelas asentouse forte o cristianismo. A medida que avanza o século cuarto, o cristianismo gaña terreo cada día; conseguía adeptos, tanto na sociedade civil coma na milicia tamén, e incluso se implanta como relixión oficial. As novas crenzas son agora aceptadas rapidamente por xente importante. E sen embargo en Galicia hai aínda moitos sitios sen presbítero, sen igrexa.

Precisamente o cristianismo chega a Galicia da man dos romanos e fa pasar a se-la forza relixiosa máis forte, máis arraigada no pobo galego; un cristianismo que sintetiza a utopía relixiosa, en unión coa civilización

romana, dándolle un sentido inmortal, transcendental, unha forza, un poder relixioso e espiritual que antes non tiña.

Herexe galego que morre decapitado

O cristianismo tivo moita importancia para os galegos e non se pode comprender Galicia sen Santiago, sen igrexas, sen a misa do patrono, sen conventos, sen campanarios, sen camposantos ou proccións acompañando ó santo nas romarías e festas galégas do verán. Un cristianismo que deixou un patrimonio espiritual que non se pode ignorar nin perder. Isto é certo. Pero vexámo-la historia.


As ideas de Xesús entran no Noroeste máis de 200 anos despois da súa desaparición. Polo tanto con moito retraso e con grandes dificultades.

Precisamente de orixe galega foi Prisciliano, reformista da relixión cristiá, que lía á súa maneira a Biblia e da que a súa doutrina, o priscilianismo, tivo moitos seguidores en Galicia. Este bispo presenta un intento de reforma, de mellora espiritual.


Camiñaba polos lugares falando cos agricultores da mensaxe de Xesús; así os galegos coñecen esta nova filosofía relixiosa; recomendaba o reparto da riqueza e unha sociedade onde todos sexan iguais, sen discriminación por sexos; predica a sinxeleza; entendía e emprendía a maxia celta de profunda tradición en Galicia. Era a súa forma de exercer de cristián e a súa mensaxe ten gran éxito, gran acollida; cativa pronto ó pobo galego. Fíxose moi famoso, aireando por doquier que algúns cristiáns tiveran grandes fortunas e rexeiten ós humildes. Xulgado e condenado á pena capital por herexe a finais do século IV, foi decapitado.

Galicia deu outras figuras importantes ó pensamento relixioso da época, séculos IV e V como San Dámaso, que era tamén galego, poeta, pensador e papa.


Algún historiador apunta unha curiosa hipótese. ¿Está o corpo de Prisciliano na tumba que pensamos de Santiago? Sería a maior broma macabra da historia. Menudo cambiazo. Un gato por lebre. Seguir amando e adorando ó apóstata e herexe. Unha broma ó estilo do mellor humor galego.



IGREXA NA PRAIA. Demostra a penetración que tivo o cristianismo en Galicia.



Alto do Foxo, un despoboado monte ó sur de Galicia.



A igrexa da Peregrina de Pontevedra.



Igrexa de Campobeceros, pequena aldeia no rural ourensán.



CAPÍTULO III

A GALICIA SUEVA



No século V levántase o pano do teatro de operacións de Galicia, unha Galicia que abranguía a Galicia de hoxe e mailo Norte de Portugal, e León. Aquí preséntanse máis de 30.000 persoas, homes unha cuarta parte e con armas, mulleres e nenos, o resto. Falan unha especie de lingua xermánica; detestan as armas, aínda que as levan, e son afeccionados ás tarefas agrícolas. É o zume novo que chega ó Noroeste. Con eles prodúcese un gran vendaval, unha tormenta; estes estranxeiros son fortes, loiros, con longos cabelos, con roupa ancha e abundante; coñecemos moitas cousas dos suevos e outras ignorámolas por completo; nesa época estabamos gobernados polos portugueses porque a capital se localizaba en Braga, que era a cabeza política e espiritual.

En Galicia constrúen co paso dos anos incluso un reino, o reino suevo galego. Son os pobos xermanos que máis arraigaron; os seus descendentes teñen que andar aínda por aquí, por Galicia.

Roma está defunta

Na caída de Roma, os cristiáns vían a man de Deus por todas partes; pero era a man con espada de bárbaro. Moitos xermanos eran de armas tomar e a súa irrupción foi brutal, cruel, con pelexas ata entre os propios invasores adictos ás espadas nalgúns casos, con rifas continuamente.

Pese a estaren afeitos a face-la-guerra a todas horas, de xeito inexplicable, pasan a un estado equilibrado, pacífico e ademais cristianizado e conviven tranquila, harmoniosamente, en concordia en definitiva, de respectables costumes, alto sentido militar e relixioso en todas partes.

Sacrificios humanos

Pagáns e sen embargo rendían culto ós bosques, facían ademais sacrifi-

cios humanos, si, de persoas e contaban cunha casta relixiosa de dirixentes espirituais; viñan dos países nórdicos, de Dinamarca e do norte de Alemaña; avanzando polo occidente europeo a grandes zancadas, expulsan de moitos asentamentos ós celtas; así mesmo entran en contacto co poder romano en declive e inician desta maneira o seu periplo pola historia. Estes pobos son bárbaros porque nunca tiveran contacto coa civilización romana e o que pretenden é máis amplia-los seus dominios e territorios para poder situarse, que face-la guerra e prefiren sobre todo a costa marítima á montaña.

Dúas cidades importantes, Lugo e Braga

Era o ano 409 cando chegaran vándalos, suevos e alanos. Ós suevos tocáralles Galicia, o noroeste de España e incluso Lusitania. Nesta época Galicia queda dividida en dúas igrexas: Lugo e Braga. Nestas capitais celébranse dous concilios que xa establecen a organización de parroquias e son un precedente do concilio de Toledo; son, máis que nada, zonas de influencia máis que dominios de poder real e palpable. Roma segue reclamando a soberanía total e absoluta de toda España e considera ós bárbaros como súbditos seus.

Inicialmente establécense na zona que está entre o Douro e o Miño, na zona de influencia de Braga, cidade importante nesta época, non só no relixioso senón tamén no civil; son respectuosos coa situación política existente e dedícanse sobre todo ós labores agrícolas, forestais e aceptan de bo grao a forma de vida, os costumes existentes; eles son pagáns, pese a todo acatan tamén as crenzas relixiosas e morais con que se atopan trala invasión, aínda que acaban converténdose finalmente ó cristianismo.

Os outros compañeiros de batalla rouban, saquean canto pillan ó seu alcance, canto atopan no seu camiño; son os outros bárbaros que incluso agreden ata ós propios suevos.

Avanzando o século V, ano 430, os dende longo tempo tranquilos suevos cambian bruscamente; coma se necesitasen osíxeno, aire, pasan á acción bélica desenfreada e é que o número de bocas está aumentando cada día e xa non hai recursos suficientes, non hai comida para tantos e tantos estómagos que hai que encher tódolos días; eles non eran agricultores experimentados nin traían novas técnicas agrícolas para aumenta-los rendementos do solo. Aínda por riba a falta de chuvia trouxo malas colleitas; así que rouban, saquean onde poden.

Os visigodos avanzan a grandes zancadas cara a Galicia

Estamos no ano 456 e cerca de Benavente, século V, ó carón do río Órbigo, no camiño de Castela a Galicia, cando aparecen os visigodos que veñen para aquí; hai unha batalla na que matan a moitos suevos e seguen a súa marcha, o seu camiño cara ó noroeste, cara aquí. Se ben no ano 460 os suevos se recuperan claramente e se reagripan baixo unha soa man, a de Remismundo que incluso derrota a un exército romano; as fronteiras do reino suevo ampliáanse máis e máis chegando incluso ata Coimbra e Lisboa. E, desta forma, unha parte de Galicia queda unida a Portugal e foi posible agora a fusión entre galegos e suevos; Galicia convértese así no fogar, na casa dos suevos.

Nesta época era costume que o príncipe herdeiro da coroa de Asturias se educara en Galicia e no vello reino suevo galego ensaiara a súa futura actividade política, como representante da Coroa. A nivel nacional nesta época os visigodos desde a súa capital en Toledo controlan, de feito, case toda España.

Apartarse do mundanal ruído

Hai xa comunidades relixiosas de monxes en zonas despoboadas porque se queren apartar do mundanal ruído e pretenden a autarquía económica a nivel doméstico; os seus membros realizan traballos rurais ademais dos rezos, de oracións; a carón do mosteiro aparece unha pequena aldea e os monxes expanden as súas crenzas relixiosas; hai xa quietude e tranquilidade por todas partes. A zona de maior influencia sueva está entre o Douro e o Miño. O reino suevo galego alcanza o seu máximo esplendor e gloria no século VI pero, tocando xa a fin do século, o rei suevo galego claudica ante o rei visigodo e entra no seu redil como un cordeiriño e convértese en vasalo seu; desta forma en tempos de Leovigildo o reino suevo queda incorporado definitivamente ó visigodo.

Fin do reino suevo galego

Fora a primeira experiencia dunha Galicia independente do resto de España e unha integración de conquistadores e conquistados; agora Galicia vaise incorporando ó reino e no reino de Toledo, de forma tranquila, sosegada, pacífica, en definitiva; agora xa, o esquecemento, a marxinação para o fermoso país de abundantes chuvias, ríos e verdes montañas; así é xa unha

rexión marxinada, sen protagonismo histórico. Pero queda o galego que é froito da unión galaico-sueva e este é un trazo fundamental da nosa idiosincrasia. Desta maneira escribiuse a historia da Galicia sueva e así se apagou a súa luz.

O reino suevo fora o primeiro reino unido de España; aínda que o chamado **Reino de Galicia** tivo escasa entidade, supuxo desde logo un difícil equilibrio de poderes de nobres, de relixiosos, de feudais, cunha agricultura pobre; os suevos de todas formas implantan un reino independente en Galicia que dura case 200 anos; nesta época a lingua é o latín e a relixión, o cristianismo que se impón a tódolos galegos, un latín que vai dando paso ó romance galego e a relixión cristiá vai entrando no corazón do pobo e vai intercalándose e confundíndose con antigos costumes; é a mestura de antecedentes celtas, latinos, cristiáns e xermánicos.

CAPÍTULO IV

GALICIA NA ESPAÑA ÁRABE



A dominación musulmana non deixa practicamente pisadas en Galicia, unha Galicia que durante a Reconquista mantén a súa personalidade de reino cristián e independente ata que pasa a quedar integrada en Castela, en tempos de Alfonso VI; os musulmáns practicamente non aparecen polo Noroeste e tan só fixaron algúns puntos defensivos, estratéxicos, que abandonaron pronto baixo os ataques galegos e asturianos. Ademais, segundo parece, non lles gustaba o noso clima húmido.

Nunha man o Corán e noutra a espada

Trala derrota do río Guadalete, o reino visigodo desplómase como un castelo de naipes; era o ano 713 e os musulmáns seguen o seu camiño cara ó Norte; Galicia quedaba desde logo moi afastada. A presenza mahomctana é aquí, polo tanto, moi limitada en comparación con outras rexións españolas; as terras máis prósperas, máis florecentes do Sur de Galicia son as que máis sofren, ocasionándose graves danos no campo e nas cidades, escapando incluso nalgúns casos a poboación. En Coimbra, por poñer un exemplo, instálanse os musulmáns de forma masiva; a Galicia do Oeste aparece pouco influenciada pola cultura musulmana; de todas formas no ano 997 Santiago de Compostela queda case destruída polo asedio de Almanzor; ata aquí chegou nas súas incursións e lévanse as campás da Catedral de Santiago ó lombo de cristiáns.

Os musulmáns que chegan por estas terras son os bereberes, pobos nómadas que tiveron que se concentrar en León e Galicia oriental, zonas nas que exerceron as súas acostumadas actividades agrícolas; coincidindo ademais cunha escaseza demográfica destes territorios, conseguen repoboar espacios amplos, polo que chegou un momento no que xa era unha ameaza a expansión do mundo musulmán e incluso os monarcas asturianos e leoneses dirixen persoalmente o traslado de colonizadores galegos para que se

instalen tamén nas demarcacións que era necesario habitar. Fúndanse mosteiros e entréganselle extensas propiedades e latifundios á nobreza.

A Reconquista comeza en Galicia

Tras desplomarse o reino visigodo, esfumáranse as clases dirixentes tanto políticas coma militares ou relixiosas; casos concretos temos en Galicia como o mosteiro de Samos, que é abandonado polos monxes, pero as murallas de Lugo seguen intactas, afortunadamente podíamos dicir, pese á invasión musulmana; a Galicia costeira, marítima e occidental non recibe a penas influencias islámicas e segue o seu proceso de crecemento, de progreso despois da dominación latina e sueva; a vida de cada día non se para e máis e máis terras son postas en cultivo. Estamos agora no século oito e en Galicia non hai case musulmáns; é un lugar ideal para esconderse e apartarse da presenza dos mouros; tiñan medo monxes e relixiosos en xeral; os galego-suevos, entre os que hai algúns rebeldes, desobedientes e queren plantarlles cara ós musulmáns.

Empeza a Reconquista, unha telenovela por capítulos desas que non rematan nunca. Van saltando ó escenario novos personaxes. Entramos xa no século IX e Galicia depende dos reis asturianos que están dispostos a ofrece-la súa axuda, se ben teñen delegado o poder nos condes que incluso administran xustiza e regulan as leis dos propietarios. Descóbrese ademais o corpo do apóstolo Santiago e Compostela vaise converter na Antimeca pois Galicia intégrase no reino asturiano e incorpórase a unha Coroa da que o único obxectivo é derrotar ós musulmáns. Cando morre Alfonso II sen descendencia, os poderes relixiosos e dos mosteiros aumentan considerablemente como é o caso do de Samos; Lugo substitúe a Braga como capital do Noroeste español e o centro de gravidade relixiosa é Santiago.

Ourense crece

O dereito e os impostos están agora encomendados ós condes nunha nova estrutura territorial e administrativa; foméntase a posta en explotación de terras baldías. Sendo rei Ordoño II, asistimos a un reforzamento das vilas e cidades, como é o caso de Ourense, Astorga, Xinzo de Lima e outras; é un proceso de recuperación centralista ou sexa potenciase primeiro unha cidade importante na comarca e nela se sitúa o conde e reparte cargos; desde esta urbe, recupéranse entidades relixiosas e vanse ocupando terras e máis terras baixo a mirada atenta e inspectora dos representantes rexios. Incluso se

incorporan a este proceso algúns musulmáns xa finalizando o século IX; tamén se repoboa a canle baixo o Miño e o Douro; nestas rexións levan a voz cantante os nobres da terra.

Cada nobre galego recibe o permiso do rei para reconstruír unha urbe e por suposto ocupa-lo terreo colindante, das aforas; repártese a terra entre agricultores pero aplicando sempre o QUEN BEN REPARTE DEIXA PARA SI A MELLOR PARTE e os nobres teñen a cambio que protexer ós agricultores, que agora teñen unha notable independencia respecto ós reis asturianos e leoneses; a igrexa é recompensada con grandes posesións e patrimonios e a cambio pasa a se-la servidora do rei, da monarquía.

En tempos de Alfonso III, Galicia queda dividida en condados; o rei sabía o risco para a Coroa deste aumento de poder dos condes que eran un perigo para a súa continuidade; así que o poder queda reducido a poucos.

Cómo chegar a conde

Pero vexamos cómo se adquiría a categoría de conde, tan buscada, tan cotizada; a condición de conde alcanzábase pola fortuna, as influencias e non pola linaxe. Ámbalas dúas se complementaban, ter terras é ter poder sobre o pobo chan e pobre.

A finais do século IX hai fortes conflitos sociais porque os condes incrementaron de tal xeito o seu poder que queren acabar co monarca e consideran rotas as súas relacións con el; incluso tentan matalo e ponse en tea de xuízo a figura do rei que queda denostada. De todas formas hai unha victoria do monarca, polo menos de momento; son poucas as familias que teñen cargos políticos pero as que os teñen pásanlles ós seus fillos, pese a que os cargos públicos non son en teoría hereditarios; administran, controlan as terras e mandan os exércitos. É a clase dirixente e a máis poderosa.

Santiago, cabeza espiritual de Europa

Nesta etapa xa aparece unha Galicia con entidade propia, tanto cultural coma política e xeográfica, uniforme e unha rexión impulsora, centro de gravidade do cristianismo, nucleada ó redor de Santiago de Compostela. A dominación musulmana dura pouco en Galicia, ó igual que en todo o noroeste español; é certo que penetraron no sur de Galicia, pero a Galicia do norte queda moi pouco afectada pola dominación musulmana e pronto se


converteu na retagarda da Reconquista, que precisamente empeza no occidente da península. Nesta época Braga pasa a depender de Lugo e pódese dicir que na etapa musulmana se consegue a unidade cultural da Galicia do norte coa do sur.

A Idade Media está presidida pola idea relixiosa, pola espiritualidade e o mundo cristián medieval está sometido á continua antítese, contrariedade dun Islam fronte ó cristianismo; é a traxedia da historia española nesa época, neses anos; España é campo de batalla desas dúas relixións. O achado de Santiago en Galicia ten unha importancia decisiva e Santiago é para os crentes un lugar sagrado, o mesmo que a Meca para os musulmáns; é a contra Meca, a anti Meca, o lume espiritual, o airc, o osíxeno, a fe cristiá contra Mahoma, o refuxio relixioso e o cordón umbilical de España con Europa.

Gracias a que, aínda que tardamos, conseguimos botar ós musulmáns de España, se non, andarían aínda por aquí, hoxe en día empezando o terceiro milenio.

CAPÍTULO V

SANTIAGO




Galicia desempeña na historia medieval un papel decisivo e ten un protagonismo extraordinario, fundamentalmente desde o descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago en tempos de Alfonso II, no século IX, ano 812, descubrimento que se propagou a continuación por todo o mundo coñecido. Chegaron numerosos peregrinos, que camiñaban ata pola noite seguindo a Vía Láctea, camiño branco trazado no firmamento.

Este feito dá lugar a peregrinacións de todo o mundo coñecido que veñen visita-la tumba xacobeá, traendo nas mochilas estes viaxeiros noticias, acontecementos e coñecementos do mundo europeo da época. O camiño de Santiago foi a senda a través da cal xorden núcleos urbanos, cidades. Era necesaria pousada, comida para o inxente número de peregrinos que circulaban por el e que viñan de Europa. Aparecen fondas, hospitais, albergues. Tamén mosteiros. Un Santiago que é a base relixiosa da Reconquista.

O furacán arrebatou o cadáver do barco

A imaxe de Santiago foi obxecto dunha veneración extraordinaria e moi atractiva para todos, da que a vinda non está, nin moito menos, clara, como imos ver máis adiante; hai que tomala como unha fermosa tradición, só iso. Segundo parece, o encontro do cadáver de Santiago prodúcese no século IX; isto estimulará a moral dos guerreiros cristiáns que empezan a loitar contra os mouros.

A Santiago parece que lle correspondera predicar-lo evanxeo en Occidente, concretamente en Hispania e pensábase que os discípulos eran enterrados alí onde predicaran a doutrina de xesús; xa neste século VII se sabía que Santiago predicara en España. Tamén se pode pensar que Santiago morrera en Xerusalén no ano 44 e que sería, quizais, enterrado alí e non é fácil supoñer que o corpo fora trasladado tan lonxe, a España, e cos precarios medios de transporte da época, barcos de vela e nada máis; ademais, hai



ANTIGO HOSPITAL DOS REIS CATÓLICOS DE SANTIAGO

Ó inicio do século XVI Fernando e Isabel viñeron a Santiago e constataron a penuria de instalacións para dar refuxio ós romeiros e pobres doutros países que viñan a ve-lo Apóstolo. Botábase en falla un sanatorio para acollida de enfermos. Era frecuente ver peregrinos que morrían tirados no chan da igrexa de Santiago; tamén debería acoller os meninos abandonados. Un sanatorio que só dependera de Fernando e Isabel, dos Reis Católicos.

A vida do sanatorio iniciábase ó amencer, cedo. Ábrese o portal para que vaían entrando os enfermos. A campá chama ó cura que vai dici-la función relixiosa. Logo da misa, os enfermos esperan a chegada dos doutores. Ás doce facilitanselle utensilios de cociña, pratos así como xerras de auga, cubertos, pero han de come-lo que traian seu porque o hospital non ten ingresos para dárlle-lo xantar.

Hoxe converteuse no HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS, un luxoso hotel.

outro punto de confusión e é que había dous Santiagos: Santiago o Maior e Santiago Zebedeo.

Antes de descubrirse o corpo de Santiago xa había tradicións; os discípulos do apóstolo contan en Xerusalén que acababan de regresar de Hispania a onde Santiago viñera predicar e, de volta a Terra Santa, foi decapitado e; narran que recolleran a Santiago sen cabeza e, que o levaban nun barco que ía guiado por Deus e que de súpeto o seu corpo fora roubado en medio dun fenómeno luminoso e arrastrado polos aires.


En plena noite o bosque resplandece

En tempos de Alfonso II de Asturias un monxe chamado Pelayo observou unha iluminación, un resplandor en medio do bosque; alí brillaban luces tódalas noites; acudiron daquela os veciños do lugar e aldeas próximas; dásele aviso ó bispo de Santiago que acode persoalmente para ve-lo prodixio; adéntranse en plena noite por medio das árbores, da follaxe, e atopa o corpo do apóstolo. Enterran as súas cinzas en Santiago, cidade que pasa a ser durante os vindeiros séculos o sitio de peregrinación máis famoso ó estar Xerusalén en mans dos mouros. A providencia colabora no descubrimento do corpo de Santiago, o mesmo que ocorre coa súa axuda en Covadonga; o apóstolo axuda no campo de batalla. Na batalla de Clavijo contra os árabes, aparece machete en alto no seu cabalo branco. Logo foi posible a devoción, o culto ó predicador; Compostela pasa a ser un centro de expansión do cristianismo.

Unha lenda, a de Santiago, que non aguanta unha proba científica minimamente severa, rigorosa ¿Cómo é posible que ninguén falara de Santiago ata o século VIII? Parece polo tanto unha bonita historia, pero nada máis. Os resplandores serían tan só fogos fatuos. Pero a gran verdade é que todavía hoxe se poden ver peregrinos de carne e óso. A imaxinación, a lenda vai por diante da historia. Isto é o que importa.

Dá sorte toca-los restos do apóstolo

O culto, a devoción a Santiago adquire proporcións xigantescas; cada vez máis importantes, máis numerosas as peregrinacións; Santiago pasa a porse á altura de Xerusalén, de Roma. Había a crenza, ademais, de que a capacidade milagreira do santo se reforzaba en contacto físico cos seus restos; comezan a vir peregrinos de tódalas clases sociais; o paso continuo de peregrinos



HOSPITAL DE ÓRBIGO

Na foto pódese ver a ponte do Hospital de Órbigo, provincia de León, testemuña do ir e vir de peregrinos e máis peregrinos co seu zurrón, o bastón e a cabaza para o paso obrigado para vir a Compostela dende Castela.

Santiago evangelizara Hispania, segundo se contaba, e o seu sepulcro venerábase dende o século IX. Logo pasou a ser eixe das peregrinacións máis significadas de Europa. O camiño de Santiago foi a porta de entrada a correntes de diversas ideoloxías. Para custodiar e conducir os romeiros estaba a Orde de Santiago. A ruta xacobeá é a vía de chegada á tumba do apóstolo onde se lle rezaba. Os reis casteláns melloraron os camiños e ordenaron a edificación de pensións, pontes e sanatorios.

Así o Camiño de Santiago pasa a ter interese europeo e era preciso unha xente dedicada a dar servizos ós romeiros, e vanse situando uns habitantes compostos por mesoneiros, artesáns, banqueiros, mercaderes e que tiñan grandes diferencias cos galegos da rexión porque moitos viñan de fóra de Galicia, sobre todo de Francia e non eran nin galegos nin campesinos.

termina desenvolvendo un camiño, que é o camiño de Santiago. O camiño de Santiago será o eixe primordial de encontros, de comunicacións; entréganse fucros que facilitan o asentamento de artesáns incluso algúns de orixe europea, franceses sobre todo; son as urbes xacobeas, pequenos poboados no camiño de peregrinaxe e a vía xacobeá dá lugar a un corredor de crecemento demográfico e económico moi forte no século XI.

A antiga ponte do Hospital de Órbigo, xa en terra leonesa, viu un contínuo ir e vir de peregrinos. Moitos viñan a Santiago para interceder ante o apóstolo como representantes dunha cidade castigada por algunha catástrofe; algúns, amparándose nas garantías que correspondían ó peregrino, conseguían atravesar terras inimigas facendo máis ben traballos de espionaxe ou roubando despiadadamente ós auténticos peregrinos. O camiño de Santiago perde importancia mercantil no século XIV, aínda que segue tendo superioridade cultural, se ben outras cidades van gañando entidade, como Barcelona ou Sevilla.

Na actualidade, e pasado o ano 2000, seguimos a ver peregrinos camiño a Santiago. A rota máis importante é desde logo a que transcorre polo **camiño francés**. Pero hai unha segunda rota, **a rota da prata**, a moita distancia da anterior en canto a importancia, con moitas deficiencias, sen catálogos cos camiños nin itinerarios, sen unha sinalización adecuada, con discusións sobre se a rota da prata pasaba por Xinzo ou por Xunqueira de Ambía; de aí a dificultade de facer catálogos. Pero é desde logo a rota da Prata a grande entrada natural a Galicia, a Santiago, vindo da península.

Hai dúas variantes:

Campobecerros

Laza

Vilar de Barrio

Xunqueira de Ambía

Esta variante está mellor conservada cá segunda, que transcorre por:

Verín


Xinzo

Allariz

Esta segunda variante deteriorouse moito como consecuencia das obras da autovía levadas a cabo recentemente.

A Xunta de Galicia deberá face-los esforzos necesarios para dotar á rota da Prata dunha mellor infraestrutura así como tamén aloxamentos, albergues e unha sinalización adecuada.

Na actualidade a Xunta está recuperando o chamado camiño portugués. Nunha primeira actuación acometerase a sinalización do trazado físico con marcos de pedra e logo actuacións concretas nos municipios de Tui, Porriño, Mos, Redondela, Pontevedra, Padrón e Teo. As obras consistirán en pontes, fontes, lavadoiros, iluminacións, limpeza de camiños, pavimentacións, con construción de albergues e áreas de descanso.



Campobeceros na ruta Xacobeá do sur de Galicia, na ruta da Prata.

CAPÍTULO VI

CIDADES MEDIEVAIS GALEGAS



Estamos agora no século XI e acelérase o proceso de urbanización a partir dalgunhas forzas motoras; no litoral galego van aparecendo pobos que teñen a súa orixe na explotación dos recursos mariños e nas rotas de navegación. Xorden por tanto cidades na costa, onde atracan navíos, como o caso da Guarda, Viveiro, etc. A chegada continua de peregrinos que necesitan aloxamento e comida fai aparecer vilas e máis vilas; temos algúns exemplos: Coruña vén orixinada pola necesidade dun punto de parada de barcos en rota así como a chegada habitual de mercadorías incluso de peregrinos polo Camiño de Santiago. Ribadeo, Betanzos e Noia nacen mirando ó mar e Baiona crece gracias ó seu importante porto no século XIII; da mesma época é A Guarda. Outras cidades xorden ó bordo de ríos importantes.

Chega, polo tanto, a civilización urbana. Na cidade medieval as casas amoréanse en torno á igrexa. As rúas son angostas, dobradas e hai unha gran praza. Nelas, nas prazas, faise o mercado e xúntanse os veciños; vese unha fonte para coller-la auga, pois aínda non hai traída ós domicilios, evidentemente. A cidade está bordeada por un groso muro, cunhas xigantes entradas de madeira de carballo. A muralla ten por obxecto sinala-las fronteiras da poboación así como protexela de posibles invasores. As portas péchanse ó anoitecer e despréganse ó amencer. Estas portas medievais dispoñen, coma se fosen vivendas, de pechaduras, de sorte que se un habitante vén a deshora, ha de quedar fóra. As vivendas están unhas a carón das outras para gañar sitio. A cidade medieval ten as rúas con comercios do mesmo ramo, por profesións de xastres, sombrereiros etc, e estas rúas toman o nome da actividade que se desenvolve en cada unha delas.

As casas son de granito e na parte de abaixo está a lareira; arriba os dormitorios. Na parte posterior da casa está a finca, terreo que está explotado ó cen por cen. Cultivan aquí navizas, leitugas, tomates. Teñen tamén gando e avícola. Todo un hiper completo e con comida fresca, variada, con comida do día. Nos arredores están as terras dos agricultores. Nesas hortas os

campesiños colleitan artigos que se venden na feira ós habitantes da cidade. Así dentro das murallas pódense comprar leitugas, cebolas e froita. Boa parte das cidades medievais construíronse sobre antigos poboados celtas.

Na cidade xorde unha clase media urbana formada por artesáns, profesionais, empregados públicos, fendeiros co que as cidades pasan a se-lo centro da vida económica galega. Nela viven tamén o xudeo e o mozárabe. Coa cidade chega o desenvolvemento do comercio, a pequena industria. Algunhas con iluminación nocturna e casas de baños.

Os agricultores tamén crían galiñas e terneiros para vender na feira da cidade, que se celebra un día ó mes, a feira dos animais ou incluso tódalas semanas para venda de artigos de consumo frecuente; tamén levaban lacóns; o leite transpórtano tódolos días ó amencer ós domicilios; levántanse polo tanto ó alba. Os artigos transpórtanos en cabalos e carros arrastrados por robustos bois que forman ás veces grandes fileiras. Isto dá vida, bulicio ós camiños con tanta trasfega de arrieiros. Nas cidades galegas prevalecen as construcións románicas, construcións fortes, co seu arco en semicírculo. Vense poucas edificacións de estilo gótico, un estilo máis estirado e en aresta, con arcos en punta.

Cidades que rezan

Hai cidades que teñen unha orixe relixiosa, eclesiástica. Xorden por posuír nelas a súa residencia os prelados. Tal é o caso de Lugo por ser cidade episcopal, residencia do bispo e esta mesma orixe teñen Ourense, Mondoñedo e Tui; a condición de cidade traía consigo privilexios económicos tales como feiras de longa duración. Outras vilas e cidades crecen e desenvólvense para dar hospedaxe ós peregrinos e tamén realizan funcións de tipo mercantil.

A poboación galega ten un forte incremento nos séculos XII e XIII; polo que hai máis bocas que alimentar e fan falta tamén máis metros de terreo; hai que intensificar, por tanto, os esforzos ó máximo. No século XII chegan a Galicia os frades de bata branca, os cisnes, os cistercienses, monxes que teñen moito éxito e boa acollida; canalizan o fervor, o entusiasmo popular cara á causa divina; ó seren ben recibidos teñen donativos e incluso o rei lles dá prebendas de todo tipo; en definitiva, que acumulan terras e máis terras porque cos cartos das doazóns compran propiedades; logo ademais obteñen boas colleitas e venden os seus produtos nas cidades, de forma que conseguen así novos recursos para a compra de máis terras.


Aparecen os foros, que son contratos agrarios nos que se pide renda en especie, segundo a colleita obtida, e desta forma a saída ó mercado da produción, a venda, está asegurada. Os maiores propietarios de terras eran os curas; así, os excedentes saían para os núcleos urbanos para seren comercializados sen grandes problemas de sobreproducción; os relixiosos propietarios de terras piden, cobran a súa renda por ceder en arrendamento as súas terras, pagos en produtos. Os foros terán unha longa, unha dilatada vida, e por isto gran incidencia na historia económica de Galicia, do noso pobo.

Vida cotiá dentro das murallas

Había actividades económicas que antes se desenvolvían no mundo rural, dispersas, agora concéntranse dentro das murallas da cidade; así quedaba illada polo muro de pedra; os habitantes deberían seguir normas, regulamentos sobre a súa actividade económica e social. Xorden ademais nas cidades os gremios, que son xerais, ou sexa en tódolos países, non só en España e Galicia senón en toda Europa e que xa teñen a súa orixe no século XI; as persoas máis destacadas da cidade formaban o CONCELLO, que rexía e gobernaba a vida urbana; reúnense os de cada gremio, artesáns, en determinadas zonas por exemplo os alfareiros, sombrereiros, xastres ou zapateiros están nas mesmas rúas; pretendían a exclusiva de cada oficio ou profesión e había acordos comerciais sobre prezos e non se permitía a competencia.

Na cidade medieval xorden necesidades colectivas, edificación, comida, roupa; concretamente as cidades, sede de institucións relixiosas, demandan construcións para alberga-los distintos organismos eclesiásticos e relixiosos; son tamén á vez centros de poder político e non só espiritual; hai construcións espléndidas como igrexas, catedrais, murallas, pazos, palacios; tamén se constrúe para os comerciantes e rehabilitanse casas antigas, á vez que se preparan establecementos comerciais; repáranse e acondiciónanse camiños, obras de sumidoiros e de infraestructuras da época medieval; nas cidades hai persoas destinadas a proporcionar os artigos que precisan os cidadáns para desenvolve-la súa vida cotiá, cidadáns que tamén elaboran produtos para o mundo rural e agrario; de xeito que hai unha dobre corrente comercial entre o campo e a cidade. No século XIII faltan en Galicia produtos esenciais para o desenvolvemento económico como son os tecidos e o sal; sen embargo xa hai excedentes de produtos pesqueiros.

Na cidade medieval hai multitude de talleres, á fronte de cada un está o mestre e con el varios aprendices. Hai ferrerías en abundancia porque hai



MURALLAS DE LUGO

O lugo de hoxe sobrepasa os límites do LUGO DE AUGUSTO, a antiga capital romana e despois capital relixiosa, porque creceu moito, se ben dentro das murallas é onde se atopan os mellores monumentos. É a única urbe romana que mantén íntegra toda a muralla, unha muralla que rodea unha boa parte da cidade e protexe todo o casco vello. Ten 10 portas, das cales a máis importante é a porta MIÑA ou tamén chamada do Carmen, que daba entrada ó Camiño francés do Camiño de Santiago.

Lugo era na época celta un lugar de adoración e nela os romanos fundaron LUCUS AUGUSTI, localidade situada no camiño entre Braga e Astorga. As murallas concretamente son do século III e conteñen no seu interior termas romanas. A muralla é o máis interesante e máis preciado de Lugo; con dous quilómetros construídos con pizarra, con 4 metros e medio de espesor e conta con numerosas torres redondas, unhas torres, medio centenar, gracias ás cales os mouros non conseguiron entrar adentro. Tamén intentaron atravesalas os normandos pero non puideron. Foi declarada Patrimonio da Humanidade.

que facer ferramentas, palas, sachos e demais instrumentos para labra-lo campo e para as ferraduras dos cabalos. Os profesionais están asociados en confrarías, ás que satisfacen cantidades periódicas; así cando caían enfermos ou avellentan van te-las necesidades cubertas. Cada confraría ten o seu patrón.

Á cidade chega a peste e a morte

Durante o século XIV, a poboación galega descende bruscamente porque de Europa chega unha epidemia, a peste negra, un mal infeccioso e contaxioso que vai sementando de mortos Europa e que vai precedida de fame debido ás malas colleitas. Un clima desastroso, baixas temperaturas, xeo; non se recollían cereais nin para facer pan nin verduras para un cocido. A fame invade toda Galicia. Miseria xeral. E a fame, a miseria, é caldo de cultivo fertilizado para que aparezan distintas enfermidades infecciosas como o tifo e a varíola, que son compañeiras da pobreza. As desgracias nunca veñen soas.

Os primeiros brotes da peste detéctanse en Baleares, e chega aquí, a Santiago, traída por un peregrino; xentes que caen contaxiadas e transmiten o mal a outras persoas, a outros habitantes da cidade; as zonas próximas ós camiños e vías de comunicación son as máis afectadas; pánico, terror e morte invaden os pobos durante 100 anos. A calamitosa peste matou, enviou ó outro mundo a unha boa parte dos galegos. Cando a peste vai cedendo, as cidades recuperan poboación con persoas do campo, do mundo rural; así abandónanse terras marxinais e pouco productivas.

Os nobres, aínda que vivían nos seus castelos protexidos, tamén sofren as consecuencias da fame, da penuria. Lánzanse como lobos famentos a cobrar contribucións e atracan ós veciños a través de bandas de ladróns que se hospedan no castelo. Os campesiños, os burgueses non aguantan máis e organizan exércitos populares para defenderse dos abusos dos señores. Son as revoltas irmandiñas. Comeza a batalla entre o pobo e os nobres, nobres que tamén estaban mal vistos polo rei que axuda a organizar ós irmandiños. Verémolo, contarémolo noutro capítulo.



Rúa dos *Cesteiros* no Casco Vello de Vigo.

CAPÍTULO VII

NOBREZA, CLERO E CAMPESIÑOS



En toda a Idade Media, Galicia estaba pouco habitada e destacaba máis polos seus recursos naturais que polo esforzo, polo traballo dos seus homes; lentamente vanse producindo aumentos na demografía que obrigan de todas formas a poñer máis terra en explotación; a maioría dos galegos da época vive en pequenos núcleos de poboación, parroquias, aldeas, pero pouco a pouco se van robustecendo e potenciando as cidades, segundo vimos no capítulo anterior, cidades nas que o agrupamento xa é denso, espeso.

Hai varias clases de nobres. Os duques son os gobernadores das provincias. Os condes son donos dun territorio, dunhas terras que deberían agrandar arrebatándollelas ós mouros, e logo temos os marqueses, que son os señores e vixilantes dunha marca, dun territorio fronteirizo. Os fillos dos nobres eran os cabaleiros, unha clase na que tamén se entraba por posuír, por manter un cabalo; eran, polo tanto, de extracción cidadá e chamábaselles os cabaleiros viláns, a nobreza baixa. Na aristocracia relixiosa, na nobreza da Igrexa, están os bispos e arcebispos.

Aínda que calquera obreiro de hoxe con emprego fixo vive mellor que vivían estes nobres e aristócratas de antes, da Idade Media.

A casta dos privilexiados

Ó igual que noutras rexións españolas, na Galicia do século XII e XIII vai aparecer a clase alta, a aristocracia; ó principio, no mundo rural, terratenentes que arrendan as súas terras, logo como funcionarios públicos, sobre todo para administra-la xustiza e van ter incluso capacidade militar. Son unha casta social ben delimitada no seu papel, nas súas funcións. Xorde o feudalismo que cada vez se fai máis forte, debido a que os reis son reis sen pulso nin impulso.

A nobreza era a clase social de máis elevada linaxe que vivía en grandes castelos e eran os donos de case tódalas terras que había nas aldeas; como

eles non as cultivaban, cedíanas ós campesiños por unha porcentaxe da produción ou por unha renda. Espada e non taller era o pelotazo daquela, unha escaleira para chegar ó nobre. Os campesiños traballaban día e noite, para poder paga-la renda establecida e conseguilo suficiente para a súa propia comida.

Pero a aristocracia vai camiñando cara á súa desaparición, á súa morte social. A nova nobreza serán os novos cabaleiros que aparecen paulatinamente na escena social; en Galicia van se-los Traba, os Castro, as estrelas que ensombrecen os outros estratos sociais, agás o clero, a clase relixiosa; practican casamentos de conveniencia e lévanse ben cos curas, cos monxes. Xa están aquí, polo tanto, os cabaleiros; acaban de chegar e é o século XIV; apoian ó bispo de Santiago e reciben del pingües beneficios, recompensas de todo tipo. Desde 1370 implántase a nobreza non galega en Galicia e pretenden asustar, ameazando ós cabaleiros e ó clero pouco receptivo. Atópanse cunha forte reacción popular e son relevados, substituídos polos correxidores.

Frades con sacos cheos, camiñan cara ó convento

Os frades viven de forma colectiva e esa é a súa característica principal; pretenden conseguila mellora espiritual, anímica e vanse ó mosteiro; ós conventos tamén ía xente a pernoctar, aves de paso a comer porque había hospedería e os pobres esperaban o reparto dos alimentos, a sopa boba e quente. En Galicia desenvolvéronse varias ordes. Benedictinos, e na mesma data chegan outros, os cluniacenses; era o século XI. Aínda que algúns relixiosos ían por libre e apartábanse á montaña a facer penitencia, a rezar; eran os ermitáns, que estaban descontentos coas ofertas existentes, eran os anacoretas. Logo chegan os cistercienses, monxes brancos que querían afastarse do mundanal ruído e en constante tarefa labran terras e de paso acumulan patrimonios.

Amontoan capital e máis capital nos séculos XII e XIII; se hai que afastarse do mundo, hai que leva-lo zurrón, a mochila ben chea, ben cargada de cousas materiais para non ter que depender del, para non ter que volver; o rei concédelle ó principio terras, ademais tiñan doazóns e máis doazóns de xentes de ben; lograron empregar sistemas de cultivo e organización eficaz co que conseguen grandes rendementos para a época, con técnicas de traballo moi sofisticadas, tal como ocorre no mosteiro de Sobrado; aquí, ademais, os irmáns extraían mineral de ferro das minas de Piedrafita. Chega un momento no que as terras non poden ser labradas persoalmente polos

monxes desde o convento, tamén necesitan tempo para rezar, que ese é desde logo o seu traballo máis importante, e buscan colaboradores, xente que as traballe. Ademais o sustento dos frades está asegurado polas contínuas esmolos.

Mosteiros que cobran multas a pecadores

Desta forma os patrimonios civís son sucedidos polos relixiosos, o que supón unha redistribución da terra. Un certo número de persoas galegas son debedoras deses conventos non só no espiritual senón tamén no material, no económico; os donos e señores son os frades que teñen potestades de dominio, de mando e de goberno; fixan os límites nos arredores do convento, da abadía e dentro dese espacio delimitado, os representantes do monarca non poden entrar a exercitalas súas funcións, as funcións encomendadas polo rei, tales como o cobro de impostos, administración de xustiza. No seu lugar, son os responsables dos conventos, abades e priores os encargados de exercitalas; así cobran multas, taxas, impostos ós campesinos, sobre todo a campesiños pecadores.

Vivir coa suor da súa fronte

Xunto á nobreza convive un mundo, unha xente con economía de pura supervivencia; todo o esforzo, todo o traballo, para comida, para a habitación, para a roupa. Finalizando a Idade Media a maioría da xente vivía da agricultura, cultivando campos, con angustia económica; pero xa había xente que practicaba unha profesión, un oficio. Tratábase dos burgueses e chámanse así por habitar nas cidades. Facían zapatos, roupa, cortan o pelo, son tendeiros. Tiñan como complemento unha finca nos arredores da cidade, finca que labraban ó saír do traballo. Así, algo que sacaban da súa profesión e algo máis, por vender 20 quilos de froita, unhas verduras, ían tirando. Cos nobres vivían os campesiños daquel entonces, non na súa casa desde logo, senón na casa deles, que era pequena e con pouco touciño na despensa; algúns eran pequenos propietarios.

Ó longo do século XIII o panorama vai evolucionando de forma clara, como vimos, e o capital relixioso e económico dos conventos vai para arriba e isto significa que a propiedade da terra deixa de ser dos campesiños e vaise amontoando nos conventos, pasa ás mans da clase relixiosa e cada vez hai menos propietarios de terras. Ademais xa non hai escravos e o núcleo

fundamental de convivencia é a familia, máis pequena, desde logo, que en tempos anteriores. Moitos son os que se van ás cidades e hai polo tanto un forte éxodo rural.

Pero na comida do agricultor non falta diariamente caldo de verdura con algo de touciño e con unto, caldo que comen en grandes tazas, cuncas, con pan de centeo que botan no caldo. No inverno, castañas, sobre todo cocidas, comida que regan con viño do Ribeiro, e, se o presuposto o permite, unha copa de augardente ó final, augardente que por certo xa toman algúns agricultores ó levantarse cedo para ter forzas para traballar, para cavar. As comidas, sempre aderezadas co mellor prebe do mundo, o apetito, a fame.

A poboación, e eso sempre ocorre na pobreza, increméntase de tal forma que son necesarias novas explotacións agrarias e isto fragmenta a terra cada vez máis. O centro de gravidade é a familia, por certo con moitos máis fillos que agora, familia que vive nunha parroquia, que é a agrupación de fieis co mesmo párroco, co mesmo pastor de ovellas, de fieis, de almas, e nela hai unha convivencia social moi estreita; ás veces con conflitos intensos, permanentes. Uns agricultores están sometidos ós cabaleiros, outros ós monxes e son polo tanto servos, vasalos, traballando terras que non lles pertencen. Estaban unidos á terra. Había tamén os puros xornaleiros que o único que tiñan era unha casa e unha parella de vacas, medios que utilizaban para gaña-la vida a xornal ou cobrando incluso en especie.

CAPÍTULO VIII

A FAMILIA GALEGA



Prodúcense transformacións dentro da familia tradicional galega, familia que como institución social sempre tivo xeral e unánime aceptación; esta aceptación baséase en que resolve necesidades materiais á vez que anímicas, espirituais. A familia rural galega, unidade de consumo e á vez unidade de produción. Na Idade Media, séguese repartindo e fragmentando a terra, todo polo sistema hereditario; hai que reparti-lo que hai entre tódolos fillos, se ben non de forma igualitaria.


Fillo maior, fillo con sorte

No século XIV, se hai un emblema que representa á familia, tamén hai unha contrapartida física e económica que é o patrimonio. Acátase o morgado, sistema hereditario que significa que o fillo maior herda o forte do patrimonio, a casa; así o patrimonio faise indivisible; o home ten preferencia sobre a muller e tamén é preferente a idade; o fillo maior avantaxa ó máis novo; eses son os criterios superiores; a descendencia ilexítima está castigada, penalizada, e só pode herdar se non houbera fillos lexítimos.


No século XIV o cabeza de familia dispón da herdanza, xa que hai autoritarismo total, unha supeditación absoluta da dona, dos fillos ó home; así as mulleres e os segundos fillos estaban destinados, abocados a ser pobres e, para paliar un pouco a triste situación que lles esperaba, o morgado faise só sobre o tercio de mellora, A MILLORA, ou sexa o patrimonio que vincula á casa, e o resto repártese entre tódolos fillos, incluído desde logo o afortunado fillo maior; este ha de facerse cargo da rexencia da casa, debe coidar, manter de maneira especial o recordo, a presenza dos antepasados, a xenealoxía común.

Machismo a ultranza

O matrimonio estaba controlado, supervisado pola Igrexa porque tiña a



Antiga familia rural gallega en plena tarefa agrícola.




Casa con escudo na entrada de Verín (Ourense).

categoría de sacramento e era desde logo totalmente indisoluble o vínculo matrimonial; á parte do trasfondo afectivo que indubidablemente pode ter e que non é o elemento básico, significaba tamén o afianzamento doutros lazos e alianzas entre familias. A muller medieval galega é mocda de cambio e o pai pode supervisar e rexeitar matrimonios en función de distintos intereses; como consecuencia, había múltiples relacións fóra do matrimonio oficial e a muller era castigada por adulterio e sufría represión; fronte a esto, o home podía incluso airear públicamente as súas conquistas amorosas de todo tipo. Unha sociedade de manga ancha para o home, moi tolerante. As mulleres na baixa Idade Media non tiñan aínda ningunha lexislación protectora, tanto por parte da Igrexa como por parte dos poderes puramente civís.

Unha sociedade medieval galega fundamentalmente masculina, machista, como se di hoxe, pois estaba encamiñada ás batallas, á guerra; o home estaba sempre fóra pelexando, igual que agora vai ó bar ou ó fútbol; a muller pola súa parte na casa, a protagonista do fogar, coidando os fillos.

CAPÍTULO IX

COMERCIO MEDIEVAL



Na Idade Media o barco avantaxaba a calquera outra forma de transporte, tanto por custe como pola alta capacidade de carga e incluso rapidez; neste medio de transporte, Galicia contaba con ampla experiencia polo aumento das pesquerías galegas desde o século XIII; así que tiña coñecementos suficientes para a aplicación deste sistema de acarreo e polo tanto a nosa rexión adéntrase pronto no tráfico comercial daqueles anos, nos que había percorridos de longa distancia e longa duración, buscando sempre a rendibilidade, mercancías de gran valor que podían soporta-los custes de desprazamento e de transporte.

Mercancías que circulan polo camiño de Santiago

Os monarcas, a nobreza e os relixiosos, ou sexa as clases altas, eran os principais demandantes e consumidores dos produtos transportados; as rotas co estrañeiro eran sobre todo polo mar.

No século IX encóntrase o corpo de Santiago, como vimos, e chega a afluencia, a avalancha de peregrinos que dan unha volta á vida económica galega; o apóstolo chega cos brazos cheos de donativos de crentes, de fieis; Compostela, a principal cidade de Galicia cun arcebispo e varios conventos, pon en marcha un plan urbano de amplos voos para eses tempos, un plan de futuro e en Santiago comeza a desenvolverse unha clase burguesa; hai homes con ideas, iniciativa, con espírito de empresa, xente emprendedora, que fan súas as novas tendencias que estaban xermolando en Galicia. A economía medieval galega sofre breves aceleróns e longas paradas, podemos dicir.

Peregrinos e máis peregrinos chegaban do exterior a Coruña para dirixirse posteriormente a Santiago; viñan de Francia, Italia, Alemaña e demais países europeos; incluso desde terras máis afastadas.

Coa chegada de cartos ós centros relixiosos galegos tales como conventos, igrexas e sobre todo ó arcebispado de Santiago, nas rotas que viñan a

Galicia como as costas e o litoral, xorden os ataques depredadores de piratas sarracenos que saquean ás naves cargadas de peregrinos con donativos e riquezas; tamén se ven afectados pescadores que, en épocas de intensa pesca, son obrigados a recolle-las velas, a volver a casa e os mariñeiros galegos non poden desenvolve-la súa actividade. Tiñan que andar con coidado, con moito ollo. Poñen ós galegos en verdadeiros apuros. Fíxose, daquela, unha operación de limpeza de piratas que deu un resultado positivo, toda unha victoria. De aí en diante, navegar foi coser e cantar.

Os barcos construíronse exclusivamente para o momento, para loitar contra os piratas, uns barcos que desenvolveron satisfactoriamente o traballo encomendado, botáronse logo a perder pola súa mala conservación; era o século XIII e ten lugar un comercio belixerante; Galicia xa desenvolve unha mariña mercante propia, con galegos que se fan navegantes e marchan fóra.

Barcos que levan viño e traen peregrinos

Elemento básico para o transporte son os portos; en cada ría galega hai un porto natural no que, ademais, hai xa núcleos de poboación destacados e que contan coa exclusiva de realizar operacións portuarias; nesta época Galicia pertencía ó reino de Castela. Estamos no século XIV e a economía galega sofre un cambio brusco, unha economía que conta con recursos máis que sobrados porque ten produtos pesqueiros e viñedo; producións que van saír polo Mediterráneo.

Este século XIV pasa á historia por unha famosa peste, A PESTE NEGRA, que xa se trata noutro capítulo, e que castiga cruelmente a nosa rexión, aínda que menos que a outras; afecta seriamente ó comercio, á industria vitivinícola, industria que xa estaba amplamente desenvolvida e que xa constituía un capítulo importante da exportación; incluso se trae uva de fóra de Galicia. O que faltan agora son traballadores e debido á citada epidemia non é posible contar con suficiente man de obra para traballa-las viñas. Os nosos mellores compradores eran holandeses e ingleses que afortunadamente non sofren os efectos devastadores da epidemia mortal.

É a hora de Galicia porque Galicia nota menos as secuelas da epidemia, que castiga cruelmente a outras rexións da competencia; a nosa rexión ten suficiente produción, suficientes excedentes pero quizais non a calidade buscada polo consumidor; desde A Coruña, desde o seu porto expórtase viño a Inglaterra en barcos que traen peregrinos e levan toneis, foles de viño. A

outra dirección é cara a Holanda, desde a Galicia norteña, desde Viveiro; en boa parte era viño traído do Ribeiro se ben máis adiante se recuperan os viños franceses pero xa non prexudican as rotas comerciais citadas.

Primeiro capítulo da industria conserveira

Vexamos agora a industria conserveira, que tamén comeza no século XIV e que vai converter a Galicia na principal potencia española; inicia o seu desenvolvemento xa desde moi antigo e atópase agora paralizada nesta época, entre outras cousas, polos altos prezos do sal, unha materia prima básica; hai pedidos e máis pedidos que non se poden atender, sobre todo de Cataluña, de Andalucía; por certo, os cataláns xa comezaban a súa andadura polo mundo da industria conserveira; nesta época compran a materia prima en Portugal e logo comercialízana eles cara ó sur de Europa.

No século XIV hai un acelerón demográfico e, como consecuencia, un comercio estándar, global e periódico desde os portos galegos, cara a Holanda e ó Reino Unido, levando peixe, viño, curtidos e traendo sal, tan necesario para os produtos alimenticios e para salgados; é un comercio por tanto cara ó norte; hai ademais saída de produtos pesqueiros procedentes de Galicia, sobre todo desde as Rías Baixas que xa adquiren desde este século XIV un posto destacado no sector pesqueiro; é un comercio galego cen por cen. Estes produtos pesqueiros van cara ó sur de España, Portugal e cara ó sur de Europa; os comerciantes de peixe traen ouro a cambio, é o prezo cobrado, así como, nalgúns casos, artigos que Galicia demanda, todo para aproveita-lo retorno, foles de viño ou sal.

Fai a súa aparición o tratante

Durante o século XV a flota galega desenvolve a súa actividade, ó servizo da Coroa de Aragón despregándose por Xénova, Florencia, por toda a área mediterránea, polo norte de África. Para desenvolve-la actividade comercial polo mar, utilízanse sobre todo barcos de pequenas dimensións, pero que cumpren perfectamente as tarefas encomendadas de transporte, con rapidez en desprazamentos e nas tarefas de ataque; incluso estes barcos pagan, claro está, menos dereitos portuarios; pero ademais necesitan menos servidores, reducindo polo tanto persoas a bordo do barco. No século XV, o número de barcos galegos era sobre medio millar.

Os sistemas de medición eran moi simples, non presentaban problemas nos intercambios comerciais e tiñan xeral aceptación a escala mundial; son

as mesmas medidas en tódolos países, o millar, a ducia e para capacidade, o toner entre outros, de case mil litros. As moedas de cambio son o ouro e nalgúns casos o florín de ouro de Aragón, sobre todo na área mediterránea; trátase de moedas que son ben recibidas, cos brazos abertos, polos comerciantes.

Co tempo aumentan os mercadores e tamén a súa categoría. Nestes anos, Santiago é o centro de gravidade económica do noroeste, aínda que tamén as vilas costeiras xa van sendo importantes, polo tráfico por mar ó exterior. Nas zonas rurais desenvólvese o tratante, o intermediario comercial, que máis tarde actúa tamén na costa, aínda que se adapta mal ó ámbito pesqueiro porque ten gran desconfianza cara ó mundo do mar. A voz cantante no tráfico de peixe lévaa o sur marítimo de Galicia aínda que é un sector moi diseminado; moito retraemento e poucas aspiracións é o perfil do sector pesqueiro; ten pánico a asumir incertidumes e nos momentos adversos deixa paso a outros máis arriscados. De Galicia a Castela, hai unha rede de camiños e por estas rotas sae o peixe fresco ou en salgado, desde a costa así como cara ó interior de Galicia e ó noroeste aflúen os panos casteláns.

CAPÍTULO X

OS IRMANDIÑOS




A revolución irmandiña significa a maioría de idade do pobo galego, un pobo ata daquela en mans dunha minoría, un pobo que agora asume as súas responsabilidades. Aínda que ó final da revolución irmandiña todo quedou onde estaba. A rebelión dos irmandiños é un intento revolucionario de reforma, protagonizado por campesinos, burguesía e baixo clero.

A nobreza galega do século XIV endurecera tremendamente as condicións de vida dos campesiños que finalmente se sublevaron, botando abaixo castelos, fortalezas e poñendo contra as cordas á autoridade constituída, os condes. Unha rebelión, a dos irmandiños que excede o ámbito local, que se produce de 1467 a 1469 e da que o fin foi poñer freo á piratería da nobreza; agrupou a burgueses, agricultores e incluso a relixiosos; derrubando fortalezas, expulsa de Galicia á aristocracia e vai contar co apoio do propio monarca, do mesmo rei.

Os irmandiños, campesiños que se sublevaron contra a nobreza alta, tanto civil como eclesiástica, ocuparon o poder, o mando en Galicia e por primeira vez na nosa cronoloxía, no noso pasado; a xente corrente toma a batuta, leva a voz cantante, capitaneando un feito encomiable desde o punto de vista popular. Con ela instáurase en Galicia un dobre poder, un poder bicéfalo, resolvéndose civil e militarmente a favor dos sublevados, dos irmandiños. Foi un auténtico vendaval a insurrección dos irmandiños galegos. Hoxe Galicia é unha rexión tranquila, en paz, en concordia pero hai 500 anos estaba ó vermello vivo.

Os nobres e a aristocracia relixiosa cometían todo tipo de abusos. Nos castelos dábase aloxamento a pandillas, a cuadrillas de salteadores e boa parte do botín conseguido terminaba nos petos dos nobres. De maneira que os vecinos non se atrevían a saír á rúa; así nese clima, a xente non ousaba traballar nas súas fincas. Tiñan que ir en grupo e camiñar protexidos ata os dentes. Os agricultores decidiron montar xuntas de protección para repoñer a paz, a tranquilidade. Chamáronse as IRMANDADES e nas reunións debatía-



PARADOR CONDES DE GONDOMAR (BAIONA)

Postúe unhas murallas de máis de cincocentos anos de antigüidade e álzase no vello sitio da cidade. Hoxe está situado alí o Parador Nacional Condes de Gondomar. É unha das máis fermosas fortalezas do noroeste. Contén tres torres: a do reloxo que mira a terra firme; a das tenaces sobre a baía e outra que mira cara á inmensidade do océano. Chámase tamén castelo do Monte Real.


se a forma de defenderse contra os ladróns e terminar definitivamente co medo ós nobres; en cada pobo constitúese unha Irmandade e nomeábanse os cargos, irmandades que estaban formadas por agricultores, canteiros, carpinteiros; logo estaban os responsables militares das irmandades que dirixía cada un a un centenar de irmandiños. Formaban parte dun tribunal no que xunto co Alcalde, símbolo do mando e o poder, era a “vara de xustiza”. O caixeiro percibía a tarifa que pagaba cada irmandiño; había que comprar armas, comida e cabalos.

Campesiños de armas tomar

No ano 1467 hai un levantamento popular que ten éxito pola unidade de agricultores, campesiños e cidadáns; o pobo, en definitiva, é o actor principal, o protagonista; servos galegos que intervindo ó unísono, fronte a nobres e bispos, despregan unha insurrección, organizando un novo goberno de novo cuño; protagonízaa desde logo xente que estaba á marxe do poder, do mando; é un feito sen precedentes, extraordinario que só de cando en cando ocorre na historia dos pobos; tódolos vasalos contra os seus amos e señores. E como a totalidade de Galicia intervén, a insurrección toma un carácter imparabile, segundo recoñecen os seus propios adversarios, e ten nalgúns momentos prósperos beneficios sociais. O mundo medieval entraba nunha profunda decadencia e esta revolta é a súa máis elocuente manifestación.

Os vasalos xa non poderán aguantar por máis tempo os ataques, as vexacións, o pagamento de impostos abusivos ós señores dos castelos e fortalezas; a clase gobernante fallara estrepitosamente e chégalle a súa morte como estamento social; hai que dar paso á Idade Moderna. Agora, amontoáranse máis e máis conflitos sociais e por fin, na primavera do ano 1467, estalan estrepitosamente; lánzanse irritados contra os castelos derrubando murallas; a nobreza cometera toda clase de atropelos; e eso era o acostumado, o usual e a sociedade xa non quere aguantar máis e dá un xiro de 180 graos, unha rápida viraxe para para-los abusos dos cabaleiros.

Enrique IV dálle luz verde, o visto bo, a súa aprobación, o pistoletazo de saída e en Galicia constitúese a Santa Irmandade do Reino de Galicia; saen pregoeiros polas rúas e prazas dos pobos, ensinando copias das autorizacións oficiais que permitían a revolta social; é a polveira que fai arde-la estoupa, o acicate que fai renace-lo sentido social e comunitario e incluso galego, porque foran moitos anos de tensións caladas, latentes e tanto tempo, servos, agricultores, campesiños e persoas da cidade aguantando as fortalezas, niño



Rúa Irmandiños, no centro histórico vigués.

de víboras, de delincuentes; xa non había medo social, colectivo e sí sede de xustiza, de recuperación moral. Co apoio do monarca, a xente participa libremente na revolta, un monarca que envía representantes a Galicia e esta presenza testemuñal en nome do rei, en tódolos actos, nas asembleas populares, dálle forza e sube a moral ós irmandiños. Organízanse numerosos e fortes exércitos do pobo, incluso con moitos máis guerreiros cós que lles manda o monarca castelán.

Irmandiños, cabaleiros andantes

Os alcaldes da Santa Irmandade teñen un bastón que representa o mando, o poder; é a VARA DA IRMANDADE; en Galicia a Irmandade é ben distinta doutras que hai en España como en Castela, León ou Aragón, onde foi un fracaso porque en Galicia ten aires máis xusticciros e é máis exemplar; espándese por todo o Noroeste de España a revolta, e faise máis natural, menos politizada e os irmandiños actúan ó seu aire. A elección dos cargos de goberno, deputados, alcaldes e soldados lévase a cabo en tumultuosa asemblea, algunhas moi famosas como as celebradas nas proximidades de Santiago de Compostela, onde falan, onde escoitan colectivamente os habitantes do pobo. Logo remánganse, pónense mans á obra saíndo a facer xustiza por doquier.

Axusticiaban con frechas, atravesando o corpo do delincucnte; era un procedemento, podíamos dicir, sumario, coa pena de morte que tiña como motivo principal dar nome, fama e amedrentar ós famosos bandoleiros, bandidos, ladróns; castigaban tamén pequenos roubos e desacatos á Irmandade con castigos corporais exemplares nas prazas públicas.

Esto, polo momento e ó principio, dá crédito, éxito grande, e non só ante a xente senón tamén ante as institucións públicas. Facer xustiza non é nada doado porque detrás dos criminais estaba a aristocracia galega, cando non eran ás veces os propios nobres os que persoalmente cometían os atropelos criminais; o distante mando e poder do monarca resultaba ineficaz para facer acata-la lei. Había desde logo roubos, mortes por todas partes e eso non podía seguir así.

Derrubando castelos

Baixo o mando e goberno irmandiño, regresa a Galicia a tranquilidade



CASTELO DE MONTERREI (VERÍN)

Está situado no val do río Támega, no cumo dun outeiro estaba rodeado por un foso de auga e con ponte levadiza. Xa no século XII existía un pequeno castelo que logo, no XV, foi reconstruído. Na fortaleza habitaba o conde co resto da súa familia. A miúdo estaban en loita así que se precisaba unha edificación que resistira os asaltos e embestidas de fóra. O castelo tamén facía de cadea e como arsenal, para gardar as armas e dende as torres lanzaban frechas. Tiña unha grosa muralla que o rodaba.

social. Pero centrémonos agora no desenvolvemento dos acontecementos irmandiños que no bienio 1467-1468 ten un éxito extraordinario; case 100.000 homes levantados en armas en toda Galicia, dos que 15.000 perseguen ó Conde de Lemos, outros 15.000 ó arcebispo de Santiago. En 1467 e unha vez que se fixo xustiza con salteadores de camiños e bandoleiros segundo vimos antes, pasan os campesiños, agricultores e artesáns que componían a Irmandade ó ataque ás fortalezas, castelos e torres e enfróntanse con armas ós grandes nobres galegos; en Ourense teñen caracteres espectaculares a raíz de que un importante palacio episcopal pasa a mans irmandiñas.

Seguen estas accións, ocupando e botando abaixo as pedras das fortalezas; así se ían eliminando de raíz o soporte físico de nobres, dos señores que eran auténticos malfeitores. Os irmandiños piden ós condes que vaian entregando as fortalezas a este novo goberno popular, e vanas ocupando case todas, aínda que nalgúns casos os nobres lle fan fronte, opóñenlle resistencia; neses casos vén o asedio e asalto ós castelos que non obedecen. Asaltar un castelo e conquistalo pola forza non era nada sinxelo na Idade Media; que o conseguisen tan facilmente débese ó número superior de efectivos que tiñan os irmandiños e ás ansias de xustiza que lles movían; eso arrastráboos, empuxáboos cara adiante. Os nobres aristócratas de Galicia aguantaban os asedios que lles puñan os guerreiros e soldados populares, persoas do pobo liso e chan.

O Conde de Lemos toma as de Villadiego

Era tan descomunal a tropa irmandiña que os nobres non se atreven a pelexar. Pedro Madruga, Pedro Álvarez de Soutomaior, non consegue controla-la revolta e ha de escapar a refuxiarse a Portugal, ante uns irmandiños que ían con armas da cabeza ós pés e ata as persoas correntes levaban navallas, coitelos. Os irmandiños tamén dispoñían de tropas de tipo artilleiro, artefactos que funcionaban con pólvora como canóns antigos; incluso nas asembleas levaban mazos, martelos, picos e outras armas propias dos canteiros, para que non quedara nada nos castelos atacados. A excesiva rapidez en ver abaixo o castelo así como o descoñecemento do terreo, sáldanse a miúdo con mortos. A duascenas fortalezas pode chegar o número das derrubas nesa época; eran os castelos máis populares, de máis valor; en definitiva os mellores foron botados abaixo, derrubados. O castelo de Pambre foi un dos poucos que aguantaron a embestida dos irmandiños.

Derrotada, escondida a nobreza galega, as Irmandades restablecen a tranquilidade perdida e axustizan ós malfeitores levándoos á forza. O sinal visible do honor e nobreza dos irmandiños é o estandarte de cor branca que sempre levaban, irmandiños que tiñan agora encomendado non só o cobro de impostos, senón tamén a aplicación da lei, antes en mans da nobreza, unha nobreza que substituíra a lei, a orde, a disciplina, o dereito, polo caos, a anarquía; era coma se foran agora empregados da corte que actúan cunha pretendida autorización do afastado monarca castelán que o permitía porque non tiña outro remedio, e desde logo non vía con bos ollos algúns abusos irmandiños.

A razón do éxito da Santa Irmandade está na solidariedade da insurrección e tamén inflúe a axuda do monarca que teñen os irmandiños e ó pouco tempo, ademais, do inicio da sublevación contra os castelos; se ben Enrique IV na primavera do ano 1467 se opón frontalmente á toma pola forza que leva a cabo a Irmandade en Ourense, á que xa nos referiamos antes así como ó asalto a algunhas propiedades derrubando castelos; ante eso, algúns condes saen precipitadamente para Castela; a máis coñecida retirada é a do Conde de Lemos, o nobre máis destacado de Galicia; con anterioridade derrotara e matara a varios centenaes de irmandiños.

O arcebispo de Santiago, espada en man

A victoria irmandiña era a victoria dos servos que estaban cansos de pagar contribucións e alugueres ós señores e fidalgos; xa desde o principio se está na firme convicción de que a insurrección popular non ten volta de folla, xa que hai necesidade, de sexo de desenvolverse sen amos, que se materializa e concreta coa revolta dos irmandiños; aséntase e susténtase nunha compoñente idealista e revolucionaria. E aínda faltaban demasiados anos para a revolución francesa.


Pedro Álvarez de Soutomaior, Pedro Madruga, pide axuda a amigos e familiares entre os que estaba o monarca portugués e ten apoio. En Castela levantáranse os nobres e aristócratas contras as irmandades castelás, que son derrotadas, e en Galicia vai a pasar igual, aínda que máis tarde; os irmandiños galegos van ser vencidos de raíz porque foran máis lonxe que noutras rexións españolas e ademais eran independentes e foran moi radicais nas súas reivindicacións sociais; anticastelos e antinobles. O rei apoia a Irmandade pero ten unha duración curta pois o monarca cambia as súas alianzas e

facilita a formación dun exército de grandes dimensións, capitaneado polo arcebispo Fonseca e o Conde de Lemos; os nobres galegos ven agora, chegado o momento, a grande oportunidade de reconstruí-la súa unión perdida e recobra-lo mando, o goberno en Galicia.

Chegan os exércitos dos señores a Galicia, exércitos que estiveran fóra durante algún tempo; é a primavera do ano 1469 e hai un ataque frontal, armado, á irmandade; no norte de Portugal organizase tamén un exército e diríxese cara a Santiago de Compostela para xuntarse coas tropas do Arcebispo de Santiago, Fonseca. Alarmados os habitantes de Tui e Ourense da chegada a Galicia das tropas dos nobres, intentan cortarlle-lo paso, pero son derrotados e continúa a marcha cara a Santiago. Os pontevedreses fanlle fronte pero as tropas de Pedro Madruga conseguen cruza-lo río aproveitando que a marea estaba baixa. Ademais fórmase outro exército en Castela e avanza desde Ponferrada cara a Galicia. Pero ¿quén o financia? ¿quén pon os cartos para estes exércitos contrarrevolucionarios para derrubar os irmandiños? Os nobres non percibían nin alugueres nin impostos desde hai algún tempo, aínda que se sabe que algúns aristócratas venderan as súas propiedades e patrimonios.

Nas proximidades de Santiago xúntase o exército de Pedro Madruga co do arcebispo que acababa de chegar a Galicia para rescatar terras. Achégase á cidade que naquela época tiña muralla. Foi unha dura pelxa a de Compostela e ata o arcebispo Fonseca estivo a punto de perecer por culpa dun frechazo nunha perna. Establécese unha sanguenta contenda na que participan uns doce mil irmandiños; nela intervén persoalmente o arcebispo de Santiago, Fonseca; pódese ver coa súa espada no alto; hai unha loita feroz entre irmandiños e antigos aristócratas galegos. Os irmandiños non puideron soporta-lo cerco de Santiago e houbo numerosos mortos. Os irmandiños teñen que se entregar. Algúns todavía intentaron aguantar na torre da Lanzada, pero o exército dos nobres presentouse alí, avisado por un irmandiño traidor e foron mortos. Os nobres saen victoriosos; o mesmo ocorre en Lugo e noutras cidades.

En 1472, conforme se traslada a loita a tódolos pobos galegos, amparándose mutuamente con armas, uns nobres a outros; os exércitos dos señores ían gañando en terras desertas e aí tiñan vantaxe; pero nas vilas eran derrotados. Na mente dos nobres non cabía a idea de que xcnte lisa, cha, corrente, agricultores e cidadáns normais, estiveran dous anos en orde e disciplina.



CASTELO DE SOBROSO (PONTEVEDRA)

Para derruba-lo castelo facíase un boquete nas paredes utilizando arietes e postes de madeira. Logo, con produtos inflamables, plantábase lume. A derruba dunha fortaleza executábase co consello de xente coñecedora da contrucción, xefes de obras. A primeira pelexa irmandiña foi capitaneada por RUI SORDO e ten lugar en 1431 e 1432.

A segunda é máis importante, e foi de 1467 a 1469. En pouco máis de dous anos os irmandiños conquistaron os castelos nos que se asentaban os nobres longo tempo opresores dos campeciños. O número de castelos abatidos puido chegar a 200. Algúns, como o caso de Pambre, despois de ser asediados seguen en pé milagrosamente. Outros salváronse porque os nobres se renderon dende un principio.

A Revolución Francesa aínda non chegara

A falta de unión dos nobres alonga o conflito; vense forzados a negociar, transixir e non sempre castigar ós vencidos irmandiños; o arcebispo de Santiago, Fonseca, indultou ós que lle roubaron, lle usurparon as súas propiedades e o expulsaron de Galicia, e incluso a punto estivo de perecer segundo viamos antes; ademais déixanse de reconstruír algúns castelos previo pacto cos irmandiños. A outros cabaleiros tamén se lles esixiu de varias formas, de varias maneiras, o esquecemento, a clemencia cuns servos que, despois de sublevarse colectivamente, agora volvían a ser como antes da Santa Irmandade.

Os nobres son restablecidos nos seus antigos postos e recuperan as súas mansións, os seus pazos. Moitos capitáns irmandiños son condenados a morte. No mundo rural non se leva a cabo ningunha reprimenda, tal como se podía esperar, ó tratarse de nobres que nos seus conflitos internos eran especialmente violentos, sanguentos. De todas formas houbo situacións concretas de vinganza como a do xefe da irmandade de Ponferrada, a quen o Conde de Lemos executa con frechas sobre o seu corpo e ademais se incauta das súas propiedades, que xa non poden pasar a mans dos fillos, e herdeiros do irmandiño axusticiado; en Monforte de Lemos escápanse os protagonistas da insurrección irmandiña pero o Conde garántelles que non vai executar a ningún e permítelles volver.

Logo comeza a reconstrucción dalgúns castelos, obrigando nalgúns casos ós servos e antigos irmandiños a reconstruí-las fortalezas abatidas; aumentan as sancións, os castigos a todos aqueles que ocuparan algún posto na época irmandiña.

Unha revolución que dá paso a toda unha renovación da Galicia do feudalismo, dos castelos do século VI. Así camíñase cara á Galicia dos pazos, á Galicia do século XVI. Ademais coa revolta dos irmandiños desaparece a Galicia dos cabaleiros, os Sarmiento, os Andrade, os Castro, os Osorio, os Ulloa e outros. Algúns intégranse no poder da corte, outros na milicia.



CASTELO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)

É unha construción de tipo guerreiro, bélico e serviu de baluarte ante virtuais ataques vikingos e corsarios. Habitouno don Pedro Álvarez de Soutomaior, Pedro Madruga, que o restaurou dos ataques irmandiños. Logo estivo totalmente abandonado durante séculos ata que a Deputación de Pontevedra o compra no ano 1982 e, tras restauralo completamente, dedícao a eventos culturais.

CAPÍTULO XI

A IDADE MODERNA



Terminou por fin a longa hibernación, a prolongada sesta da Idade Media, con algún sobresalto ó espertar como a revolución dos irmandiños. Galicia chega á Idade Moderna con caracteres diferenciadores do resto de España. Aínda que despois de vencidos, de derrotados os irmandiños, quedan algúns focos de resistencia rural e campesiña que duran pouco. Pero miremos a España e a fóra de España. Estábase levantando en toda Europa o Estado Moderno, ou sexa unha vasta extensión administrada por un monarca absoluto, ominipresente, todopoderoso.

Coa chegada da Idade Moderna, nace tamén o chamado antigo Réxime Galego que haberá de durar 300 anos, ata as Cortes de Cádiz no século XIX, en 1812; son os Reis Católicos os que poñen fin á anarquía da nobreza; as máis importantes casas nobiliarias ó finalizar a Idade Media aparecían coma se fosen reiczuelos; pásase agora dunha aristocracia moi belicosa a outra máis comprometida co rei. Chega a monarquía absoluta.

Togas e non espadas

Moitos castelos derrubados polos irmandiños non son xa reconstruídos pola nobreza. Fernando e Isabel trouxeron ó seu terreo os poderosos que ó principio se resisten a perder prebendas, privilexios e foi desde logo triste para aristócratas diminuí-la súa importancia; por unha serie de razóns prodúcese un aumento de poboación rural e iso mellora as rendas dos nobres, que viven a expensas do pobo, dos campesiños; se ben hai abades que alugan patrimonios, aforan polo tanto unha parte das súas terras por rendas moi humildes, moi modestas e algúns melloraron a conta da igrexa, queixándose as autoridades relixiosas desa lamentable penuria, indixencia, miseria en que a deixaban.

Isabel e Fernando xuntaron, agregaron Castela e Aragón co seu matrimonio. A partir de 1475 chegan aquí milleiros de empregados públicos e Galicia

pasa a integrarse plenamente no Estado Moderno. A lingua é agora o castelán e os funcionarios xa non redactan os seus escritos en galego. Os nobres para quedar ben co rei, co poder central, deixan xa de usa-lo galego. Por sorte a xente corrente seguía a falar como sempre, ou sexa en galego. Isabel e Fernando substitúen as armas polo Dereito coa creación da Audiencia de Galicia e aparecen as togas coa lei na man para resolve-los conflitos, e non co sabre en alto, pero tamén pode dicirse que eliminaron definitivamente o Reino de Galicia, que xa tiña lingua propia; agora temos unha Galicia poboada de funcionarios casteláns e castelanizantes que impoñen os seus costumes, a súa lingua. España, convertida en nación, unha nación, de todas formas, prendida en alfinetes.

Só queda a Galicia galega

A lingua galega nesta época queda reducida ó ámbito familiar e campesiño; abandóanse o seu cultivo literario e non é recuperada ata o século XIX. Coa chegada dos Reis Católicos, lévase a cabo unha forte castelanización de toda España cunha visión centralista, uniforme, representada polo absolutismo dos reis; hai unha mesma relixión, o cristianismo, e uniformidade tamén en canto á cultura representada polo castelán. Esta castelanización significa que a cultura de Galicia queda daquela marxinalizada e reducida a medios falados pero non escritos; os sectores máis influíntes, urbanos, falan castelán e a poboación campesiña e mariñeira galego. Así xorden historicamente dúas Galicias, a Galicia estatal, máis poderosa, e a Galicia galega, a do pobo que fala galego e que se ve obrigada a unha total quietude histórica.

Co tempo, concretamente no século XVIII, intelectuais preparados pónense ó carón da Galicia tradicional, popular, desa Galicia que estivera obrigada a calar durante tanto tempo.

Galicia, representada por Zamora

Na etapa dos Austrias, Galicia está aínda máis acurrunchada; incluso nesta época, século XVI, nas Cortes estaba representada por Zamora, cidade, allea á problemática galega, e desde logo Galicia queda á marxe completamente da empresa americana; é unha época, sen embargo, de recuperación económica especialmente agraria e rural. A finais do século XVI, ano 1591, realízase un censo e del extraemos algúns datos que nos parecen interesantes para o lector. Galicia nesta época ten máis de seiscentos mil habitantes cunha

media de cinco persoas por casa; a densidade de poboación é similar na costa e no interior.

Terminado o século XVI, hai pobos do litoral que xa manifestan claramente a súa vocación pesqueira, como Vigo, Muros e Noia; a Galicia de terra adentro dedícase ó cultivo do centeo así como viño, actividade por certo moi rendible e próspera nesta época. Había afortunadamente amplos espazos forestais con bosques de castiñeiros e carballos, incluso rodeando as aldeas, o que facilitaba o achegamento de feras, de lobos; pero o campesiño dependía sobre todo do gando, sector no que se asentaba toda a economía rural. Ó mesmo tempo vaise desenvolvendo a economía urbana.

Poucas casas teñen provisións

Neste século XVI prodúcense vodas de conveniencia, así como a adquisición de terreos e demais propiedades a persoas con dificultades económicas; todo eso conduce a unha concentración de capitais en certas casas que desta forma manteñen e incluso aumentan o seu patrimonio. As casas con nome, con soleira, utilizan o morgado, é dicir que o patrimonio que simboliza a familia o herda todo o fillo maior e cunha transmisión hereditaria que perpetúa esta casa no tempo ó inmovilízalo na mesma familia, que nunca o podería fraccionar; a orde sucesoria era de fillo maior a fillo maior, como xa vimos.

Durante este século crece o número de habitantes de cada vila, o que intensifica o cultivo do campo e do monte. Incrementábase tamén a carga tributaria e prodúcese unha reorganización do mundo campesiño. Na nova e emerxente nobreza hai grandes diferencias; en cada pobo hai uns poucos agricultores, campesiños que dispoñen de reses de vacún en certo número e teñen a casa chea de provisións; logo un grupo de agricultores de clase media que posúen unha explotación e unha gandería capaz de realiza-los labores agrícolas e por último indixentes e máis indixentes que han de mendigar día a día para enche-lo seu famento estómago. Estamos ademais a mediados do século XVI e é un século marcado por fracasos agrícolas de todo tipo; algúns pobres traballan a xornal na zona ou van segar a Zamora ou rouban onde poden e tamén bótase man dalgúns recursos forestais que lles proporciona a natureza.



CAPÍTULO XII

A POBOACIÓN

Non existen datos fiables de épocas antigas sobre a poboación galega, dunha Galicia que formaba o chamado Reino de Galicia e que ten unha taxa de actividade laboral un pouco por riba da media española; no século XVI hai un forte crecemento de poboación, un estirón demográfico, e este crecemento non só se produce no campo senón tamén nos núcleos urbanos.

Sevilla, cen mil habitantes, Vigo, nin sequera mil

A cidade de máis poboación é Pontevedra e despois están Ourense, Santiago e logo outros núcleos a moita distancia e con menos do millar de habitantes como Coruña, Vigo e Lugo; Sevilla tiña nesa mesma época case cen mil. Queda claro polo tanto que os núcleos galegos teñen pouca poboación.

Terminado este século XVI prodúcese unha crise económica e incluso a maioría da xente chega a pasar fame; aparece unha epidemia e nos principais portos galegos están nesa data os ingleses, en 1589; no campo, forte subida de prezos e unha perda de poboación de dimensións alarmantes. Esta é a radiografía da época. A mala racha continúa no século seguinte, século XVII; é un momento difícil para Galicia. De todas formas a poboación costeira aumenta, aínda que no século XVIII se retrasa bastante ou se reduce a idade da voda, do casamento, o que fai baixa-la demografía, a poboación; hai xa emigración sobre todo ás Indias e é grande o número de relixiosos; prodúcese a expulsión dos mouriscos que eran mouros bautizados segundo o rito cristián, o que fai que o coeficiente de crecemento da poboación sexa reducido. A taxa de natalidade, pola súa parte, é baixa e a mortalidade, normal, estable; o número promedio de persoas por fogar é de media ducia na conxuntura máis favorable. Pero vexamos con detemento as taxas de mortalidade e de nupcialidade.

Esperanza de vida ó nacer, menos de 40 anos

A mortalidade é alta, polas epidemias e polos escasos rendementos que

poden obterse do agro galego; hai penuria, escaseza, fame e a esperanza de vida ó nacer non chega nin ós corenta anos; unha mortalidade infantil polas malas condicións hixiénico-sanitarias altísima e falecen unha boa parte dos nenos antes de cumpri-los 10 anos.

A nupcialidade, é dicir, as vodas, os matrimonios, é un reflexo en moitos momentos, da conxuntura económica; así ocorreu e pódese demostrar con datos, con estatísticas na man; o réxime de casamentos do século XVI está marcado por unha idade de voda máis avanzada, maior que nos séculos anteriores, desde logo por riba dos 20 anos.


Hai soltería perpetua, claro está, nos conventos e mosteiros, tanto dun sexo coma doutro, de curas coma de monxas; a nobreza casa máis tardíamente que o que ocorre nos estratos baixos e desde logo casan antes no campo que nas cidades.


Capítulo á parte é a emigración, constante, contínua na demografía galega; unha hemorraxia humana, unha sangría que comeza no século XVIII, xa que neste século emigran varios centenares de persoas; saen galegos á sega castelá, cara á meseta; tamén van canteiros; Beiras considérase como corrector automático da demografía, dos excesos da poboación; hai que pensar que aínda non hai industrias importantes que poidan proporcionar postos de traballo.

Sete persoas por fogar

Dentro do tecido social da época temos a familia, economía doméstica, que é á vez centro fabril e de demanda, empresa e mercado xuntos; unha familia que é máis grande, máis numerosa na clase alta, na aristocracia na que pode haber máis dunha ducia de persoas por fogar incluído o clero que conta con criadas e criados; na casa viven fillos xa casados así como pais ou familiares aíns, persoas que habitan baixo o mesmo fogar, baixo o mesmo teito, ás ordes do cabeza de familia. O patrimonio déixase a un só fillo, ó fillo maior, ó primoxénito para evitar que o capital se divida; o fillo maior quedaba coa **millora**, á vez que participaba cos demais no reparto da herdanza. Nas clases máis humildes, a **MILLORA** serve para asegura-la subsistencia e alimentación dos anciáns. Non había asistencia social como agora, tan proteccionista.

65 LA CORUNA. — Tipos del país.





CAPÍTULO XIII

A IGREXA GALEGA



Os reis pensaban que se os militares defendían o catolicismo nas batallas, nos combates, parecía tamén obrigado, lóxico que os curas botasen unha man ós soldados desde o púlpito, nas predicacións, coa palabra e deixaran a espada para os soldados; así que se busca a alianza entre o trono e o altar; unha igrexa que no século XVII absorbía un dezasete por cento da renda, case unha quinta parte. O bispado de Santiago, que era dos máis acaudalados, xunto co de Sevilla e Toledo, representaba incluso moito máis, porque acaparaba un tercio dos cartos ingresados; concretamente Santiago recadaba no século XVII cen mil ducados, entre ingresos procedentes da función relixiosa, as rendas de propiedades urbanas e rurais, as ganancias dos rabaños, porque ata reses tiñan os relixiosos e os beneficios dos seus préstamos hipotecarios; as disparidades que había entre unha diocese e outras, en canto ós ingresos eran grandes.

A Igrexa vaise civilizando, é dicir vai ocupando un posto, un poder na sociedade civil. Os bispos van tendo cada vez máis poder económico porque a Igrexa recibe doazóns dos seus fieis devotos e así os bispos pasan a se-los personaxes máis importantes, máis poderosos da cidade. A nobreza verdadeira, a civil, ten pouca forza. E ocupan o seu sitio os bispos; tal é o caso de Xelmírez, de Santiago, que é un auténtico señor feudal, máis disposto a colle-la espada có crucifixo. Incluso o Papa, para pagar ós guerreiros, vendía unha bula que rebaixaba as condenas do purgatorio.

Aínda sendo eu neno, o meu pai compraba e pagaba do seu humilde soldo de mestre unha bula, un permiso pontificio escrito, unha autorización coa que podíamos comer carne, se é que a tiñamos na casa, claro. A Igrexa enriquecese, á vez que se burocratiza e pasa a ter gran influencia nos asuntos públicos. Unha Igrexa que ofrecía unha saída á servidume, da que ás condicións eran moi duras e esa saída, esa solución eran os mosteiros, saída colectiva ou o anacoretismo, a montaña, a soidade, saída individual. No convento, na abadía prodúcese un acordo entre un grupo de persoas que

acatan certas normas, obedecendo en todo momento ó superior. Como se fora o feudalismo relixioso.

A división eclesiástica, a política e a xudicial non coinciden; de maneira que non podemos falar propiamente dunha igrexa galega; incluso municipios galegos pertencen a bispados de fóra de Galicia, forasteiros poderíase dicir, unha Igrexa que en Galicia era altamente acaudalada porque ingresaba rendas forais, dezmos e outros cobros menores por administrar sacramentos e demais indulxencias. Se nos situamos a finais do século XVI, Galicia tiña tres mil curas, máis de mil frades e case quíntas monxas; un total de cinco mil relixiosos, entre clero secular e regular, é dicir case o un por cento da poboación total, dedicado a rezos e oracións.

Pero vexámo-las ordes monásticas. Frades había de varios tipos, os negros, que se chaman así por vestir de negro, irmáns que veñen a Galicia no século XI; veñen de Francia, de Cluny. No século XII chegan os cisnes, os frades brancos. Son do Císter, unha orde que pretendía mellorar espiritualmente a vida nos conventos. Nesta orde do Císter predominaba o traballo agrícola sobre o traballo intelectual. Os mosteiros máis célebres son Armen-teira, Oseira, Sobrado e Oia. Os frades eran os que tiñan máis coñecementos e cultura en toda a Idade Media. Aínda que destacaron sobre todo como virtuosos copistas de libros.

Había tamén ordes que se dedicaban a pedir, eran as ordes mendicantes que levaban con todo rigor, estrictamente o voto da pobreza. Pedían esmola polas rúas, polas casas. Como tamén eran pordioseiros os franciscanos ou os dominicos; había ademais nos mosteiros mulleres relixiosas. As máis famosas, as clarisas.

O mosteiro de Oseira, un mosteiro de fermosa arquitectura e no que destaca a sala capitular que presenta un espectáculo arquitectónico extraordinario con eses nervos dobrados sobre unhas columnas; pois ben, este mosteiro estivo gobernado nalgunhas etapas da súa longa vida por monxes que vivían en Roma, descansando e divertíndose cunha parte importante dos ingresos que o convento producía, á fronte do que quedaban frades con non moito sentido cristián, como ocorreu con Ochoa de Espinosa que tiña ó seu cargo Oseira e debido ó seu carácter hostil e cruel cos fregueses, indo un día á vila de Villanfesta, preto do mosteiro, os veciños saíronlle ó paso e déronlle morte a paos, a pancadas.


Outro mosteiro cistercense galego é o de Sobrado que tivo o dominio xurisdiccional e de servidume sobre extensas terras, algunha da provincia de



OSEIRA

Tempos antes había en Oseira osos, de onde provén o seu nome, se ben xa fai máis de cen anos que os osos non se ven por aquí; sucumbiron por haber moita poboación na zona; pero aínda quedan lobos. Suntuoso mosteiro cisterciense o de Oseira, un dos máis valiosos de Galicia. Chámase o Escorial galego. Foi construído no século XII. Tivo varias etapas de declive e de gloria. Incluso foi presa do lume e renovado á seguido.

A igrexa é dos séculos XII e XIII e o frontispicio da abadía, unha grandiosa manifestación do barroco. Ten unha coidada escaleira e tres claustros: patio dos cabaleiros; logo o claustro dos medallóns e o claustro dos pináculos. Chama a atención a sala capitular con esas columnas en espiral que chegan ó teito como palmeiras retorcéndose, e tamén un espectacular comedor.



Zamora. Este mosteiro foi investido de potestades públicas e en consecuencia cobraba tributos, o que lle reporta substanciosas rendas que dedica á compra de muíños e casas de "mallar". As cidades galegas máis importantes van estar baixo o mando e xurisdicción de bispos e a nobreza alta, o que vai dar lugar a unha continua loita polo mando na sociedade galega da Idade Media.

O mosteiro era un pobo en miniatura. Frades labrando a terra, criando vacas, colleitando mel, con traballos de carpintería, albanería e incluso xastres. No sitio preferente do mosteiro localízase a igrexa, a continuación a zona de habitacións dos frades; abaixo o comedor; no centro o claustro cunha fonte en medio, solitario, retirado, silencioso e destinado a reflexión; a hospedaría para dar hospedaxe ós camiñantes e un minihospital. Á fronte do convento, o abade elixido polos frades. As abadías eran auténticas fortalezas, verdadeiros castelos medievais.

A Galicia Medieval é guerreira e relixiosa á vez e incluso xorden as ordes militares, medio castrenses e medio frades.

Pelexas por conseguilo confesionario real

O forte crecemento de clérigos, dos que se duplica o seu número no século XVIII, significou unha forte carga para a economía da época; había curas, sacerdotes, monxes e frades por todas partes; uns por motivacións relixiosas, outros por non pagar impostos ou simplemente por comer ou non ir á guerra; o caso é que os relixiosos estaban por tódolos sitios e enchían conventos e parroquias. Nesta época xa destacan os xesuítas que, tras varios conflitos, se apropian do confesionario real e controlan a ensinanza, a educación das clases dirixentes; o estamento relixioso tiña unha procedencia diversa e profesaba loxicamente uns votos e estaba sometido á tutela de Roma.

Segundo o Dereito Canónico, a nosa Igrexa, a galega, arranca da reorganización máis elemental, que é a parroquia; estas forman os arciprestados. Foi, desde logo, a Igrexa moi hábil ó adapta-la división eclesiástica á realidade social galega, dunha Galicia rural, agrícola. A provincia ourensá queda dividida porque unha parte pasa a depender do bispado de Astorga.

Nas parroquias levábanse rexistros parroquiais para o seguimento dos fieis, para ver se cumprían coas súas obrigas relixiosas; nos séculos XVII e XVIII a estrutura clerical mantense sen grandes cambios ou modificacións:

segue sendo un extracto social adañeirado, con entradas de diñeiro continuas por dezmos, sobre todo os párrocos e bispos especialmente o de Santiago, o máis acaudalado de Galicia, sendo os outros bispos galegos moito menos adañeirados que el, os irmáns pobres en definitiva; dise incluso que o arcebispado de Santiago mantiña a máis de corenta persoas na súa casa, o pazo episcopal; os cóngos composteláns tiñan e mantiñan catro criados ou criadas, cando nas outras provincias galegas o persoal auxiliar era moito máis reducido; a vida eclesiástica dos cóngos transcorría, por certo, plácida, feliz, sen os agobios, nin misas, nin sermóns dos encargados das parroquias; conversacións, charlas, paseos e tertulias tranquilas, adoaban a plácida vida coenxil.

Coa apertura dos seminarios, a igrexa mellora notablemente as virtudes clericais. Unha igrexa que se manifesta totalmente compracente, satisfeita coa orde política da monarquía, sobre todo coa defensa do rei absoluto; considéraa parte fundamental da orde política.

A Igrexa é a portadora da riqueza cultural, nun mundo no que case ninguén sabe ler. Incluso algúns reis son analfabetos. Os monxes pónense a copiar libros e máis libros, traballo no que pasan toda a Idade Media.

Lendo a cartilla ós pecadores

Pola súa parte os curas párrocos eran os eclesiásticos de batalla diaria e loita continua, dentro, claro está, dunha economía totalmente saneada, con media ducia de servidores ou máis, que os mantiñan afastados da vida terreal, que facían que o cura se dedicara só á cura das almas e espíritos, cobrando desde logo as súas tarifas por sacramento administrado; e chóvelle traballo; hai que bautizar ós que acaban de nacer, aplica-la extremaunción ós moribundos, perdoar pecados e máis pecados nunha época na que había moitos pecadores, casar ós noivos, a misa do domingo, a festa patronal, rogativas cando había sequía, bendicir casas novas e colleitas.

O crego onde canta, xanta

Eran personaxes destacados na aldea, no mundo rural galego e ademais tiñan unha óptima e envexable situación económica; levan a súa contabilidade, os seus libros e hai listas de débitos por hipotecas e algúns curas son verdadeiros negociantes, tratantes de gando; párrocos que, ó falecer, eran os donos de moitas casas da aldea por préstamos non cobrados, tendo incluso os

herdeiros que lava-la cara ó cura morto e, por remordemento de conciencia, dedican despois todo o diñeiro amontoado a levantar unha pequena capela, nalgunha aldea que estivera sen ela. De maneira que estudar para cura era asegurarse o presente, o futuro de tódolos parentes; e tódalas familias campesiñas loitan, intentan desesperadamente que o latín entre, aínda que sexa a golpe de martelo, na cabeza do seu fillo, preparando con tempo a gran festa da primeira misa.

Os frades, pola súa parte, tiñan os seus caudais máis centrados na orde que en cada un dos seus membros; eles en definitiva viven en comuna, colectivamente. Uns relixiosos, frades e monxas, que tiñan fixada a súa ración diaria de alimentos e bebida; debían madrugar, con horarios duros e severos, que o tempo se lles botaba enriba; había que rezar e rezar todo o día e tamén realiza-los labores de campo, labores agrícolas, xa que esperaban ingresos pola venda dos seus produtos rurais. Tódalas semanas os conventos eran visitados polo duro e rigoroso vixilante episcopal que perseguía, intentaba o bo, o recto camiño para os frades. Incluso tiñan que facer unha confesión pública dos seus pecados; era o capítulo.

Baixo o lema “Reza y Trabaja”, mesturaban a oración co esforzo; á medianoite e cando acababan de se acostar, a campaña botábaos da cama para as oracións de “maitines”, ó amencer volvían á oración, “laudes”, misa, rezos, almorzo e empeza o traballo, a tarefa diaria, para ás 12 deterse e cantar “a prima”. Mentras almorzaban, no comedor, escoitaban en silencio a lectura espiritual, a vida dun santo, o evanxeo. Ás dúas da tarde viñan as oracións de “tercia”. E ó atardecer as “vésperas” e xa rematado o día, cantaban as “completas” que comprendían fermosos cánticos espirituais chamados gregorianos. Remataban o día rendidos, esgotados.

Con esto botamos unha ollada á Igrexa, unha igrexa que ten desde logo luces e sombras.

CAPÍTULO XIV

OS FIDALGOS



Os fidalgos, os xentilhomes, teñen pouco máis cá súa honra; campesiños donos das súas terras, que só xorden en España. Imaxinémoslo vestido de negro, ollos grandes, actitude altiva, espada no van, coa súa capa, con poboada barba. Hai bastante de fachada. Fidalgo é unha persoa que polo seu sangue, pola súa ascendencia, se considera un individuo nobre, distinguido; é unha clase social civil e non relixiosa, alta, que aparece no século XVI e significa a recuperación do mundo rural. É o fillo de alguén ou fillosdalgo. A metade do camiño entre nobre e campesiño; hai un rasgo racista na súa orixe porque presume de pureza de linaxe.

Por debaixo dos fidalgos, a xente corrente, os campesiños, os habitantes dos pobos. No chanzo inferior estaban os agricultores que traballaban fincas das que non eran propietarios. Logo, os braceiros comúns, donos da súa casa e unha parella de vacas que se ofrecían a cambio de cartos.

Varias estirpes fidalgas galegas deben a súa existencia a expertos e habilidosos comerciantes, outras a curas adifneirados e incluso a autoridades e ós postos ocupados cos que fixeron fortunas na política, no poder; hai tamén fidalgos procedentes de capitais traídos de América.

Pazos con capela propia

Os fidalgos eran propietarios de grandes patrimonios, con pazos que podían compararse a conventos, cunha ampla explotación ou finca e unha granxa rodeando o pazo e moitos ingresos, se ben había grandes diferencias; uns inmensamente ricos, outros con poucas terras e malas colleitas. O momento inicial dos fidalgos galegos está na formalización polo fidalgo dunha cláusula de herdanza de fillo maior a fillo maior, co fin de evita-la posible fragmentación da terra en tempos vindeiros; desta forma quérese mante-la herdanza intacta, procedemento que inmoviliza o capital, as terras


na mesma familia; logo vería o ansiado título aristocrático, que podía ser conde polo momento.

Estamos nos séculos XVII e XVIII e, por enriba de fortunas e outras prebendas, a importancia dos fidalgos manifestábase en ter igrexas propias e lugares destacados nos actos públicos; tiñan polo tanto o din e don. A existencia cotiá dos donos dos pazos e fidalgos chama a atención de escritores, de poetas; forman xa parte da historia literaria galega. A calidade de vida variaba duns casos a outros, era polo tanto variopinta pero a maioría dedicaba case todo o seu tempo á caza e moi pouco ás afeccións literarias; os pazos tiñan o seu contable que nalgúns casos era un cura que coidaba tamén a biblioteca e se encargaba do cobro de percepcións varias que correspondían ós fidalgos; autorizaba os gastos da casa e cobraba como honorarios seus unha parte importante do que recadaba; os gastos de máis contía do pazo eran atender sobre todo a conservación, o mantemento así como a explotación agrícola; pero tamén manter, claro está, as necesidades da familia.


En Arzúa, provincia da Coruña, atópase o señorial pazo de Brandeso, xa moi deformado, un edificio que data do ano 1544, segundo pode verse na súa capela. Ten a torre desfeita e aparece citado por Valle-Inclán nas súas novelas. En Rodeiro, provincia de Pontevedra, está o pazo de Camba. Outro pazo galego. E máis pezas da arquitectura rural.

Campesiños, outro burato ó cinturón

A vida feliz dos fidalgos contrastaba coa dos pobres campesiños, última capa social, que en moitos casos pasaban fame; a xente do século XVIII, a xente corrente, o pobo liso e chan vivía moi mal; a partir da primavera, as casas rurais tiñan xa as despensas baleiras, sen carne, e moitos ían á meseta ás segas; o pobo campesiño galego cra de lento ritmo de vida, pero unha sabedoría popular envexable, cunha cultura rica, que compaxinaba as celebracións cristiás coas festas civís como pode ser o ENTROIDO; é un campesiño, de todas formas, conservador pero non estático, de gran forza espiritual, moi individual por certo, defendendo con unllas e dentes as súas propiedades, o seu capital, a súa vida, a terra, a súa terra, reticente ó pago de taxas, impostos; con desordes, con revoltas, se é necesario, en festas e acontecementos populares.



Pazo de Castrelos. Vigo.



O PELIQUEIRO

Na foto podemos velo coa súa indumentaria. Con chaqueta e pantalón curto e camisa branca. Leva no cinto os chocallos para facer ruído e asusta-la xente; co antifaz de madeira pintado.


No mallo ten atada a pelica. de aí peliqueiro e con ela golpea ós que topa diante. Pódese insultalo, berrarlle, rirse del, pero non se lle pode nin tocar nin sequera proferi-lo nome do peliqueiro. Non camiña despacio, ten que ir de présa, a saltos.

Simboliza a bestia, o bruto, conforme o significado do entroido. Hai que dar liberdade por uns días á carne. Supón unha limpeza, unha liberación do individuo fronte á rutina, o aburrimiento diario.

Algúns ven tamén nel o recadador de contribucións do Castelo de Monterrei.

CAPÍTULO XV

A INDÚSTRIA NO SÉCULO XVIII



Barcos cargados de ouro ó fondo da Ría de Vigo

Durante o século anterior, século XVII, a economía galega atravesara unha fase de prosperidade, se ben a caída das exportacións ó Reino Unido lle afectara negativamente. Agora este novo século, século XVIII, comeza en Galicia cun combate; en 1702 a escuadra inglesa entra na ría de Vigo e afunde uns galeóns que viñan cargados de ouro, prata e outros metais preciosos, tesouros todos eles procedentes de América.

Coa chegada de Carlos III ó poder, a economía liberalízase e a industria privada levanta voo; pero Galicia foi desde sempre un país eminentemente agrícola e non só Galicia senón que outras rexións europeas tamén foran basicamente campesiñas; sen embargo inician o camiño industrial; eso non ocorre aquí; aquí mantense a sociedade campesiña galega, cun fogar que se dedica a faenas que non eran rurais, segundo o tempo dispoñible, e que proporcionaban ingresos extra para comprar produtos fundamentais, vitais para ir enchendo as moitas bocas da casa. No campo galego había distintas industrias que ocupaban ós campesiños no seu tempo residual. Delas imos falar agora.

A siderurxia española nace en Galicia

No século XVIII comeza a desenvolverse a industria do metal, manufactura do ferro; había un número reducido de fundicións pero vai a porse en pé un importante plan, o do Marqués de Sargadelos, aínda que con máis ruído que noces; había ferrerías así como fraguas, talleres varios que proporcionaban ferramentas, e outros utensilios metálicos; nas forxas subministraban osíxeno con enormes foles. Poucas fábricas de fundición, de metalurxia, pasaban dos cen obreiros, se ben orixinaban un emprego derivado, inducido, interesante como extracción do ferro, acarreo e tamén a preparación do carbón vexetal.

Vexamos con detemento a instalación da primeira central siderúrxica de España que vai ter lugar en Sargadelos, provincia de Lugo, e que é xa un verdadeiro forno alto, aínda que alimentado con carbón vexetal; é por iso o proxecto máis destacado de tipo siderúrxico desta época en toda España. Era o século XVIII, concretamente o ano 1791, cando ANTONIO RAIMUNDO IBÁÑEZ, así se chamaba este importante industrial, este home de negocios, inicia as obras da súa central siderúrxica e as remata en 1794; abre unha fundición, que senta un precedente en toda España, cun número de operarios elevado, case 400. Nin máis nin menos que o primeiro alto forno da siderurxia española onde se fabricaban todo tipo de utensilios industriais.

O alto forno alimentábase de carbón vexetal que se traía dos bosques cercanos á fábrica; os campesiños presentan un gran rexeitamento porque se trataba de montes veciñais e a fábrica necesitaba grandes partidas de leña para poder traballar, incluso se esixía, segundo contan, ós das aldeas limítrofes cargar coa madeira, o mineral de ferro e demais combustibles que se precisaban; houbo una oposición popular na primavera de 1798 por parte dos labregos lucenses; asaltan e destrúen parte do complexo de Sargadelos, cansos de perder montes comunais; varios milloiros de persoas rodean a casa do marqués e quéimanlla; o marqués milagrosamente escapa e salva a súa vida.

Antonio Raimundo Ibáñez leva ata as súas últimas consecuencias as ideas burgúesas de mercado libre; home emprendedor, activo que acometeu os máis diversos negocios como importación de liño do Báltico, comercio de aceituna, cereais, viño e os seus derivados, fabricación de armas, de cerámica.

Mantiña negocios con América, con países nórdicos, con Francia e Inglaterra. Foi un auténtico líder industrial este gran home que morre en Ribadeo en 1809 a mans duns amotinados que o consideraban un afrancesado. O seu proxecto fracasa, e fracasa pola oposición da nobreza, pola oposición do clero que fai desaparecer unha experiencia interesante, coa rebelión dos campesiños que apagan para sempre o lume dos altos fornos, poñendo fin a este proxecto ilusionante, esperanzador. Esta fundición fai do seu creador un precursor da industrialización galega; nel é considerable a influencia dos economistas de Europa máis famosos naquel tempo como Adam Smith, Turgot e Quesnay. Como eles é acérrimo defensor da propiedade privada sen ningún tipo de recortes así como contrario a calquera lei que poida rebaixa-la actividade privada, o funcionamento do mercado.

Chegan os cataláns a Vigo

Avanzado o século XVIII, Galicia xa é unha rexión pesqueira de capital importancia, con fábricas de peixe coñecidas fóra de España. A súa base física para desenvolver-lo sector pesqueiro é extraordinaria, inmellorable e xa tiña unha gran tradición empresarial a pesca, tanto en extracción como industrialización; precisamente neste século XVIII chegan cataláns e máis cataláns a Galicia; primeiro dedícanse ó salgado, logo ó conserveiro; veñen moitos antigos mariñeiros cataláns que estaban en paro, e queren traballar nas fábricas galegas, porque hai perspectivas de negocio; na súa maleta de viaxe gardan escrupulosamente novos métodos empresariais para este sector e sementan a moderna industria pesqueira galega; daquela organízase unha asociación de defensa dos industriais galegos fronte ós cataláns; nunha ocasión os mariñeiros de MUROS queimaron as factorías de salgado dos cataláns.

A mediados do século XVIII houbo acordo e convivencia pacífica entre cataláns e galegos, con algunhas tensións; a finais deste século os cataláns fanse con todo o sector conserveiro, desprazando así ós galegos da súa propia terra. Esta industria ía converterse de todas formas, 100 anos despois, ou sexa a finais do século XIX, nun sector importante para a economía galega; o máis importante quizais.

A revolución industrial non vén a Galicia

Campomanes tiña un proxecto para levantar, no século XVIII, unha moderna fábrica de liño en Ribadeo, pero encontrou forte oposición dos privilexiados da vella orde e así abórtanse os primeiros pasos de renovación; era outro proxecto interesante; pese a este fracaso, pode dicirse que a confección é o sector máis importante de GALICIA no século XVIII.

O fenómeno industrial económico denominado REVOLUCIÓN INDUSTRIAL non chega plenamente á nosa rexión, unha rexión que ten unha materia prima básica, o liño, fibra na que Galicia é a primeira rexión productora. O cultivo desta fibra é un proceso complexo, delicado; para a preparación utilízanse fuso, roca e moi pouca maquinaria, polo que o rendemento é escaso; o proceso empregaba moitas persoas que viñan sobre todo do campo. Unha vez satisfeito o consumo, o excedente enviábase fóra, a Castela sobre todo, onde se fabrican distintas prendas tanto de vestido como domésticas tales como sabas; os carreteiros, ou incluso os segadores que ían á meseta, transportábano.

Os tecidos, a confección, a roupa galega, lévase a América, desde os campos galegos; é o comercio colonial por mar. Con eso, o liño galego resulta insuficiente para abastece-las fábricas; hai que amplia-los cultivos e desde logo recórrese á importación, sobre todo desde Rusia.

No Reino Unido empeza con forza a revolución industrial, unha revolución que é o momento inicial da industrialización; de Inglaterra espándese por tódolos países e, segundo os factores que impulsan ou frean o desenvolvemento industrial, sexan propicios ou desfavorables; empréganse novos combustibles, novas enerxías para move-las máquinas das fábricas; é a maquinización, con división do traballo incluída, que dá un tombo, un xiro de 180 graos á maneira de producir e vaise a notar sobre todo na fabricación de roupa; neste sector prodúcense importantes transformacións; aparece o algodón como materia prima alternativa ó liño, moi competitiva e con certas vantaxes, porque permiten unha máis fácil industrialización nos teares, se ben o liño vai seguir por moito tempo aínda en Galicia como materia prima básica da roupa, cando o algodón está presente xa en tódolos mercados mundiais desde hai tempo e vai desprazando pouco a pouco ó liño.

CAPÍTULO XVI

ILUSTRACIÓN GALEGA

A comezos do século XVIII Galicia está na máis absoluta penumbra, na máis absoluta miseria intelectual; parece que estaba ata mal visto estudar moitas ciencias; eran coñecementos, dicíase, inservibles, unha ameaza para o espírito, para a relixión. Algúns galegos, ante este panorama, intentan poñer luz no pensamento; eran letrados, intelectuais aburridos de tanta ignorancia. Estamos no século da razón; trátase de cambia-la historia pola evolución, o pasado polo futuro, polas reformas. A Ilustración española pretende sintetizar, harmoniza-la lóxica e a razón coa relixión, fronte á francesa que arremete contra a fe, contra o culto. Os ilustrados españois son na súa maioría cristiáns practicantes.

A Galicia do século XVIII toma conciencia da cuestión social porque comezou a industrialización cargada dun forte liberalismo económico e propensa a múltiples atropelos sociais; cómpre por iso, contrarresta-la inxustiza social e ademais avanzar tamén no camiño da democracia, que tende por outra parte a conseguir maior benestar para todos.

Hai que realizar profundas reformas en Galicia, poñela á altura dos tempos. Ha de sacarse o noso país do escurantismo, das tebras. Máis progreso e menos tradición. Establecen o despotismo ilustrado, unha reforma profunda da sociedade pero desde arriba, desde o poder.

Economistas ilustrados

O século dezaeito, o século das Luces, da Ilustración ten pensadores galegos que abren as portas para que entren os novos aires, os frescos ventos da Ilustración que sopran en Europa. Pensadores, escritores e reformistas galegos, que se centran no tema agrícola e rural; o mundo agrario foi a preocupación dos políticos no século XVIII, porque había que encher moitos estómagos e tódolos días; os seus traballos converxen na mellora das produccions agrícolas, nos regadíos e son moi conservadores no terreo

doctrinal; envían respectuosas mensaxes de reforma ó monarca, ás clases gobernantes, ós políticos pero non ós agricultores, ó pobo; prefiren polo tanto sensibilizar, non axitar ó pobo con conflitos sociais e fano só por nobreza, xenerosidade, altruísmo; confían no rei, nas autoridades relixiosas porque España é de sempre católica. Sen embargo é conveniente e urxente impulsar algúns cambios sociais e eso é o que difunden nos seus escritos e que pretenden facer mellores as condicións de vida da xente.

Os ilustrados fundan sociedades que aircan as súas ideas políticas e económicas; aconsellan un conxunto de cambios que melloren o rendemento, a produción; que poñan fin a tódalas penurias dos débiles, que se acaben as prebendas dos antigos nobres. É unha proposta política que fai súa o chamado despotismo ilustrado, ó que nos referiamos arriba; esaxerábase demasiado o papel do mercado, a súa bondade.

Os padres Feijoo e Sarmiento


Teñen por tanto boa acollida as ideas de Adam Smith e pensan que hai que ser prácticos e centrarse nunha sociedade determinada, que ademais é pobre; e é a súa terra, a súa Galicia; hai que administrar ben os escasos recursos dispoñibles; algúns chámanos economistas ilustrados; aquí temos xa o padre Feijoo, un frade que desde o convento de Samos trata de frea-la bruxería que tanto abundaba naquel tempo, sobre todo en Galicia. Este sinxelo beneditino cmpuña a espada da razón. Xa naquela época defendía a igualdade da muller e do home. Partidario da tolerancia, do respecto a novas e diferentes ideas. Era famoso en toda Europa. Outro ilustrado, o padre Sarmiento; un diccionario ambulante con coñecementos moi amplos, moi extensos. O Marqués de Sargadelos, creador do primeiro alto forno da siderurxia española na provincia de Lugo, como xa vimos, e que foi unha persoa que compaxinou perfectamente unha gran preparación intelectual, doctrinal cunha enorme intuición para os negocios; outro ilustrado era Cornide de Saavedra. Dedicouse á investigación científica e escribiu libros sobre fauna mariña e cartografía. Para difundir as ideas dos ilustrados creáronse as sociedades económicas de amigos do país, formadas por persoas de boa posición con gañas de reformas e cambios. Tratan de sacar a Galicia do subdesenvolvemento en que está.

O traballo que realizan as Sociedades Económicas, intentando remozalo mundo rural, non serve de moito porque os rendementos agrarios non avanzan, mantéñense estables; o crecemento da produción consiste unica-

mente en poñer en cultivo terras antes inexploradas. Os ilustrados ademais toman conciencia do problema dos regadíos; denuncian os principais déficits, carencias do mundo agrícola galego; aí está o minifundio, con cicatrices na pel da xeografía galega, cos obstáculos que conleva pola reducida dimensión das explotacións rurais; dedican tamén a súa atención á agricultura que debe crecer paralelamente á gandería. Pensando no pobo, por e para o pobo, pero sen o pobo. A xente, o pobo é demasiado ignorante e non entende a urxencia dos cambios. Hai que implanta-las reformas desde o poder. Esa é a regra destes pensadores.

Adam Smith recomenda libre comercio

Fronte ó Reino Unido ou Holanda, España vai con moito retraso e Galicia con moito máis aínda; os ilustrados póneno de manifesto. Adam Smith e os outros clásicos ingleses pensaban que se pode aumenta-lo produto por obreiro, por operario, pero non sen límite; o aumento débese a que se incrementa a produtividade porque se vai usando e acumulando capital; pero, se aumentan os rendementos, as producións, e non aumenta o mercado, non hai beneficios, polo que hai que eliminar barreiras; deféndese, polo tanto, o libre comercio e por eso tamén a mellora dos transportes, das comunicacións. Estas reivindicacións son o denominador común dos pensadores españois e galegos da segunda metade do século XVIII.



CAPÍTULO XVII

A EMIGRACIÓN



Podemos dicir que a emigración é o feito social máis característico dos dous últimos séculos da historia de Galicia e que conta con causas múltiples. Vagar polo mundo adiante pode ser moi atractivo, pero se se sae de casa por pobreza, miseria, indixencia, penuria, é ben distinto; é no fondo, e case non me atrevo a dicilo, unha desgracia; pero o galego é así, antes de pelexar contra as inxustizas sociais que padece, opta por se marchar.

Once mil familias para Andalucía

Ós galegos pásalles coma ós xudcos, porque tamén eles teñen, mellor dito temos, unha diáspora. A emigración é o resultado do desequilibrio en bocas, estómagos por un lado e renda e recursos por outro; teñen múltiples motivacións; expansión demográfica, reducida dimensión das explotacións e en definitiva baixa renda por persoa. Xa os escritores románticos enxalzaron a nostalxia, a morriña do galego que se vai e deixa os seus familiares; pero tralo charco hai un posible futuro; poderán pagar débedas, comcr tódolos días, o que se vai e os que se quedan e ademais comprar vivenda. Quén sabe.

Xa no século XVII prodúcese un fenómeno migratorio galego coa repoboación de Andalucía, dado que Felipe IV establece en Granada 11.000 familias galegas para poboar terras desertas debido á expulsión dos mouriscos, que eran mouros que foran bautizados segundo o rito cristián; logo Galicia continuou perdendo poboación debido á emigración. Durante o século XIX xa se produce unha emigración interior, dentro da península cara ó norte; Vizcaia e Barcelona son as principais provincias de destino, pero tamén á sega, á vendima en determinadas épocas do ano; é a emigración andoriña e diríxese cara a Castela. Vanse varios miles de ducias, despois de deixar preparados os seus campos, sementadas as terras, as colleitas no graneiro; era polo tanto unha emigración ocasional, estacional, que comezaba na primavera; ían en grupos, volvendo no outono, despois de realizada a

sega e incluso a vendima e así ano tras ano; máis intensa na Galicia terrestre, rural con menos ingresos e tamén pola proximidade xeográfica e maior que na costa galega.

Pero falemos da emigración exterior e transoceánica. Co paso do tempo algúns conseguen facerse homes ricos. Adaptáronse a América e non voltaron xamais. Outros pola contra cun pouco máis de morriña quixeron reencontrarse co seu pasado. Aquí presentáronse corentóns, boas persoas que desexaban investi-los seus cartos na súa propia terra, para que mellorara economicamente e acometeron negocios sobre todo na construción; contribuíron tamén a modifica-la mentalidade do pobo. Ó emigrante que volta a casa, á súa terra para disfrutar da fortuna conseguida, chámasele **“americano”**. O seu regreso, a súa volta é un feito social destacado e indica o éxito alcanzado. A súa odisea comezara sendo novo; marchara do pobo solteiro. Empeza por dependente dunha tenda, logo pasa a se-lo encargado, e faise socio do dono e ó final, remata quedándose co comercio.


Agora, 20 anos despois desembarca no porto de Vigo ou da Coruña co seu traxe branco, cun bastón, co seu sombreiro de palla; con xemelgos e aneis de ouro; casa coa moza máis nova, máis guapa da aldea e no seu fogar pódense ver xa lavabos e a radio. Se o seu éxito económico foi grande, e eso notarase nos seus enormes e pesados aneis, nos seus xemelgos de ouro ou incluso na dentadura, converterase en rendeiro. É famosa a reflexión do indiano, do americano, que se ve ó pé dun debuxo de Castelao **“¡Que falta de sivilisación, ya ni los moros comen puerco y aquí se puja un jamón para las ánimas!”**

Os que vían chegar a estes indianos rapidamente facían as maletas e embarcaban canto antes para América. En realidade quedaba máis cerca que Madrid.

Todavía na miña nenez asistín ó regreso dalgúns emigrantes nos anos 60.

Facendo as Américas

Pero xa houbo unhas saídas de galegos a terras afastadas, á América de fala hispana, desde moi pronto; cunha industria durmida, non quedaba outra solución que busca-lo pan fóra da terra, sobre todo a xente do campo; era, polo tanto, un regulador automático dos excedentes de poboación laboral en determinadas zonas. Desde o século XVI téñense noticias da existencia de



Estación Marítima de Vigo na actualidade, onde fai anos saían os trasatlánticos cargados de emigrantes galegos con destino a América.



AVIÓN

Galicia significa a terceira parte do total da emigración de España, sendo moi forte en Ourense, provincia que va á cabeza de todas, polo desequilibrio entre poboación e renda. Nesta provincia está Avión, localidade ourensana que se ve na foto e onde se dan os máis altos índices de emigración a América. Estes galegos montaron sociedades económicas, escolas, incluso revistas e axudaron ós galegos que quedaron aquí. Esta é a Galicia Exterior, a Galicia Ideal que chamaba Castelao.

No século XX a emigración galega ten xa douscentos anos e está máis arraigada que nunca ó proporcionar oportunidades dunha nova e mellor vida persoal e é tamén para a familia que se queda.

Esta emigración é, por enriba de todo, unha emigración de homes, homes ademais novos, traballadores productivos que van a América "*chamados*" por algún familiar buscando mellores condicións económicas e sociais. En Arxentina, pese ó gran continxente de forasteiros, "*galego*" é todo emigrante español, o que reflicte indubidablemente a manifestación tan destacada, tan viva, de Galicia.

A emigración significa tamén unha total modificación da sociedade do país galego. Produce "*viúvas e orfos de vivos*" como dicía Rosalía de Castro. Polo contrario, a emigración continental separa as familias só temporalmente; emigran nalgúns casos o marido e a muller e ás veces ata cos fillos.

galegos nas Indias, en América, pero a emigración con carácter colectivo non se produce ata o século XVIII; alcanza o seu apoxeo no século XIX, no que se desencadea un verdadeiro boom da emigración a Hispanoamérica e ademais con caracteres masivos, multitudinarios; intensifícase o fluxo migratorio a países de América Latina; trátase de saídas colectivas na súa maioría, con billete de ida pero non de volta, polo menos definitiva. Así que Galicia preséntase como exportadora de capital humano, necesario para o desenvolvemento do capitalismo e que necesita unha forza laboral barata. Marchan fóra, sobre todo os homes, polo tanto é unha emigración fundamentalmente masculina; homes e ademais novos.

Para conseguir xente para meter nos barcos, para gañar clientes deambulaba polas feiras, polas aldeas, persoal das empresas navieiras, que pintaban a América como o ceo. Por cada emigrante que conseguían, cobraban unha comisión. Moitos pais apuntaban a nenos nada máis face-la primeira comunión. Así, á parte de facilitarlle o futuro, eximíanos da mili que naquela época duraba máis de tres anos e que seguramente lles involucrara nalgún dos múltiples conflitos existentes. A finais do século XIX, Galicia atravesaba unha profunda crise e ademais hai unha política en América a favor da emigración aínda que a principios do século XX se produce unha paralización ou freazo de entradas de estranxeiros nestes países.

Ó rematar a Primeira Guerra Mundial, é dicir nos anos 20, a situación mellora notablemente, aínda que coa crise do 29 as saídas de galegos e españois en xeral ó continente americano caen en picado, de forma acelerada porque descende o emprego en todo o mundo e incluso se derruban os prezos das materias primas e de tódolos produtos en xeral; isto afecta de forma hostil, dura, ás economías latinoamericanas, principais puntos de destino dos nosos emigrantes ó estranxeiro; de maneira que, a continuación, cada país aproba normas para frea-la inmigración, a chegada de estranxeiros.

Así que a corrente migratoria galega se ve afectada polas circunstancias dos puntos de destino, pero hai ademais circunstancias internas a ter en conta, tales como a guerra española do 36 e a política da postguerra en que se cerran as fronteiras para saír de España; esta lexislación modificárase nos anos 40, concretamente o 46, ano desde o que se pode xa saír ó exterior libremente e comezan de novo os movementos migratorios a América con barcos que cargaban no porto de Vigo moitos emigrantes e que cruzaban o charco en busca de fortuna para as súas familias. Pero comprobamos que non é ouro todo o que reloce.

Saen barcos e máis barcos dos principais portos galegos e moitos empeñan todo o seu capital como garantía da pasaxe e, se en destino non pagaban, a navieira adquiría tódalas súas propiedades. O comportamento cos pasaxeiros era duro e ó chegar a América habían de pasa-la aduana onde estaban os doutores que os ían auscultando un por un, en previsión de posibles trastornos infecciosos. Ganchos de pensións ofertando habitacións económicas e empresarios, patróns dispostos a levar a homes robustos e laboriosos para facelos traballar como animais, características que tiña o emigrante galego. Era doce, sufrido, duro, resistente, calado. Aí empezaba un auténtico calvario, unha escravitude. Como nas películas de trata de negros, de Kunta Kinte coa chegada de escravos africanos a Estados Unidos. O que lle esperaba era como para botarse a tremer.

Conquistando Europa

Europa está en plena reconstrucción e necesita man de obra abundante e barata. Para alí saen moitos galegos en busca de cartos, un soldo que se vai converter en divisa e ser ben recibido aquí; esto amortigua o paro español. E eso é o que ocorre. Nos anos 60, cambia o destino da emigración e os galegos van agora a Europa, que necesitaba man de obra barata para a reconstrucción, tendo un gran crecemento económico, a maioría dos países, sobre todo Francia, Alemaña e Suíza fundamentalmente, países con baixas taxas de natalidade e unha pirámide de poboación vella. Neses anos, ten carácter masivo, xeneralizado, sobre todo na Galicia rural de menores recursos económicos. Tamén influíron os recortes e restriccións do Plan de Estabilización do 59, de contención de gastos públicos, rendas salariais para mante-lo nivel de prezos estable.

Hai que ter en conta que os países hispanos, nos anos sesenta, establecen maiores trabas e dificultades para as correntes inmigratorias e seguen agora unha política moi rigorosa; así van recibir cos brazos abertos a persoas preparadas, con bo nivel profesional. Europa ofrece vantaxes como a cercanía e os salarios superiores; esta emigración dura ata o 73 e saen cada ano cerca de 100.000 persoas en toda España das que a quinta parte son galegos. Son moitos os galegos que marchan a Europa, a estados europeos que están a reface-las súas economías castigadas pola II Guerra Mundial; uns emigrantes que envían diñeiro, divisas e colaboraron a poñer en pé o noso país destrozado pola Guerra civil. A economía española respira cos cartos que mandan os emigrantes. Nos mesmos anos 60 intensifícase a emigración

interior, ó norte de España con niveis de desenvolvemento máis altos e con máis empregos que ofrecer.

O saldo da emigración é que queda vivo polo mundo adiante o espírito galego, o noso idioma, os nosos costumes. É a Galicia exterior. Galegos que xunto cos seus negocios manteñen palpitante o corazón da terra. Actualmente a emigración está en franco retroceso e prodúcense numerosos retornos cada ano; centros galegos que hai por todo o mundo, noutro tempo de gran sona, están atravesando agora un mal momento porque moitos son os que se viñeron e moitos tamén os que están facendo as maletas; por esto desde Galicia, desde a Xunta, haberá que proporcionarlles algún tipo de protección social.

Os emigrantes que quedaron en América nunca deixaron de sentirse galegos e constitúen un "lobby", un grupo económico, de poder, de influencia. Seguen falando galego e practicando o folclore galego. Levantaron casas de Galicia como o caso do centro galego da Habana, construído en pedra de granito, e outro célebre, o de Bos Aires, e tamén organizaron sociedades de beneficencia. Galegos cento dez por cen.

Galicia deixou de ser unha terra de emigrantes afortunadamente e todo galego ten agora a posibilidade de traballar na súa terra e logo, se quere, saír de vacacións a América ou a Europa.



CAPÍTULO XVIII

AGRICULTURA NO SÉCULO XIX



Trátase a AGRICULTURA dun sector transcendental, básico polo carácter vital dos produtos agrarios e porque é o medio natural de vida de boa parte da poboación; en Galicia a agricultura tiña, e ten aínda na actualidade, un peso especial; é alto o índice de poboación primaria da nosa rexión e moi reducido o número de persoas que viven en cidades. Agricultores e gandeiros a partes iguais. A agricultura galega beneficiárase duns cultivos procedentes de América; a principios do século XIX, a actividade agrícola realizase en pequenas granxas en réxime de producións diversificadas, cultivos varios, distintos e sen moitas saídas ó mercado de consumo exterior, con numerosas parcelas de reducida dimensión, sen maquinaria adecuada nin a tecnoloxía precisa. Estes son algúns rasgos da agricultura galega no século XIX; unha agricultura sen futuro e polo tanto a única saída, a válvula de escape é a emigración a América, como vimos no capítulo anterior.

Viño e vacún

A riqueza do pobo consistía en montes veciñais e parroquiais de propiedade compartida; había ademais unha gran superficie deserta, sen ningún tipo de cultivo agrícola ou forestal e que desenvolvía cometidos necesarios para o funcionamento da actividade agraria como fertilizantes, leña para queimar, troncos para casas e construción en xeral así como pensos para a fauna, para o gando. Co aumento da poboación cómpre ampliar pouco a pouco a superficie en explotación.

As producións máis importantes eran millo, centeo, así como patacas e tamén había unha ampla superficie dedicada ó viñado; en gandería predominaba o vacún; para fertilizar utilizábase, mesturado con restos orgánicos, o toxo. Non se empregaban polo tanto fertilizantes alleos, do exterior á explotación; eran, podíamos dicir explotacións agrarias autónomas, independentes; unha agricultura, que usa moito traballo, moito capital humano e moi pouco capital instrumental; non hai ferramentas agrícolas, trabállase o

campo sen ningunha tecnoloxía nin fertilizantes e é unha agricultura protagonizada por un campesiño moi rutinario, moi reacio ós cambios, ás novas técnicas agrícolas.

O gando, sobre todo vacún, e o viño foron os produtos con máis saídas ó exterior, ós mercados de fóra, se ben o viño sofre no século XIX unha acusada caída debido á climatoloxía adversa que bota a perde-los cultivos. Ademais, a mediados do século XIX hai unha peste xeneralizada e empezan a aparecer tamén enfermidades da vide. O gando, pola súa parte, proporciona importantes dividendos ó agricultor galego; vendas que van dirixidas ó mercado castelán e ó portugués, comercio complicado polo deficiente e lamentable estado das calzadas e camiños.

A gandería ten unha aplicación fundamental para o traballo para os labores do campo, pero tamén para a produción de leite e carne; pouco a pouco vaise ampliando os espazos para pastos, pradería e forraxes; é polo tanto a agricultura galega no século XIX unha agricultura conservadora e con escasa dimensión das explotacións; ademais mantéñense todavía os foros; cómpre modifica-lo réxime de propiedade, o minifundio, fenómeno especialmente intenso en todo o norte de España e cuns males que xa puxera de manifesto con anterioridade Jovellanos, coñecido agrarista asturiano, cunhas ideas que teñen unha grande influencia na política desamortizadora que se vai levar a cabo no século XIX e que pasamos a estudar a continuación, tras traza-los rasgos básicos da economía galega hai cento cincuenta anos.

Pecado mortal, comprar bens desamortizados

Durante o século dezanove, ten lugar a desamortización que converte á Igrexa en contraria total ó Estado liberal. Ata esa época a Igrexa tiña gran potencial económico e moito influxo, cun presuposto económico similar ó Estado e con case a quinta parte das terras cultivadas de todo o país galego. Dura longo tempo, sesenta anos, mentres que en Francia se realiza nuns poucos; intensifícase sendo Ministro de Facenda Mendizábal, de 1834/1843, o malo da película, un Mendizábal que levaba tempo afiando a gadaña e que agora entra a saco nas propiedades da Igrexa; consistiu na venda en poxa pública de bens municipais (desamortización civil) e tamén de bens da Igrexa, que estaban sen cultivar (desamortización eclesiástica). Con ela o ministro Mendizábal consegue, de paso, cartos para as guerras carlistas.

O estado liberal quere facer contas, axustar contas coa Igrexa. As finanzas do clero experimentan, agora, unha perda importante. Para os curas nomear a Mendizábal é como nomear ó demo ou cita-la soga en casa do aforcado. O revés que recibiron foi moi grande e incluso a contrapartida económica ofrecida ós clérigos humillante, pois pasaban a ser funcionarios, eso si funcionarios celestiais de cura de almas, se se quere. Despois do ano 1844 as vendas en poxa pública de bens continúan a menor ritmo.

En Galicia a desamortización eclesiástica foi moi intensa e incluso ten unha resposta dura da Igrexa que aconsella ós seus fieis, desde o púlpito, que non acudan ás poxas; aínda que os cartos, como din, non teñen color; e os que os tiñan non desaproveitan a oportunidade de participar naquel saldo. Había mosteiros cun inmenso patrimonio e que experimentan tamén unha importante sangría; quedan á intemperie; a Igrexa botando chispas. Logo véndense bens de concellos e Deputacións por outra lei desamortizadora, a de 1855, lei Mandoz con importantes vendas de bens civís.

Pódese dicir que, coa desamortización, non se consegue reforma-la propiedade da terra, e pásase dunha estrutura feudal a unha estrutura capitalista; os latifundios substitúen ós morgados; a desamortización ten un forte impacto na Igrexa, porque cesa a influencia dos antigos mosteiros sobre o agro galego.

A desamortización non supón, non significa o cambio agrario que o noso país necesitaba; retrocédeuse en vez de avanzar; non se crea unha clase agrícola propietaria das fincas que cultivaba; esto dotaría ó país de gran quietude social, quietude e estabilidade que nese momento España tanto necesitaba. Pero as fincas do clero pasan ás mans de grandes propietarios que viven na capital ou núcleos urbanos afastados das terras e que alugan eses latifundios en condicións leoninas que un encargado, un capataz, fai cumprir con rigor ou déixaos en barbeito.

A reforma é, ademais, nociva para algúns agricultores pois a Igrexa ás veces, aínda que poucas, levada pola caridade cristiá, non esixirá moita ou tanta renda, sobre todo en épocas de crise. Os novos donos son agora máis mesquiños e faltos de sentimento. De maneira que o que foi deseñado ou concibido como instrumento de cambio só consegue un capitalismo máis cruel, máis despiadado. Salta agora á escena unha nova clase social, a alta burguesía, os novos ricos con comportamentos cercanos ós da nobreza. Unha reforma rural cara atrás, ó revés. Moitas destas propiedades vanse pagando con cortas de madeira masivas e abusivas que van desertizando máis e máis o agro galego.

Perdémolo mercado inglés

Moi avanzado xa o século XIX, chega a primeira República e expónse tamén o tema agrícola, sen ningunha transcendencia práctica, e remata o século XIX cunha aguda decadencia do sector agrario galego; esta crise débese á competencia dos produtos traídos de Arxentina ou de Canadá que entran cada vez máis plenamente no tráfico mundial agrícola e a prezos moi baixos, moi asequibles, competindo e prexudicando á economía galega e ó resto de España; perdemos ademais o mercado inglés que absorbía gando vacún galego en cantidades importantes porque clientes de produtos galegos agora cómpranos a Estados Unidos; isto asestou un golpe mortal á gandería galega que foi difícil de encaixar, se ben finalmente o vacún galego se dirixiu, e ademais con éxito, ós mercados españois, de aquí, porque tiñan bo cartel entre os consumidores os produtos cárnicos galegos; coincidiu ademais cunha mellora nas comunicacións, sobre todo por ferrocarril, que reducen sensiblemente as distancias coa meseta.

ANEXO LEGISLATIVO SOBRE FOROS

Ley de Redención de foros de 20 de agosto de 1873

Las Cortes Constituyentes, en uso de su soberanía, decretan y sancionan la siguiente ley:

Artículo 1.º Se declaran redimibles todas las pensiones y rentas que afectan a la propiedad inmueble, conocidas con los nombres de foros, subforos, censos frumentarios o rentas en saca, derechos de plantura y cualquier otra que de la misma naturaleza.

Art. 2.º El derecho de redimir estas cargas compete a los pagadores de las mismas exclusivamente. Este derecho es intransmisible por sí solo, y una vez ejercido, no podrán onerar los predios los precios en cuyo beneficio recaiga durante los cuatro años siguientes a la redención, bajo pena de nulidad de los contratos que a este precepto contravinieren, a menos que alguna desgracia o caso fortuito se atribuya al interesado y le obligare a la venta.

Art. 3.º La redención habrá de hacerse por rentas o forales enteros, si lo exigiere así el precepto, y constare la entidad de la renta en los títulos originales o novaleros de la misma, o en prorratas fehacientes en juicio.

Art. 4.º Cualquiera de los pagadores de una renta o foral podrá solicitar, y obtener la redención total, según el artículo anterior, si, requeridos los demás en acto conciliatorio, rehúsan hacerlo en cuanto a sus cuotas respectivas. Estas podrán ser después redimidas por los pagadores individualmente, con arreglo a la presente ley; pero si en su fuero, tendrá derecho a percibir sólo el que haya hecho la redención total de la renta. No será necesario el previo requerimiento de que habla este artículo respecto a los interesados menores, incapacitados, o ausentes del municipio donde radiquen los bienes que se intentan redimir.

Art. 5.º Sin embargo de lo establecido en los dos precedentes artículos, podrán ser individualmente redimidas cualesquiera cargas de las que se trata, cuya importe anual no baje de 25 pesetas y afecte a uno o más predios rústicos; y las que graven a una finca urbana cuyo valor exceda de 2.000 pesetas. Para los efectos de este artículo sólo se reputarán fincas urbanas los edificios construídos en las poblaciones agrupadas que se distinguen con las denominaciones de pueblos, puéblas, villas o ciudades, o los que constituidos en el campo no tienen otra tierra, cuyos productos se utilizan con labor o sin ella.

Art. 6.º Cuando el capital de las cargas redimibles en virtud de esta ley consista liquidado en el título de imposición o en los de adquisición, siempre que este título o títulos se hallen inscritos legalmente en el Registro de la propiedad correspondiente, la redención se hará mediante la entrega en metálico del mismo capital o su equivalente.

Art. 7.º Las cargas redimibles, cuyo capital no fuere conocido de la manera declarada en el artículo anterior, se redimirán con sujeción a las reglas siguientes:

Primera: Las cargas de renta anual de 25 pesetas o menos se redimirán al contado y al tipo de un 4 por 100.

Segunda: Aquellas cuyo renta excediere de 25 pesetas podrán redimirse, bien al contado, al tipo de un 6 por 100, bien durante cinco años en cinco plazos iguales a razón de 100 de capital por cinco de renta. En este caso, el primer plazo se abonará al otorgarse la escritura de redención, comenzando a contarse el segundo desde la misma fecha; hasta el completo pago continúa el precepto cobrando la renta redimida, rebajada cada año lo prorata correspondiente a lo satisfecho en los anteriores.

Servirá de base para la capitalización de las rentas pagaderas en especie la valuación de ésta, conforme a la medida en que se pague la renta y el precio medio que en la capital del término municipal haya tenido durante el decenio inmediatamente anterior al año en que la redención se verificó.

Art. 8.º Los gastos que originen las redenciones serán siempre de cuenta de los redimidos.

En las redenciones a plazo se constituirá, si lo exigiere el precepto de la renta redimida, hipoteca especial sobre las fincas liberadas en garantía de los plazos futuros, pero si las fincas tuvieran ya otro gravamen inscrito en el Registro de la propiedad de cualquiera clase que fuere, los perceptores podrán rehúsan la redención a plazo; mientras no se cancelen tales gravámenes.

Art. 9.º Los que en la actualidad perciben rentas de las expresadas en el artículo 1.º, porque ellas mismos o las personas a quienes heredaron las obtuvieron del Estado, a títulos de redención, como procedentes de bienes nacionales; y cuyos copropietarios en el dominio del no se aprovecharon por cualquier causa del beneficio de la redención durante el término legal, están obligados a otorgar la redención parcial que de sus respectivos cuotiles soliciten en cualquier tiempo dichos copropietarios al mismo tipo y en iguales condiciones que ellos la verificaron con el Estado.

En tanto que esto no se verificó los expresados redimidos continuarán percibiendo como hasta aquí la renta con que contribuyeron o debe contribuir en la actualidad cada uno de los mencionados copropietarios.

Art. 10.º Fuera de los casos previstos en el artículo anterior, las rentas

y pensiones adquiridas del Estado a título de redención, serán redimibles con sujeción a lo establecido en los artículos 2.º al 8.º inclusive de esta ley.

Art. 11. Los Jueces de primera instancia o los Jueces o tribunales que en lo sucesivo ejercieren su actual jurisdicción, son los únicos competentes para conocer de los expedientes de cargas a que esta ley se refiere.

Las solicitudes de redención, se tramitarán en la forma instituida por la ley de Enjuiciamiento civil para los actos de jurisdicción voluntaria, oyéndose a las partes y recibíndose sus pruebas en comparencias verbales, sin formalizarse juicio ordinario. Las actas y demás actuaciones se extenderán en papel de oficio; los autos definitivos que recaigan en estos expedientes tendrán fuerza de sentencias definitivas, y las oposiciones que contra ellas se interpongan se admitirán y sustanciarán como las de los juicios de menor cuantía.

Art. 12. Queda abolido el laudemio en los contratos de foro y sub-foro, y su importe prohibido no se agregará en ningún caso al capital redimible.

Art. 13. Será nulo todo contrato de sub-foro que en lo sucesivo se otorgare, cualesquiera que sean el nombre y forma que se le diere. Los demás gravámenes de que hace mérito esta ley, que dada su promulgación se impusieron o reconocieron sobre la propiedad inmueble, rústica o urbana, serán redimibles en todo tiempo a tenor de lo prescrito en los artículos anteriores.

Art. 14. La obligación de pago de ramas forales, sub-forales, y demás que son objeto de esta ley, no se reputará constituido en reconocimiento de dominio directo, sino en consideración a las fincas. Tampoco se presume su existencia en la obligación a no ser que la solidaridad conste de una manera expresa, estipulada en los títulos originarios o novaleros de la carga, o en prorratas, fehacientes en juicio.

Art. 15. Los expedientes sobre declinación o prorratas de rentas forales y subforales se sujetarán a las reglas establecidas en el artículo 11, para los de redención de las mismas cargas.

Los testimonios de los autos definitivos y sentencias firmes que recaigan en estos expedientes, declarando derechos reales, serán inscribibles en el Registro de la propiedad.

Artículos adicionales: 1.º El Gobierno queda autorizado para dictar las disposiciones que armonicen las prescripciones de la presente ley, con lo que está ya notificado del contrato conocido con el nombre de *redención* en Cataluña.

2.º Las disposiciones de esta ley son aplicables en cuanto su naturaleza lo permita, a las cargas conocidas en Aragón con los nombres de *usados*. Respecto de éstas el laudemio será en todo caso el 2 por 100.

Real Decreto-Ley sobre redención de foros de 25 Junio de 1926

Artículo 1.º En debida cumplimiento de lo preceptuado en la base 20 de la Ley de 11 Mayo de 1888 y en el apartado 3.º del art. 1.º del Código civil, se declara redimibles todos los foros, subforos, forales frumentarios, rentas en saca, sisas, derechos de plantura y cualquiera otra gravámenes de índole naturaleza jurídica sobre bienes inmuebles en las provincias de Galicia, Asturias y León, que hubieran sido constituidos antes de la promulgación del Código civil.

Art. 2.º Si en las escrituras de constitución o imposición de las cargas forales a que hace referencia el artículo anterior, se hubiese previsto el caso de la redención, se efectuará como estipulándose en las pactos y condiciones resultantes de tales títulos, o no ser que las partes, de común acuerdo, prefieren acogerse a las normas de este Decreto-Ley.


Art. 3.º Si no se hubiere previsto la forma de redención en los títulos constitutivos ni llegasen a un acuerdo los forales y foralanes sobre la fijación del capital que correspondiera a las pensiones, se capitalizarán según las siguientes reglas:

1.º A razón de cien de capital por cuatro y medio de renta, si se trata de foros originarios que no procedan de la desamortización, cuya constitución conste por títulos fehacientes, inscritos o no en el Registro de la Propiedad, y que graven sobre bienes inmuebles determinados.

2.º A razón de cien de capital por cinco y medio de renta, si se trata de foros procedentes de la desamortización o de rentas forales que carezcan de títulos escritos de constitución, novación o reconocimiento, y se vengan satisfaciendo por inscripción extraordinaria o por la posesión en el caso de pensiones.


3.º A razón de cien de capital por seis y medio de renta, si se trata de subforos de cualquier grado, foros frumentarios, rentas en saca o gravámenes forales de toda clase, cuyos títulos y bienes sean desconocidos.

4.º En los casos de duda respecto a la naturaleza jurídica de las prestaciones forales y similares, se capitalizarán al seis y medio por ciento.



CAPÍTULO XIX

INDUSTRIA NO SÉCULO XIX



O século XIX é o século do romanticismo, da imaxinación, o século que cambia a razón polas emocións; a medida e a lóxica polas sensacións, os sentimentos, as paixóns, a desorde. E sen embargo é un século de alto contido económico e industrial. No político hai que destaca-la Constitución de Cádiz, A Pepa, no ano 1812. Un século con varios golpes militares como o de Riego, que pretende obrigar ó rei Fernando VII a xura-la Constitución. Moitos levantamentos militares veñen de sociedades secretas como a masonería.

A prosperidade coa que comeza Galicia este século XIX sofre un duro golpe, un colapso coa invasión napoleónica, época na que abunda o contrabando e ademais as tropas francesas destrozan edificios e instalacións; en varios puntos organízanse movementos armados, incluso en Santiago os propios estudantes enfróntanse ós franceses; a reacción popular contra as tropas de Napoleón expándese por Galicia enteira. Nas distintas cidades prepáranse unhas “xuntas” para organiza-la defensa.

Cachamuiña recupera Vigo

Non hai dúbida de que Napoleón non só quixo traer ó noso país a guerra, senón tamén a nova cultura que se respiraba en Europa, unha cultura que terminara coa antiga monarquía: liberdade non só de pensamento senón tamén de relixión. Os nobres e ricos sentiron recelo por esta nova cultura que debilitaba o seu poder e enfrontáronse ó novo monarca. Ós que se deixaban seducir por estas ideas chamábaselles afrancesados e desconfiábase deles. Napoleón achegábano-las últimas novidades, as máis avanzadas da época.

Chegou un momento no que os franceses tiñan Vigo e Tui, dous núcleos importantes e en poder de estranxeiros. Organízase un exército de guerrilleiros, agricultores rudos e valerosos e homes de mar. Bernardo González del Valle, que fora un bravo militar, organiza unha tropa de guerrilleiros, unha



A RECONQUISTA DE VIGO

O pobo vigués votouse en masa contra as tropas galas e fixo dar volta a aqueles soldados afeitos a saír vencedores cos máis poderosos exércitos de Europa. O rebundio pasou a ser axiña batalla campal e o pobo de Vigo abalanzouse contra os forasteiros con calquera obxecto que tivera á man coma unha machada, un martelo, unha escopeta.

A falla de caudillos fixo organiza "Xuntas" en distintas cidades para prepara-la pelexa; comerciantes, profesionais, nobres co pobo de Vigo detrás. A meta era moi sinxela: abaixo a bandeira francesa. A insurrección veciñal foi grande.

O pcor foi que dixemos non a doutrinas que eran as máis progresistas do momento.

Aparecen ós primeiros guerrilleiros, guerrilleiros que se moven con gran rapidez, que andan ó seu aire. Un guerrilleiro é resistente, primitivo, preparado para grandes atrocidades e grandes fazañas tamén. Algúns non se diferenciaban moito de pistoleiros, capaces de entregalo todo, incluso o seu corpo.

O máis forte, o máis capacitado organizaba os piquetes de loita. Algúns fixéronse famosos noutras rexións españolas como O Empecinado, e en Galicia, en Vigo, Cachamuiña. Nesta guerra participaron tamén os curas que non vian con bos ollos as ideas liberais e laicas que traían os franceses. Unha revolución que pectou un duro golpe ás fábricas galegas que se instalaran na etapa da Ilustración e que agora quedaban destrozadas.

guerra de guerrillas, a primeira da época moderna; a palabra guerrilla pasa así ós vocabularios bélicos. O guerrilleiro é duro, primario, apaixonado da súa terra, capaz das maiores crueldades e tamén das maiores fazañas; algúns case non se diferencian moito dos contrabandistas ou bandoleiros, nos combates locais, nada como peixe na auga e intervén activamente na recuperación, na defensa de Vigo. Este valente guerreiro chamado tamén Cachamuiña, emblemático defensor da cidade olívica, rescata heroicamente a cidade; machada en man derruba a porta da Gamboa, unha das portas de Vigo daquel tempo e emprénde a golpes cos franceses, unha cidade que daquela tiña murallas e por ela introduce os seus valentes guerreiros derrotando ós franceses; obrígaos a abandonar Galicia para sempre en 1809; era o día 28 de marzo, día no que se podía ver ós franceses embarcando no porto de Vigo; así Galicia é a primeira rexión española completamente libre de franceses.

O século XIX chega, como dicíamos, cunha Constitución nova; o 19 de marzo de 1812, día de San Xosé; é a PEPA; resúmese na frase “**a soberanía reside no pobo**”, supón un intento de unir tradición e modernidade; aínda que as mulleres todavía non teñen dereito a voto. Era en Cádiz, en medio dunha gran festa de chirigotas. A xente esperaba milagres e non se producen. Só traen conceptos abstractos; soberanía popular, igualdade ante a lei, principios que non significan nada na vida cotiá, diaria.

É o século XIX e case tódalas nacións do occidente europeo entran na senda da industrialización; Galicia non logra, sen embargo, da-lo salto adiante por falta de iniciativa empresarial entre outras cousas, así como polos condicionantes xeográficos que a aíllan do resto de España e perde o compás do desenvolvemento industrial; todo vén abaixo, frústranse proxectos e vaise perdendo o pulso do crecemento económico, cedendo lugares no ranking nacional; noutros países, confección e metalurxia eran os sectores motores do crecemento e aquí estaban nunha profunda crise, durmidos polo fracaso de varios proxectos. De todas formas neste século XIX, hai algúns sectores que presentan boas perspectivas, como construción de barcos, pesqueiro, cerámica e o enerxético.

O sector eléctrico desenvólvese moi tardiamente, incluso a principal empresa galega, FENOSA, constitúese despois da guerra civil, nos anos 40, para atende-las necesidades da demanda imposta polo proceso industrializador que se iniciou neses anos. O conserveiro non ten o seu verdadeiro despegue ata a época terminal deste século XIX. A industria do liño, materia prima abundante en Galicia, vai perdendo importancia desde o século XVIII,

FARO DE VIGO.

PERIODICO MERCANTIL, AGRICOLA E INDUSTRIAL.

Este periódico se publica los jueves y domingos de cada semana.—Precio de suscripción 6 rs. al mes en esta ciudad, y fuera 20 rs. por trimestre franco de postal. Deprimar 12 rs. al mes, también franco.—No se recibe ninguna correspondencia que no venga franca.

Vigo 3 de Noviembre de 1833.

==

Al presentarnos en el estado de la imprenta, no son otras nuestras aspiraciones que las de coadyuvar, en cuanto lo permitan nuestras débiles fuerzas, al fomento de los intereses de Galicia, que deplorables circunstancias por una parte, y preocupaciones funestas por otra, contribuyeron á que esta vasta provincia continúe su participar de los beneficios que otros disfrutan ya. Muévanos también el deseo de sofocar esas rivalidades que no han desaparecido del todo entre provincias hermanas, y el de contribuir al mismo tiempo á que las Castillas, uniéndose mas estrechamente á este antiguo reino, puedan dar á su agricultura é industria mayor impulso, como Galicia mas vida á sus intereses mercantiles y marítimos con el auxilio del interior de la Península.

Si los enlaces de familia, el sentimiento religioso, el elemento monárquico y el principio de unidad administrativa, pudieron reunir bajo un mismo cetro diversos países, conocidos antes con los nombres de condados, señoríos, principados y reinos para constituir una gran unidad política, no han sido capaces, por ahora, de borrar completamente las diferencias que en aquel entonces había. Mucho, es cierto, se hizo desde el reinado de D. Alonso el Sábio para uniformar social y económicamente la nación; pero no poco tiene que hacer la administración y no menos la prensa, para que haya un todo armónico, sea una misma la legislación civil y económica, y desaparezcan esas diversidades de dialectos, de pesos, medidas y monedas, y con todo ello, falsas creencias y vulgares errores, sancio-

nados por nuestro silencio y las aseveraciones de algún escritor.

Ninguna provincia como la de Galicia es víctima de esas prevenciones desfavorables, de esos equívocos juicios; y por eso común es el error en creer á este territorio conquistado desde el siglo VI á los sucesos por Leovigildo y erigido en reino por Fernando I en el siglo XI, como un país triste, pobre y estéril, y á sus naturales como la gente de mas corta entendimiento. Las consecuencias que se siguieron de este fatal error nadie las desconoce, para estendernos á manifestarlas; baste decir, que esta gran porción de la corona de Castilla no mereció por anteriores administraciones la atención de que es muy digna, considerándola siempre como la Irlanda española. Contra ese reprensible abandono, contra esos calumniosos epítetos protestaron mas de una vez los hijos del país; y nosotros que nos gloriamos de haber nacido en él, cumple á nuestra conciencia y á nuestro amor propio ofendido, demostrar que se equivocan grandemente los que toman la inercia gallega por esclavitud, la economía por mezquindad y la prudencia por estupidez. Sin embargo, gracias á la ilustración de la época no necesitamos esforzar los argumentos, ni aducir demasiadas pruebas en defensa del país, porque otra es la opinión que se vá formando ya del carácter de sus habitantes, de sus disposiciones naturales y de la fertilidad del suelo.

Los que se dejan llevar de vulgaridades y se dotienen poco á examinar un hecho para averiguar la causa que lo produce, los que miran con desdén á los que se emplean en trabajos útiles y emigran de su país, por un corto

plazo, para suplir muchas veces la falta de brazos que hay en otros puntos, los que, finalmente, juzgan que un territorio que produce lo bastante para sostener su población, no la permite que emigre á otros en demanda de trabajo son víctimas, los unos de su ligereza, y los otros de un falso principio. La emigración gallega á varias de nuestras provincias y al Portugal, no es hija de la esterilidad del suelo como generalmente se presume, sino mas bien de los hábitos de inercia y economía que tanto distinguen al labrador gallego.

Nadie ignora que cuenta Galicia con multitud de rios y ríos abundantes en esquisitas pescaldas, que tiene profundos valles, dilatadas vegas, frondosas selvas y dehesas, y estensas pradas para sostener una población mas numerosa; pero todas se olvidan ó desconocen que nuestros paisanos no se contentan con los ricos frutos que el suelo produce, que no pueden vivir en la ociosidad, ni tranquilamente descansar de sus faenas consumiendo los productos de la tierra, regada y fertilizada con el sudor de su frente. Si estas circunstancias se tuviesen presentes cuando el agricultor gallego deja su hogar para trabajar en algunas de nuestras provincias, seguros estamos que otra sería el juicio formado del país. Tan arraigadas están en él la sobriedad, el apego al trabajo y la prudente economía, que sus habitantes van en busca de ocupación en donde quiera que la encuentran, sin por eso abandonar el cuidado de sus terrenos.

Es costumbre inveterada en nuestra gente del campo, concluidas que son las principales labores que exige la tierra, abandonar su familia, á la que

porque van aparecendo novos centros fabriles de algodón, fibra máis apta para a industrialización e utilización da maquinaria.

As fábricas de tecidos e coiro botando a sesta

Galicia tiña unha tradición metalúrxica desde o proxecto de Sargadelos do século XVIII, finais, pero tamén unha gran frustración xa que, pese a estes intentos, non consegue subir ó carro da moderna siderurxia; quedaban algunhas fundicións limitadas a mercados locais, co uso do carbón vexetal, que por certo empezaba a subi-los seus prezos pola escaseza; hai, polo tanto unha crise manifesta, sen retorno, sen volta xa; ante a moderna siderurxia doutros puntos do Norte de España, desaparece case totalmente; por sorte a cerámica, se ben tamén ten certas dificultades, consegue, pese a esto, saír adiante e manterse ata os nosos días con produtos interesantes que ofrecer.

No século XIX, Galicia é unha rexión coñecida pola industria do coiro, da pel; dispón de recursos, carballos, abundantes rescos de bovino e ovino, pero mentres outros puntos de España e do estranxeiro se transforman, se modernizan notablemente, aquí eso non ocorre e séguese usando a técnica tradicional, que era moi deficiente; non se buscaron métodos novos para o curtido que simplifiquen a súa elaboración ou a aceleren, conseguindo un maior rendemento. Os cataláns sitúanse na vangarda destas técnicas e con calidade; agora xa non son aceptados nos mercados internacionais os produtos galegos e as fábricas do noroeste entran nunha profunda crise.

Falando precisamente de tecidos hai que lembrar que en Galicia, ata hai pouco, nalgunhas zonas, sobre todo na Gudiña, provincia de Ourense, se usaba a “**coroza**” verdadeira capa pluvial, confeccionada de palla e tecida de sorte que a auga esvaraba por esta. Moi empregada en zonas montañosas e de intensa chuva. Tamén se usaba en Irlanda. Agora pasou á historia e só a podemos ver nas *queimadas*.

Despegue do sector conserveiro

Na penumbra da crise industrial xeneralizada de Galicia no século XIX, hai excepcións e unha é o sector conserveiro se ben o seu despegue total non ten lugar ata a etapa finisecular do dezanove; é un sector con futuro, pero polo momento a súa xénese é lenta. Co tempo, Galicia vai se-la primeira zona española en fabricación de conservas de peixe e isto porque se produciron finalmente cambios innovadores; é desde logo herdeira, debedora das

antigas fábricas de salgado que instalan os cataláns tempos atrás, a finais do século XVIII.

Durante o século XIX hai importantes "handicaps" que impiden que este sector tome voo definitivamente, adecuadamente, pese a que xa hai unha profunda experiencia e unha base física, natural apropiada, excepcional para a pesca e derivados; hai dificultades nalgunhas materias fundamentais, esenciais, como aceite e folla de lata; o aceite español curiosamente ata finais do século XIX é de deficiente calidade, de xeito que era necesario traelo de fóra de España; coa folla de lata ocorre algo parecido, tamén presenta un déficit técnico, de calidade e, en definitiva, hai que importalo. Por se esto fora pouco, camiños e vías de comunicación coa meseta estaban en malas condicións e resultaban insuficientes e o mesmo ocorre co ferrocarril; isto limitaba o mercado polas dificultades para chegar ata os puntos de venda.


Afortunadamente toda esta situación vai cambiar e mellorar a finais do século XIX, etapa na que só hai media ducia de instalacións, pero comezando o século XX cóntase case cun centenar de fábricas conserveiras con boas instalacións; é unha etapa de gran desenvolvemento e Vigo sitúase á cabeza, e pasa a se-la primeira cidade en canto a fábricas de conservas, cidade que está na débeda con este sector pola actividade inducida e derivada que orixina; fai crece-la pesca extractiva, moverse a fabricación de barcos; estaleiros que teñen que atender novos pedidos de barcos de pesca; pero é máis, crece tamén a industria auxiliar como fabricación de envases e outras.



40 - VIGO

Pescadería venta al detall

L. Reisin, Fot




LA TOJA: Balneario Antiguo y Fábrica



Na foto poden verse músicos galegos ambulantes coa típica *coroza*, verdadeira capa pluvial que foi moi usada fai anos para protexerse da chuvia, tan frecuente en Galicia.

CAPÍTULO XX

O FERROCARRIL



O tren empeza a substituí-la dilixencia, un tren que xorde como unha solución ó transporte de cargamentos masivos de mercancías; un medio de transporte que a España chega máis tarde que a Inglaterra ou a Alemaña, onde existían fortes concentracións industriais, países nos que o xigantesco investimento en infraestrutura queda compensada pola forte densidade de tráfico. Con motivo da construción do ferrocarril hai conflito, hai enfrontamento entre as distintas cidades galegas; as tensións norte-sur dificultan a unificación de posturas e criterios, unificación que sempre é desexable, e de forma especial no trazado de vías de comunicación; este enfrontamento é obstáculo para desenvolver un tendido ferroviario adecuado, coherente.

Estamos a mediados do século dezanove e o tendido do ferrocarril en España está xa moi avanzado; a revolución industrial está a facer camiño e unha das súas máis espectaculares manifestacións é a chegada do tren. Comeza a circular a primeira máquina de tren a vapor, en medio dunha gran festa, inaugúrase a primeira liña férrea, Barcelona-Mataró, en 1848 o día 28 de outubro; é a primeira liña peninsular; varios anos antes xa funcionaba unha liña en Cuba; logo Madrid-Aranjuez, tres anos máis tarde, da man do marqués de Salamanca e en presenza de Isabel II.

Os primeiros días a demanda é grande e isto obriga a dotar ó tren de máis de trinta vagóns para transportar ós dous mil viaxeiros. Logo a composición do tren queda fixa. Trala máquina, coche de primeira clase, dous de segunda e tres de terceira. Nestes primeiros tramos a velocidade comercial, velocidade que inclúe as paradas que fai o tren nas estacións, é tan só de 40 quilómetros por hora.

Constrúese con ancho diferente a Europa coas dificultades que eso vai significar, non por razóns estratéxicas, por impedir unha invasión ou polo menos facela máis difícil, teoría por certo moi estendida, senón por razóns técnicas, é dicir que con ese ancho se pode conseguir locomotoras máis potentes. Ademais séguese o modelo francés, moi centralista e radial, con

orixe en Madrid e destino na periferia, modelo moi controvertido. Este deseño centralista presenta inconvenientes, á hora de comunicar, tanto para mercancías como para viaxeiros, comunidades como Galicia e Asturias ou o País Vasco, onde precisamente emigraban tantos e tantos galegos, sobre todo nesa época. O tren aparece como un medio de transporte indispensable, como un gran invento, un medio de comunicación que non perde a súa hexemonía ata o desenvolvemento do sector automobilístico. Con el, a paisaxe transfórmase, aparecen pontes, túncles e estacións.

Na misa dominical, piden para o tren

Coa chegada da restauración borbónica non queda en España ningunha rexión sen ferrocarril, agás Galicia, que segue totalmente marxinaada. Intensifícase a petición popular de ferrocarril, para integrar a Galicia co resto de España e lévase a cabo unha iniciativa multitudinaria, pedindo cartos a cambio dos futuros beneficios que vai reportar o tendido férreo; institucións públicas, autoridades demandan a colaboración cidadá e fórmanse xuntas de subscrición popular; ata os párrocos elevan oracións e pregarias pola chegada do tren ó tempo que nas misas dominicais aconsellan ós seus fieis que colaboren economicamente para que o ferrocarril sexa pronto realidade. É un desexo, de tódalas cidades galegas, con pelexas e enfrontamentos localistas pola presenza do ferrocarril.

Pero polo momento Galicia queda á marxe do tendido ferroviario e é que a mediados do século XIX a situación económica galega non é nada favorable a que acuda capital inversor de fóra buscando rendibilidade, a unha rexión que atravesaba unha forte crise que afectaba a toda a industria; as empresas de confección téxtil, sobre todo a industria do liño, están en fase de extinción e desaparición; todos ou case tódolos proxectos empresariais, rematan cun soado crac como foi o caso da siderurxia, tal como así ocorre cos altos fornos de Sargadelos. Só a industria conserveira parece ter un certo futuro, se ben a mediados do século XIX non está aínda consolidada e desenvolta suficientemente.

Galicia, marxinaada

Hai escaso interese de capital de fóra por realizar grandes investimentos aquí, en Galicia, nunha liña de enormes dificultades técnicas, con moito risco financeiro por diante e que non garantía os beneficios económicos

PROVINCIA DE LUGO.

JUNTA DE SUSCRICION PARA EL FERRO-CARRIL.

Las provincias de Galicia pueden alimentar la esperanza de un porvenir fecundo y halagüeño. Si hasta ahora, por diferentes causas se han visto postergadas á otras, que mas felices han logrado un prodigioso aumento en sus intereses materiales, el momento feliz se acerca de ponerse á su nivel, y de que la agricultura, la industria y el comercio reciban el desarrollo, á que se presta nuestro fértil suelo, con su dilatada costa, los abundantes rios y torrentes que lo cruzan, y la no desmentida laboriosidad de sus habitantes.

El gran agente que ha de operar este cambio es el camino de hierro, que enlazando con el del Norte, y atravesando las ricas provincias de Palencia y Leon, entra en Galicia, y dividiéndose en dos ramales, une á una el uno en el puerto de Vigo y el otro en el de la Coruña, cruzando esta provincia y la de Lugo y el primero las de Orense y Pontevedra.

La trasformacion que este pais debe sufrir en cuanto se ejecute esta obra es indescriptible. Ninguno está en mejores condiciones, por la inmensa variedad de sus productos, para aprovecharse de las ventajas de esa gran via de comunicacion; ninguno tiene mejores puertos á donde puedan acogerse las naves cargadas con los frutos de remotas climas; ninguno presenta tantos accidentes á la curiosa vista del viajero; ninguno cuenta, en fin con mas elementos á propósito para que el Ferro-carril ejerza sobre su fisonomía un cambio mas radical y favorable. Pero si, por el contrario, Galicia careciese de esa gran arteria fecundadora y si cuando las demas provincias estuviesen unidas entre si y en comunicacion con el Océano y el Mediterráneo por líneas férreas, les fallase á las nuestras ese lazo que les ligase con ellas; si quedamos aislados en el mas lejano rincón de Europa, sin comunicaciones por tierra con el mundo civilizado, sin las alas que el vapor presta á los pueblos modernos, para que vuelen en busca de su bien estar ¡qué triste y desgraciada sería la situacion de Galicia!

Pero abandonemos esta funesta idea. Hoy felizmente podemos abrir nuestro corazon á la esperanza.

Una ley reciente ha concedido el 50 por 100 de subvencion á nuestro Ferro-carril. Un hijo del pais, el Señor D. Juan Florez, trabaja con laudable actividad para formar una empresa que lo lleve á cabo; pero esto es imposible sino cooperamos todos á facilitarle los medios necesarios. S. M. la Reina nos dá el ejemplo, dignándose dispensarle su proteccion, permitiendo que lleve el nombre de S. A. R. **El Principe D. Alfonso**, é inscribiendo á este, como primer suscriptor, con quinientas acciones, ó sea un millon de reales.

Invitados los que suscriben por el Excmo. Sr. Gobernador de la provincia, para que reunidos bajo su presidencia, formasen una Junta provincial que fuese el centro de suscripciones y cesitase el celo de las Corporaciones y particulares, aceptaron gustosos este encargo y acordaron:

1.º Dirigir invitaciones á la Excelentísima Diputacion provincial y á todos los Ayuntamientos, para que consignen en sus presupuestos una cantidad para invertir en acciones, sin perjuicio de formalizar en su dia el oportuno expediente de autorizacion, aplicando ademas para el mismo objeto, el valor de sus propios si los tuvieren.

2.º Invitar á los Sres. Alcaldes á que bajo su presidencia, formen juntas locales, que esciten á los particulares á inscribirse en proporcion de sus fortunas, para conseguir la realizacion de tan importante objeto, enterándoles de las bases constitutivas de la empresa, segun las cuales cada accion es de 2.000 reales pagaderos á lo menos en seis años, sin que pueda exigirse el primer dividendo hasta que se de principio á las obras; que la cantidad entregada devenga un 6 por 100 pagado por semestres; y que cuando cada accion tenga satisfecho el 30 por 100 de su capital nominal se convertirá en un título al portador negociable y enajenable.

La Diputacion provincial y el Ayuntamiento de esta capital se han apresurado á inscribirse por cinco millones de reales, dos mil quinientas acciones, la primera, y cinco mil reales, cincuenta acciones, el segundo, dando una prueba de su ilustrado patriotismo.

Los que suscriben no dudán que las demas Corporaciones municipales, así como todas las personas cuya posicion les permita hacer un pequeño sacrificio en favor del pais, acudirán gustosos á contribuir para hacer posible la realizacion de una obra de la cual depende el porvenir de esta provincia y de las restantes de Galicia.

Lugo 10 de Abril de 1860. —El Gobernador Presidente, Rafael Núñez. —El Vice-presidente, Pedro Benito Valdes, Arcediano. —Ramon Neira Montenegro, Diputado á Cortes. —José Antonio Somoza, Diputado provincial. —Antonio de Cora, Diputado provincial. —Alejandro Guitian, Diputado provincial. —Antonio Ramon Camba, Diputado provincial. —José Soto Navia, Diputado provincial. —Jose de Auz y Saco, Diputado provincial. —Manuel Agustín Saco, Vice-presidente del Consejo provincial. —José Manuel Pardo, Consejero provincial. —Benito Hermida, Consejero provincial. —Pedro Pozzi, Alcalde de esta capital. —José Sanchez Arias, Teniente Alcalde. —Antonio Gid, Concejal. —Antonio de Castro Martinez, Procurador Sindico. —Marcelo Sanchez Moya, Ingeniero Jefe. —Francisco Gutierrez Palacios, Jefe de Fomento. —El Conde de Pallares, propietario. —Ramon Pedrosa, propietario. —Juan Pardo y Prado, propietario. —Benaventura Miguel Plá, propietario. —Manuel Anselmo Rodriguez, propietario. —Manuel Becerra y Llamas, propietario. —Gonzalo Jose Osorio, propietario y fabricante. —José Maria Castro Bolaño, abogado y propietario. —Genaro Rodriguez, abogado. —Nicanoro Garcia Taboada, abogado. —Lorenzo Perez Robredo, comerciante. —Valentin Pascual, comerciante. —José Jorge de la Peña, médico y propietario. —Dimas Corral, médico.

Imp. de Pedro Pujol y Masia.

Chamada dos promotores do ferrocarril a opinión pública para recadar fondos.

doutros trazados. Hai máis obstáculos para o desenvolvemento ferroviario; Galicia non é un gran mercado, un mercado importante, que rendibilice o tendido do ferrocarril porque non garante un tráfico suficiente, tanto de mercancías como de viaxeiros; tampouco ten riquezas naturais ou materias primas suficientes para enche-los vagóns do tren. É dicir, as compañías privadas non ven perspectivas de rendibilidade futura na nosa rexión e, por se isto fora pouco, temos unha orografía adversa, hostil que complica, que encarece os traballos ferroviarios polo seu carácter altamente montañoso. Isto non anima, pois, á hora de desenvolver-los proxectos.

Pero xa na última etapa do século XIX, con case 40 anos de retraso respecto ás primeiras liñas ferroviarias de España, ábrese ó tráfico finalmente os tramos galegos. En 1873 Santiago-Carril; en 1881 Ourense-Vigo e logo, en 1883, A Coruña-Palencia, precisamente o mesmo ano que entra en servizo o famoso Orient Express. As compañías férreas teñen números vermellos desde o principio porque o tráfico non é o esperado e os gastos de renovación de material ferroviario moi elevados fronte á crenza xeneralizada de que só era preciso un forte investimento inicial, e logo os gastos ían ser mínimos. Hai que dicir finalmente que o tendido do ferrocarril foi decisivo para o desenvolvemento do sector pesqueiro.

O último tramo do ferrocarril galego vaise inaugurar no ano 1958, entre A Coruña e Zamora. Supón a posta en marcha do túnel máis longo de España, o do porto do Padornelo, con seis quilómetros de lonxitude.


Nos últimos tempos o tren volve estar de moda. Cos anos 80, recentemente polo tanto, chega a Francia o tren de alta velocidade entre París e Lyon; era o ano 1981. Nesa década conséguese unha velocidade de 400 qm/h; en 1990, record aínda non batido de 515. En 1992 primeiro tren de alta velocidade en España, entre Madrid e Sevilla, cunha velocidade sobre vías de 356 qm/h.


A Galicia tamén está prevista a chegada do AVE. Galicia queda fóra dos proxectos prioritarios para as novas liñas de alta velocidade. Polo momento o trazado Valladolid-Galicia non se vai levar a cabo ata o ano 2007. O Goberno retrasa o noroeste mentres que non se esquecen doutros grandes trazados peninsulares. Hai polo tanto agravio comparativo. Agora queda unha Galicia sen movementos, parapléxica. Será desde logo interesante para a nosa rexión tanto económica como turisticamente e ademais para conseguir unha auténtica vertebración do territorio.

As obras en infraestructuras esixen grandes esforzos non só técnicos

senón económicos e incluso sociais porque han de realizarse expropiacións. Así mesmo pode haber grandes presións sociais para varia-lo trazado polo gran impacto ambiental que conlevan. E por se iso fora pouco, uns estudos aconsellaban a opción sur, Zamora-Ourense e outros, polo contrario, a vía Monforte, incluso unha solución intermedia.

Actualmente cando o tren non pode competir co coche nas distancias curtas nin co avión nas longas, quedan para o tren as distancias intermedias, para as comunicacións periféricas de España.





CAPÍTULO XXI

O PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX



Por fin remata o século XIX, un século que empeza cunha guerra, a da Independencia fronte a Francia e termina con outra guerra de Independencia, a de Cuba, e, no medio, unha cadeca inacabada de guerras civís, entre os propios españois. Chega o século XX, un século que desde logo é fillo do XIX. Pero miremos a Galicia, á Galicia exterior.


O día 2 de decembro de 1907 no gran teatro da Habana escóitase por primeira vez o himno galego. O día foi moi celebrado en memoria póstuma de Pascual Veiga; queríase obter recursos para levantar un monumento ó seu recordo en Mondoñedo. Así inaugura Galicia o século vinte.

España, e polo tanto Galicia, vive desde principios de século unha clara recuperación da economía, con rasgos manifestos de industrialización; no mundo rural, grandes e profundos cambios como é o dos foros que por fin se suprimen; os agricultores vanse facendo coa propiedade das explotacións. O ámbito productivo, pola súa parte, presentaba xa modificacións nalgúns sectores; pesca en aumento, certa industrialización de produtos agrarios, en consonancia cun incremento forte, sostido da demografía, especialmente nas cidades.


Botarlle a culpa ó centralismo

Ó empezar este século refórzase, intensifícase o nacionalismo galego, ó igual que ocorre noutras rexións españolas, con outros nacionalismos; son os nacionalismos periféricos. Os movementos nacionalistas cínguense a tres; catalán, galego e vasco, cunha historia propia en cada unha destas rexións; Cataluña fai fincapé no antigo reino catalán da Idade Media e ten da súa parte a burguesía catalana; Vascongadas, na perda de poder vasco cos foros, nacionalismo pchado nun profundo fundamentalismo, sobre todo con Sabino Arana. Galicia, que o basea na sociedade celta e que ten do seu lado ós intelectuais; todas estas rexións ven no centralismo o causante de tódolos males.


- HINO GALEGO - Letra Eodda Musica P. Veiga




E que din os ru-mo-ro — sos Na costa ven-de-
 Os bos e xe-ne-ro — sos A vo-sa- voz en-




cen te o ra-ia tras-pa-ren — te do pra-ci-doi lu-
 ren-des E con a-trou-ba-d ten — den c vo-sc ton-co




ar te que din as al-tas co-pai Des-cu rod-ru-me ar-
 son Ma-is Jo as i-ño — ran tes E - fe-ri-das e




pa-do co seu ben-compa-sa — do Mo-no- to-no fun-
 du-ros im-be-ci los Es-cu — ros Non os en-ten-den




gar? Do teu ver-dor cin-gui-da E de be-ni-nos as-tres con-
 non Os tempos son-che-ga-dos dos bardos das e-dades Audi




sin dos verdes pas-tos E va-le-ro-so Chan Non
 o-sis va-que-da-des cum-pri-do — jin te-ron — Pois



des a-es que ce-men-to Da in-xu-não ru-do en-co-no Des-
 donde quer xi-gan-te A vo-sa voz pre-go-a A-



vento do teu so — no fo gar-de Breo-gan fo gar-de Breo-
 re-den-son da bo — a Na-zon de Breo-gan la zonde Breo-



gan, de Bre-o-gan fo-garde Breo-gan, de Breo-gan —
 gan, de Bre-o-gan Na-zon de Breo-gan, de Bre-o-gan —

Himno galego que se estreou na Habana no ano 1907.

Avanzando no século XX, os nacionalismos vanse facendo cada vez máis reivindicativos, reclamando estatutos de autonomía á vez que algúns nacionalismos toman o camiño do federalismo ou do republicanismo. Parece que ten máis importancia o pasado que o presente e o futuro, máis o onte que o hoxe e o mañá; dispáranse forzas centrífugas por todas partes.

Un exemplo de nacionalismo moderado foi Alfredo Brañas, que morre empezando este século vinte, con só 40 anos de idade. Defendeu con gran entusiasmo o nacionalismo galego e por primeira vez deu un enfoque económico ós problemas de aquí. Xa sendo moi novo séntese enfermo e cada pouco tempo ha de estar no balneario de Cuntis. Brañas presenta a súa teoría dos círculos sociais con gran brillantez; a familia, o municipio, a rexión á que define Brañas como a asociación de familias e municipios agrupados por vínculos naturais e que ten entidade propia, independente dentro do Estado. O seguinte círculo é o Estado, para terminar na Humanidade ou a Sociedade de Xentes.

Galicia, sen embargo, a principios deste século, adoecía do máis necesario, unhas comunicacións axeitadas, sobre todo no que se refire ó ferrocarril. Logo, coincidindo coa primeira Guerra Mundial, que supón un balón de osíxeno para a economía española e galega tamén, entramos nunha etapa expansiva; vendémoslles ós europeos os artigos que eles non poden fabricar por estar en guerra; concretamente expórtase moito carbón; hai un crecemento significativo na economía española, precisamente pola posición de neutralidade do noso país que, desta forma, reforzará as exportacións sobre todo de minerais, facendo subministros ós dous bandos en litixio. Isto afectará positivamente a Galicia.

Tensións sociais

Os anos vinte iníciáanse cunha etapa de fortes tensións sociais, conflitos na rúa, sobre todo nas principais cidades galegas, con enfrontamentos entre obreiros e patronos; hai en marcha unha revolución obreira, marxista, proletaria; os protagonistas son os traballadores nas fábricas; o caos é inmenso; hai motíns, folgas; esta inestabilidade social vai dar paso á dictadura de Primo de Rivera, de 1923 a 1929, que é unha etapa de crecemento sostido da economía, sobre todo pola política de obras públicas que segue o Goberno. Lévanse a cabo nesta etapa grandes investimentos, grandes obras públicas, sobre todo hidráulicas e en regadíos. Precisamente desta etapa son as Confederacións Hidrográficas, que teñen como característica fundamental

A CORUÑA					
	MARCA	HP	PROPIETARIO	DOMICILIO	ANO
C-1	Decauvil	5	Luis Méndez	A Coruña	1902
C-2	Gladiator	10	Guillermo Michel	A Coruña	1903
C-3	Gladiator	10	Hugo Jorge	Santiago	1903
C-4	Gladiator	10	José Folla	A Coruña	1903
C-5	Gladiator	10	Eugenio del Río	A Coruña	1903
C-6	Gladiator	35	Julio González	A Coruña	1903
C-7	Renault	6	Ángel Durán	A Coruña	1903
C-8	Gladiator	6	Víctor López	A Coruña	1903
C-9	Gladiator	10	José Freire	A Coruña	1903
C-10	Dion Bouton	6	Enrique Varela	Pontedeume	1903

LUGO					
	MARCA	HP	PROPIETARIO	DOMICILIO	ANO
Lu-1	A. Berrage	16	Ramón Alvarado	Lugo	1904
Lu-2	Panhard	12	Luis Piñón	Ribadeo	1904
Lu-3	A. Berrage	12	Ramón Saavedra	Lugo	1904
Lu-4	Daimber	7	Antonio Pérez	Sarriá	1904
Lu-5	Weyher	-	Ramón N. Soler	Lugo	1905
Lu-6	Dion Bouton	6	José Barro	Viveiro	1905
Lu-7	Dion Bouton	24	Pedro Pérez y Cía.	Viveiro	1907
Lu-8	Bion Bouton	30	Pedro Pérez y Cía.	Viveiro	1907
Lu-9	Berliet	22	Germán Pérez	Lugo	1907
Lu-10	Hispano-Suiza	20-24	Benigno López	Viveiro	1907

OURENSE					
	MARCA	HP	PROPIETARIO	DOMICILIO	ANO
Or-1	Mercedes	30	Isidoro de Temes	Ourense	1906
Or-2	Berliet	22	Manuel París	Ourense	1906
Or-3	Renault	20-30	Avelino Tizón	Ourense	1907
Or-4	Berliet	22	Pedro Romero	Ourense	1907
Or-5	Panhard	20	Sociedad General Barcelonesa	Ó Carballiño	1908
Or-6	Dion Bouton	10	Manuel Álvarez	Ourense	1909
Or-7	Clement-Bayard	24	Alejandro Pedrosa	Guizamonde-Canedo	1909
Or-8	Sizaire-Noudin	12	Luis Rodríguez	Ourense	1909
Or-9	Dietrich	20-24	Fernando Maldonado	-	1909
Or-10	Brillée	40	Omnibus-Automóviles de Verín	Verín	1909

PONTEVEDRA					
	MARCA	HP	PROPIETARIO	DOMICILIO	ANO
PO-1	Decauvil	5	Miguel Gay	Pontevedra	1903
PO-2	Gladiator	10	José y Julio Curbera	Vigo	1903
PO-3	Gladiator	12	José Lastres	Vigo	1904
PO-4	Gladiator	10	Julio Barreras	Vigo	1904
PO-5	Gladiator	20	Antonio González	Vigo	1904
PO-6	Gladiator	8	Santiago Ruíz	Vigo	1904
PO-7	Renault	12	Miguel Gay	Pontevedra	1904
PO-8	Gladiator	20	Luis Núñez	Pontevedra	1904
PO-9	Gladiator	10	Jacinto Huelves	Pontevedra	1904
PO-10	Dion Bouton	11	Antonio Sanjurjo	Vigo	1904

Primeiros coches matriculados en Galicia.


que toman as concas dos ríos como unidades de desenvolvemento. Máis tarde nótanse os efectos da crise económica mundial do ano 29, que deixa sentir claramente as súas consecuencias na economía española e de Galicia en particular; parálizase ademais a corrente migratoria a América, tan intensa en Galicia; hai dificultades para o mundo pesqueiro e maderciro, con crecente e acelerado paro.

Cara ós anos trinta intensifícanse cada vez máis os efectos en Galicia da citada crise do ano vintenove que comezara en Estados Unidos e tamén é época de enfrontamentos, de conflitos sociais. Logo vén o 14 de abril e a Segunda República, coa xubilación obrigada, forzosa, do rei Alfonso XIII e España vestida de festa; todo o mundo esperaba o remedio ós males de España; vai durar 5 anos porque o 18 de xullo se produce o Alzamento nacional.

Durante a Segunda República ten lugar un excesivo movemento social e político en Galicia ó igual que no resto de España; aparecen partidos, organizacións sindicais por todas partes, dos signos ideolóxicos máis dispares; hai unha dereita conservadora representada polo galego Calvo Sotelo e anarcosindicalistas da CNT, así como outros sindicatos obreiros como UXT; a acción sindical toma un carácter multitudinario, masivo; hai conflitos, tensións por todas partes e pídense concesións sociais continuamente, a todas horas, e hai unha loita social no mundo laboral moi a miúdo. Agora o sector obreiro é o protagonista, tanto nas cidades galegas como no campo e no mar. Parece que o sistema capitalista entre en crise pola embestida brutal da clase traballadora, unha clase social que xa estaba cansada de espera-los beneficios da revolución industrial, beneficios que non chegan nunca, así que queren face-la súa propia revolución, a obreira. En Rusia xa o conseguiran. Quérese facer unha folga xeral revolucionaria.

Retrasos no ferrocarril por Zamora

A Segunda República vai desde o 31 ó 36; o Goberno da República pretende retrasar, paraliza-lo tendido da rede viaria Zamora-Ourense-A Coruña, tendido decisivo para as conexións co centro de España e a periferia; todo por falta de cartos. Isto provocaría a bronca de moitos parlamentarios de Galicia, ademais dunha apaixonada contestación cidadá. Foi a primeira vez que Galicia conta cun partido galego con participación nas Cortes; dispónse, ademais, dun proxecto de estatuto de autonomía que fai que o noso país estea en contacto coas outras autonomías: Cataluña e o País




Escudo de Galicia de Castela.

Vasco; presentado este, ten lugar a rebelión de militares capitaneados curiosamente por un militar galego, o 18 de xullo de 1936 que obrigaría ó aprazamento, durante moitos anos, da aplicación práctica do galeguismo. O Alzamento trae consigo un cambio de autoridades políticas e administrativas.

A economía galega non sac beneficiada pola República, nunha etapa na que a emigración finalizara e o paro crecente trazaba un dubidoso porvir para a nosa terra; asínanse tratados con países de fala hispana, que permiten a entrada de considerables partidas de produtos cárnicos, que significan unha forte competencia para o vacún galego. Esta política é fortemente criticada polos congresistas galegos.

Os impostos pesaban de forma abusiva, como unha lousa, sobre os campesiños e a lei agraria da República non ten en conta a especial e singular configuración do campo galego; por esto os nosos parlamentarios intentaron por tódolos medios que non se levara á práctica. Tamén se produce unha crise importante no sector pesqueiro. En outubro do 34 hai un levantamento nalgunhas cidades e vilas que xa parece un avance do que ía ocorrer meses despois, en xullo de 1936.

Castelao




Para que remate
esta vergonha
VOTA O ESTATUTO

OFFSET, 1901, VIGO

Cartel de castelao do 36.

CAPÍTULO XXII

A GUERRA CIVIL



O día 28 de xuño de 1936, sométese a votación popular o Estatuto de Autonomía de Galicia; é aprobado por case un millón de votos (993.351) a favor e un pouco máis de 6.000 (6.161) en contra; estatuto que non entra en vigor debido a que o 18 de xullo se produce o Alzamento Nacional; á fronte do que paradoxalmente está, como dicíamos, un galego: Franco, que bota man ó sabre, á espada e levántase contra a República; ó seu lado póñense moitos militares. O exército rebelde lánzase ás rúas nas principais cidades galegas a golpe de clarín e con pistolas para intimidar ó pobo. Cos militares van os falanxistas, que tiñan ideas similares. Ós poucos días do Alzamento, Alzamento que porá fin á II República, xa se ve claro que os militares rebeldes fracasaban no seu intento de controlar España, sen unha resistencia longa porque a intentona nin triunfa por completo nin os rebeldes saen derrotados de todo; así que o país se divide. O disparo de saída fora o asasinato de Calvo Sotelo. Foi como botar un misto encendido nunha pallcira. Desde ese día vese vir; máscase no aire. As masas bótanse á rúa e collen armas onde poden. A paisaxe social ten mala pinta. Persoas que pelexan e se matan uns ós outros. España volve ás andadas e os españois chegan ás mans.

A República non podía combater en tantas fronteas; faltáronlle pés e mans. Entón produciuse o levantamento militar. Galicia quedou en mans dos rebeldes e o castigo xeneralizouse por todas partes. Grupos sublevados ían rastrexando os domicilios, buscando anarquistas, buscando comunistas. Algúns eran conducidos desde a súa casa ó monte e alí fusilados. Alejandro Bóveda é un exemplo. Participara na elaboración do estatuto de autonomía e é fusilado no verán do 36. A xente bótese á rúa; empúñanse pistolas por doquier co apoio de gardas de asalto e militares leais á República. O levantamento non triunfa nas cidades máis importantes como Madrid, Barcelona e Bilbao. De maneira que o goberno republicano queda intacto neste primeiro ataque bélico dos rebeldes, se ben cun custe moi alto: traspasar todo o liderazgo á multitude, ó populacho e pérdese coordinación, eficacia. Suble-

vados por un lado, revolución anarquista por outro, revolución que toma o modelo ruso marxista-leninista con comportamentos de alta temperatura.

Sabres, cruces, tradición e monarquía

A guerra necesitaba uns idcais, unha xustificación e dise que o levantamento ten por finalidade defende-la relixión e sobre todo a salvación de España que estaba en mans de comunistas, separatistas e anticlericais; de feito, nos primeiros días da guerra foran executados relixiosos ou outros que se confesaban católicos sen ningún xuízo previo, sen ningunha garantía.

Galicia ten desde o principio unha resposta favorable e de adhesión ó levantamento militar, o que podería ser discutible a xulgar polo cruel castigo que sofren tanto políticos como sindicalistas e que pon de manifesto que o levantamento non tivo tantos adeptos como se di, xa que son moitos os galegos que resisten contra os militares insurrectos o 18 de xullo. Para ilustrar isto, vexámo-lo caso da cidade olívica, Vigo, cidade que despois do alzamento, discorre en medio dun clima de intranquilidade, de tensións, sobresaltos, desordes. Incluso o mesmo día do alzamento, o alcalde republicano da cidade, Martínez Garrido, trata de calma-los ánimos, mentres sindicatos e partidos políticos difunden un comunicado de adhesión inquebrantable a favor do Goberno republicano; o 19 de xullo o Concello pide ós vigueses calma, tranquilidade, sosego; quérese á toda custa mante-la paz cidadá e desestímase, rexéitase a posibilidade de armar ó pobo; os cuarteis están intranquilos e estase a todas horas pendente do teléfono e nos fogares escóitase a radio continuamente, en grupos de veciños porque poucos a teñen.

O capitán Carreró dispara sobre o seu amigo

O día 20 de xullo paro total, esa é a contestación do pobo ó levantamento. Agora o termómetro é a rúa: hai reunións e conflitos continuamente; ese día 20 non circulan os tranvías e os comercios están pechados. Na Coruña, o conflito céntrase no Goberno Civil, onde chegan cidadáns e traballadores con armas nas mans dispostos a loitar, a pelexar.

Segundo parece, Hedilla, alto dirixente da Falanxe, estivera a principios de xullo en Vigo e mantería certos contactos preparativos. Nas datas do alzamento nacional, o capitán da praza de Vigo era Felipe Sánchez, que cede o mando a outro capitán moi atrevido, Carreró. Encabeza, dirixe un reducido

pelotón militar que vai pola rúa do Príncipe ata a Porta do Sol; Carreró intenta pronunciar un comunicado pero un amigo seu, de esquerdas, fai un ademán de arrebatarllo e ó momento Carreró ordena que o maten; despois, un intenso tiroteo e morren varias persoas porque os militares disparan contra a multitude; logo intentan toma-lo local da UXT: a Casa do pobo na rúa García Barbón, porque desde esa mañá se ían concentrando alí moitos obreiros; durante o día as forzas rebeldes toman a cidade e ó chegar a noite deteñen a varios dirixentes socialistas.

O Calvario de Vigo, a pequena Rusia

En Vigo, concretamente no Calvario, barrio de Lavadores, na pequena Rusia, como se lle chamaba, prepárase rapidamente unha contraofensiva activa, valente; os obreiros dirixense cara á casa de Estanislao Núñez, industrial vigués de dereitas; tratábase de xente defraudada e irritada polo recente levantamento contra a República, que ve a este home como a expresión, como representante do capital e, polo tanto, inimigo da clase obreira; terminan matándoo. Os falanxistas de Vigo pasan entón á acción e ó enfrontamento armado; este barrio vigués cae en mans deles; iníciase agora unha brutal vinganza; detense e métese en prisión a destacados líderes sindicais e políticos; matan ó responsable do sindicato de tranvías, a principios de agosto, e só porque era marxista e a moitos outros non simpatizantes co Alzamento Nacional. Algúns atópanse escondidos nos montes como o da Madroa, monte próximo a Vigo; era principios de agosto do 36.

Martínez Garrido, alcalde de Vigo é condenado a morte, xunto con outras autoridades do partido socialista; ó estalar a guerra é retido na súa casa, onde os falanxistas que o deteñen criban a balazos a súa fotografía, anticipo do que ían facer con el despois. Eran os últimos días de agosto do 36. Foi un xuízo sumarísimo para nove cargos locais, elixidos polo pobo. Na madrugada do 27 de agosto, un pelotón mandado polo capitán Carreró, fusílaos no cemiterio de Pereiró, de Vigo, fronte á tapia. Martínez Garrido tiña 50 anos. Desde Burgos chegara o día anterior un telegrama **“Que, para dar exemplo, se pasara polas armas a tódolos cargos socialistas”**. As maiores matanzas teñen lugar na máis absoluta impunidade e inxustiza, porque ó amencer aparecen corpos tirados nos bordos das estradas, incluso nas praias e case tódolos días. Algunhas poboacións tamén resisten heroicamente e defenden un goberno legalmente constituído, o da República.

Prohibido escribir con tinta vermella

Tíñase a idea de que o conflito ía durar pouco, pero logo esa crenza véñse abaixo, como dicíamos. Algunhas persoas ían pola rúa con armas, escopetas, dinamita, utensilios domésticos. En Ourense, tarda en coñecerse o Alzamento Nacional e sen embargo en Lugo as noticias recíbense o mesmo día en que se produce o alzamento.

As cidades máis importantes de Galicia ven interrompida a súa vida normal; fábricas e comercios que pechan as súas portas; non funcionan os teléfonos, nin o correo nin tampouco os trens nin saen os periódicos á rúa. Continúa a guerra, e durante o verán vai tomando Franco varias zonas e cidades galegas; case tódolos mandos castrenses toman partido ó momento polo Frente Nacional; hai matanzas por todas partes, sendo aireadas polos periódicos, polos revolucionarios para que servira de exemplo, que o castigo tivera ampla difusión; incluso parece que estaba mal visto usar tinta vermella e era sospeitoso saber falar ruso. Íanse mobilizando máis e máis persoas. Case todavía nenos, con 17 anos, suben ós camións e vanse, ou mellor dito lévanos, márchanse obrigados, á fronte e ás veces non teñen tempo de comunicarllo ós familiares; o medo e o pánico faisc dono de todo o mundo; moitos galegos empezan agora a poboar-los cárceres; as prisións non chegan e hai que preparar rapidamente edificios como mosteiros ou a illa de San Simón, que se habilitaron como cárceres.

Santiago Álvarez, líder comunista consegue agrupar unha tropa de máis de 1000 soldados; con eles loita na fronte de Toledo e Madrid. Ademais está Enrique Lister, outro galego, home pouco instruído na milicia pero que co tempo se converte en militar importante e incluso chega a xeneral do exército ruso.

Fuxidos

Logo vaise recuperando a vida normal, a actividade cidadá, a tranquilidade; a finais de xullo ordénase abrir tódalas fábricas e comercios; os que non vaian traballar serán despedidos inmediatamente; saen á rúa os periódicos, pero como propaganda dos golpistas e non se permiten grupos de máis de tres persoas nas vías públicas; pouco máis de mil pesetas é o importe que se pode sacar das contas bancarias; de tódalas capitais galegas saen trens e camións cargados de soldados, comida, alimentos para a fronte.

Hai galegos que participaron no bando republicano e ó terminar a guerra



ILLA DE SAN SIMÓN NA RÍA DE VIGO

Foi usada como cadea durante a Guerra Civil Española. Está situada esta illa nas Rías Baixas, unhas rías nas que as precipitacións son menores que no resto de Galicia, con abundantes piñeiros que ás veces chegan ata a beira do mar, como pode verse na foto; nas Rías Baixas o mar é sosegado e o capital máis importante é o sector pesqueiro e o turismo.

marchan a México e outros a Arxentina. Desde alí, seguiron a súa pelexa pola liberdade, facendo diversas publicacións republicanas. Obreiros e agricultores que participaron activamente no conflito, nos enfrontamentos e tiveron que escapar ás montañas. Durante os tres anos que dura a guerra están escondidos entre as árbores e a maleza. Eran contrarios ó levantamento, ían por libre e varios fixéronse moi famosos, como O FOUCELLAS, que se vai ó monte e convértese en verdadcira toupa; para uns eran uns malfeitores e para outros uns anarquistas e ardentes defensores da República; algúns escóndense por non ir ós cuarteis, á fronte e sempre desde logo polo terror; logo era unha viaxe sen volta, porque ós traidores xa lles caera enriba a pena capital; chamábaselles FUXIDOS. Parentes, familiares achegábanlles vestimenta, alimentos, desafiando a atenta mirada da Garda Civil.

Esto sucede sobre todo nos anos corenta. Algúns optaron por seguir ata que rematara a Segunda Guerra Mundial e máis, esperando a ver se se derrubaba o réxime franquista, alimentado tamén pola victoria dos aliados na Segunda Guerra Mundial.

No ano 1939 Franco remataba a faena e pasaba a impoñer un réxime autoritario. ¿E cal dos dous bandos tiña razón? Quizais ningún deles.

CAPÍTULO XXIII

O FRANQUISMO



A República foi un sistema político que non conseguiu defende-la concordia, a paz entre todos, e sempre era sobrepasada ou polas forzas conservadoras ou polas progresistas da esquerda, unha esquerda por certo moi radical. Unha institución con incesantes desordes, enfrontamentos, a casa de “tócame Roque”, non podía ter unha longa vida; era un estado permanente de continuos conflitos, de tensións día a día; é dicir que fracasara.

Pois ben, a guerra civil que lle pon termo foi desde logo para a economía, para España, para Galicia, totalmente negativa porque unha mesma caixa ten que sufragar os gastos militares dos dous bandos en litixio; coa guerra destrúese capital, instalacións, edificios, infraestrutura; no social supuxo un enfrontamento entre os propios españois segundo a ideoloxía, unha desintegración social. Con Franco, España perde a súa Constitución e, polo tanto, non hai xa unha norma que asegure a igualdade, a democracia. España, un reino sen rei. Franco conxela a política porque pensa que esta é a causa de tódolos males de España. Mete en cintura ós partidos políticos. Dálle as costas e pasa a se-lo actor principal da sociedade. Leva a voz cantante. Atrinchérase no poder.

Xorde Radio España Independente. A PINERAICA, que así é como se chamaba porque todo o mundo a situaba nos Pirineos. A única emisora libre, sen a censura de Franco, aínda que no fondo estaba ó servicio do partido comunista. Era unha especie de caixón de xastre ó que ían parar os *inimigos da patria*, segundo os cualificaba o réxime de Franco, comunistas e roxos, esperando o rápido regreso de España á legalidade republicana. En realidade estaba situada en Rumanía, o país do dictador CÉAUŞESCU.

Longa noite franquista

O franquismo segue mantendo presente a imaxe dunha España do século

XIX, cun réxime político controlador, autoritario para evita-la anarquía do pobo, segundo se dicía; suxire unha imaxe dunha España de misas, rosarios, novenas ós santos, señoras facendo punto e preparando a comida na casa, a sección feminina, familias numerosas e nenos que teñen que mesturar galego e castelán coa gran confusión mental que eso orixina; pensar en galego e escribir en castelán; cine de mártires e de represión sexual, disciplina, obediencia total ós xefes. España, un gran cuartel. Franco nas procesións baixo palio, porque o poder lle viña de arriba, de Deus, segundo se dicía. Pero Franco aguanta porque sabe que o que resiste gaña e dispónse a aguantar como militar que é. Franco mantense nos seus trece. O malo da película. Represión a todo gas. Un longo silencio político. A tranquilidade, a quietude, a paz do cemiterio.

Despois da guerra, establécese un estado totalitario de estilo militar e, no económico, de corte capitalista; a comida queda racionada e toda familia ten a súa cartilla cuns selos que na tenda onde compran lle vai quitando o comerciante; unha cartilla que só lle dá dereito a comer un bolo de pan diario. Para os que teñen cartos non existe racionamento; compran o que necesitan no mercado negro, no estraperlo.

Dáse carpetazo ó réxime constitucional da República, ó sistema electoral, ós partidos políticos; implántase un sistema caracterizado por unha total xerarquización da sociedade, ordenada monoliticamente, centralizada ó redor dun estado nacional e conservador. Franco pensaba que as liberdades en mans dos españois eran un perigo, unha bomba de relojería. A oposición ó franquismo lévalla nunha primeira fase o partido comunista.

O modelo económico de Franco, ó principio do seu goberno, caracterízase pola autosuficiencia, a autarquía; concretamente en Galicia constrúense varios saltos de auga utilizando o inmenso potencial hidráulico dos ríos galegos, así convérteos en almacéns de auga; estas obras acométenas as empresas máis importantes do sector eléctrico, algúns financeiros de capital galego como por exemplo Barrié de la Maza e o Banco Pastor; tamén hai que destacar neste primeiro período franquista o desenvolvemento do sector madereiro galego. Nos anos 50, prodúcese un movemento industrializador e unha saída colectiva de xente das aldeas ás cidades. Hai unha España real e outra oficial e sen conexións co exterior.

En 1959 ponse en marcha o Plan de Estabilización que consiste nun conxunto de medidas, un paquete económico no que a finalidade é conte-los gastos públicos, conxela-las rendas salariais para, con eso, controla-lo

crecemento da demanda; tamén se elevan os intereses para, desta forma, frea-los créditos. Estas medidas teñen por obxecto apaga-la presión inflacionista, botarlle un pouco de auga fría ó pucheiro da inflación que arde, que está en ebulición, que era moi forte nestes tempos; son todas elas políticas restrictivas e colaboran na boa marcha da economía, economía que agora se anima por factores exteriores, como a chegada de turistas ou a saída de españois, sobre todo galegos, por Europa adiante a traballar. Prodúcese un milagre económico que saca a España do grupo dos países subdesenvolvidos para poñela no grupo de estados industrializados.

Os anos 60 son os anos do seiscentos, a compra de pisos por parte dos traballadores, e un entusiasmo económico xeneralizado. Oito por cento de crecemento anual. Créase unha clase media. A valoración económica deste período, os anos sesenta, varía, claro está, segundo a ideoloxía, pero non hai dúbida de que o crecemento foi espectacular e só puido ser superado nesta época de fortes, de sostidos crecementos en tódolos países occidentais, con vantaxe por certo, por Xapón. Emerxe e consolídase a clase media, a burguesía. Período que ten desde logo zonas escuras, aspectos negativos, sombras, como a alta taxa de paro, o elevado índice de inflación e o bo número de galegos que teñen que emigrar. O Estado non consegue corrixilos fortes desequilibrios territoriais de renda e riqueza.

Forte desenvolvemento atlántico

En Galicia, a costa atlántica experimenta nestes anos un alto desenvolvemento e lévase a cabo ademais unha aceleración do crecemento das cidades. Como consecuencia da emigración, prodúcese un avellentamento considerable da poboación e, se é certo que España dá o salto á industrialización, sen embargo en Galicia ese proceso prodúcese con moitas reservas. De todas formas, constitúense novas empresas, como as relacionadas co sector naval na cidade de Vigo; tal é o caso de Barreras, Vulcano, Freire e outras tamén relacionadas co mar como Pescanova e varias de conxelados.

Outros sectores que despegan en Galicia son: automoción, con Citroën en Vigo; aluminio e petróleo noutras cidades; nalgúns casos, só desenvolverán o primeiro ciclo productivo, polo que crearán pouco emprego, tras un cuantioso investimento. Sen embargo a maioría das empresas que se constitúen nestes anos 60 non están integradas na economía galega. Por outra parte non só se vai o home galego, senón tamén o capital, o aforro galego, para ser investido noutras rexións máis productivas que Galicia, como Viscaia ou

Barcelona. Tamén hai que destacar nesta segunda etapa do franquismo outro aspecto, e é que se desenvolve ademais o sector alimentario, no que se crean varias empresas de transformación dos múltiples recursos agrarios de Galicia; tal é o caso de LARSA e UTECO.

O parque de maquinaria agrícola galega, verdadeiro capital productivo, manifesta un crecemento importante, se ben por debaixo das medias doutras rexións; prodúcese ademais unha saída masiva de persoas do campo á cidade, de considerables proporcións, de xeito que os efectivos rurais descendan notablemente e cada vez hai en Galicia máis terra sen cultivar. A nivel político, váise contando con máis liberdade e apertura ó exterior; esta maior liberdade trae consigo pouco a pouco unha gran actividade, unha gran animación sindical e obreira.


O franquismo, enterrado tamén no Val dos Caídos

Durante os anos 60 e con grandes dificultades, como vemos, prodúcese polo tanto unha industrialización da economía galega, unha economía desde logo moi atomizada, con moito individualismo. Galicia pon en marcha nos anos 60 dous importantes núcleos industriais; son os polos de desenvolvemento de CORUÑA-FERROL e VIGO-PORRIÑO; trátase de dúas zonas naturais de industrialización que se ven favorecidas agora, potenciadas por polos de desenvolvemento creados en 1962. En 1964, establécese outro polo de desenvolvemento: o de Vilagarcía, que ten menos impacto. Logo hai outros instrumentos industriais como GAEIG, Gran Área de Expansión Industrial de Galicia ou SODIGA, Sociedade para o desenvolvemento industrial de Galicia, nos anos 70, se ben non poñen ó servizo da empresa capital financeiro e apoio fiscal suficiente. Ademais, coincide cunha crise económica mundial, que ten en Galicia duradeiros e intensos efectos; unha crise que castiga fortemente a todo o norte de España; a nós colleunos, afectounos no peor momento, no momento xusto do noso arranque industrial. Por eso a industrialización galega, ó ser tardía, resulta seriamente danada por esta crise, sobre todo o sector da construción naval, sector que queda moi enfermo, moi castigado. Tamén azoutou a recesión ás industrias extractivas, á metalurxia, á fabricación de conservas e ó mundo rural.

Pero a España o franquismo vaille quedando pequeno, como ocorre co traxe dun neno que vai medrando rapidamente. Pódese dicir que a crise do franquismo xa comezou nos anos 60 e alcanza o seu momento crítico cando morre en atentado terrorista Carrero Blanco no ano 73. Un réxime con vías

de auga por todas partes, que ten os días contados. Finalmente, a desaparición de Franco é o paso decisivo, porque neste sistema tiña excesivo peso, era único protagonista do período. Coa súa desaparición, ábrese un interrogante de continuidade, de legalidade dun réxime, que queda arrinconado ideolóxico e socialmente, contra as cordas; un réxime que vai ser enterrado con el, con Franco, co Caudillo na súa tumba do Val dos Caídos, que morre con el, se ben o designado por el segue agora empuñando o temón do país. A herdanza envelenada do franquismo vai se-lo terrorismo.

Franco, un óso duro de roer, pasará a historia como unha persoa que tivo moita sorte, que sempre gañaba a partida, tanto na Guerra Civil como na Mundial, na postguerra, no crecemento económico dos sesenta así como incluso en ter á man un rei da talla de Juan Carlos I. A Franco faltoulle talante democrático, liberal, e sobroulle austeridade e rigor.



CAPÍTULO XXIV

A TRANSICIÓN POLÍTICA EN GALICIA



Morto Franco o 20 de novembro do 75, os partidos políticos reúnense ás escondidas e rematan por ser legalizados. Conséguese eleccións democráticas, e comeza a transición dun réxime dictatorial a unha democracia monárquica. O cambio político dura tres anos, do 75 ó 78, ano no que se aproba a Constitución democrática; polo que é un breve espazo de tempo o que dura este proceso. Nel, pásase dun sistema monolítico, verticalista, centrado na figura de Franco, a unha monarquía constitucional, cun sistema de liberdades plenas, totais, homologables ás existentes no Occidente. Ademais, ponse en marcha un sistema de pluralismo político; un cambio, que foi fácil, debido ó consenso de políticos da máis diversa ideoloxía. Gracias tamén ó harakiri das cortes franquistas. E qué difícil é conseguir que se desenvolva unha planta tan delicada como a democracia. Pero ó final esta floreceu. Todos pronosticaban unha nova pelexa, unha nova contenda.

É o milagre político da transición. Unha transición á democracia que é o único sistema vixente no mundo actual, o único válido. Facíanse apostas sobre **“cánto tempo tardaría en armarse”**. Cómo ía ser posible un cambio tranquilo dun sistema dictatorial ó goberno do pobo. Un porvir escuro porque ademais Arias Navarro non daba a talla; un paso adiante e outro atrás. É Suárez quen, unha vez volto ó curro da democracia, desenvolve a transición. O pobo vai alcanzar agora a maioría de idade.

Tralo longo xaxún electoral

Remata xa a corentena política. No ano 77 ten lugar o primeiro referéndum democrático nun pobo tanto tempo calado e, como dicíamos, a Constitución, que significa ánimo de concordia, ía supoñer para Galicia, ó igual que para outras nacionalidades españolas, o comezo de elaboración das regras de autogoberno. En Galicia a transición materialízase no Estatuto de Autonomía do ano 81; por fin a nosa terra contaba con organismos galegos,

con parlamentarios de aquí e ademais elixidos democráticamente; con ela ponse fin a un réxime presidencialista, totalitario, que foi o franquismo. Algunhas forzas do nacionalismo galego consideraron insuficiente ese marco, para desenvolve-lo galeguismo e mantivéronse á marxe do proceso de cambio, segundo xa vimos.

A transición democrática, sen embargo, non consegue atopar unha fórmula que dea resultados contra o terrorismo e, por outro lado, non parece posible coordinar convenientemente as autonomías, porque é moi aberta e non se utiliza a Constitución para articula-la nova España, senón para ir baleirándoa de contido, ó tempo que se potencian os gobernos autónomos. Xorden forzas centrífugas que rompen España. No caso de cataláns e vascos excesivas concesións, é como dar xinebra a un alcohólico para quitarlle a adicción. Canto máis lles dás, máis che piden e reclaman. Parecen repetirle ó Goberno Central a famosa frase de **“Cada un somos tanto como vós e xuntos máis que vós”**, que no compromiso de Caspe escoita Fernando o Católico dos representantes de Cataluña, Aragón e Valencia.

A chamada nacionalista acode ás diferentes terras de España coa chegada da transición e, farto o estómago, hai que buscar feitos diferenciais. Fanse concursos de ideas para ter bandeira e himno propio, tódalas rexións buscando os seus sinais de identidade, buscando máis diferencias que similitudes. Co nacionalismo español en claro retroceso e descenso, quizais polo mal uso que del fixo o franquismo. O noso idioma fóra de España vai en auxe e, como ninguén é profeta na súa terra, perde a batalla aquí. Camíñase cara ó pasado, cara atrás, ó revés, cara á España da Reconquista, época na que o noso país estaba formado por distintos reinos.

Cinguíndonos agora ó aspecto económico galego, hai que dicir que no ano 1985 se constitúen, como vimos, as ZUR, zonas de urxente reindustrialización, con moita burocracia e moito papeleo, moita urxencia, moita présa para nada.

Aparece agora a XUNTA, que asume múltiples competencias como organización do territorio, obras de infraestrutura de interese particular para Galicia, recursos hidráulicos, sector enerxético, especialmente a electricidade, produción pesqueira e industrial, mundo agrario e sistema educativo. A autonomía é unha oportunidade histórica para Galicia, pero debe ser unha autonomía autonómica, valla a redundancia, ou sexa: que o poder galego non radique exclusivamente en Santiago senón que estea repartido por Galicia enteira.

Vigo, capital dunha gran área metropolitana

Vigo, o maior centro urbano, está asistindo a un desmantelamento administrativo, un expolio de institucións oficiais que non cesa desde 1982; primeiro levan o Banco de España, logo delegacións de Vivenda, Deportes, representacións diplomáticas, Agricultura. E Vigo debe contar con maiores servicios, polo que han de ser mantidas tódalas dependencias administrativas que ten; hai servicios que os cidadáns consideran urxentes, imprescindibles como son oficina de Tráfico, Rexistro Mercantil e máis organismos xudiciais, delegacións de tódolos ministerios e consellerías.

A cidade olívica, centro de gravidade económica de Galicia aspira a capitanear unha gran área metropolitana, a cabeza da gran metrópole galega do ano dous mil. Ata o século XIX, a provincia do sur de Galicia estaba situada en Tui e Pontevedra, dependía da provincia de Santiago; incluso Vigo foi capital do sur de Galicia, aínda que logo a perdeu por motivos de índole política; desde o ano 1820 ó 1823, trienio liberal, en Vigo estivo a capital do sur de Galicia, provincia que limitaba co Ulla, as serras do Testeiro e o monte do Faro; parece que formaban parte da Deputación Manuel Bárcena e o marqués de Valladares. En 1833 lévase a cabo a reforma administrativa de Javier de Burgos e Pontevedra pasa a se-la capital do sur de Galicia, separándose polo tanto da provincia de Santiago e formando provincia propia, incorporando tamén Vigo.

Pero deixemos a un lado a historia e pensemos no futuro e con realismo. Cómpre impulsar un organismo por enriba dos municipios que preste servicios á poboación da área de Vigo, unha poboación de medio millón de habitantes, unha gran metrópole e que coordinará puntos tan importantes como os recursos hidrolóxicos, os residuos, as comunicacións, o urbanismo ou o gran potencial turístico que ten a zona, incluíndo desde logo a península do Morrazo e O Condado a pesar do seu carácter netamente rural, agrícola. A falta de institucións frea o progreso de Vigo.

A outra gran área metropolitana a crear sería na Coruña.

Do tripartito a Fraga


Fernández Albor ocupa a presidencia da Xunta ata o ano 87, ano en que se leva a cabo unha moción de censura de mutuo acordo entre socialistas, partidos nacionalistas (Coalición Galega e PNG) así como un pacto secreto con antigos cargos do goberno Albor; pois ben, ese ano pasa a ocupar a

presidencia da Xunta, no mes de setembro, González Laxe cun goberno tripartito.

No 89 lévanse a cabo outras eleccións, das que sae elixido un goberno conservador, á fronte do cal está Manuel Fraga, o cterno DON MANUEL, que defende ós galegos con uñas e dentes, político de raza, que consegue a maioría absoluta e o nacionalismo galego de centro queda total e ruidosamente descalabrado, se ben parece haber un rexurdimento do nacionalismo de esquerdas. Durante os seguintes anos, Fraga, cerca xa do terceiro milenio, consegue por terceira vez a maioría absoluta. E repite candidatura por cuarta vez.

CAPÍTULO XXV

CHEGA O TERCEIRO MILENIO



Chegamos ó futuro, ó terceiro milenio, case sen darnos conta. Fin da viaxe. Un percorrido polas distintas localidades galegas, en distintas épocas. Galicia, unha rexión montañosa, aínda que con montes suavizados, dulcificados pola erosión. Que ten gran riqueza fluvial, abundante pluviosidade, néboas e nubes que animan a paisaxe, lle dan vida, movemento; cuns bordos rochosos onde se estrela o océano e tamén recibe ó mar mansamente, abrazándolle o peito das súas rías doces, agarinosamente; na parte occidental está o mar, na esquina pétrea atlántica; a parte oriental galega presenta uns bordos rochosos e montañosos. Aquí viviu, segundo acabamos de ver, durante máis de catro mil anos, un pobo, unha xente que acumulou séculos e séculos de historia. Esta Galicia creárona, desenvolvérona os nosos antepasados, laboriosamente, co seu esforzo, coas súas mans, co seu suor, co seu sacrificio, nunha pelexa tensa, continua do home coa terra, cun idioma propio, co seu idioma. Unha Galicia que pronto será para as próximas xeracións e que non consegue pórse ó día.

Desde a entrada de España na Unión Europea, Galicia non conseguiu adiantar nin un só posto na desesperada carreira que manteñen as rexións por situarse na zona de converxencia, zona de riqueza e desenvolvemento e que vén dada polo produto interior bruto por habitante. Galicia segue estando no furgón de cola xunto con Andalucía, Castela, Extremadura e Murcia.

Sen protagonismo histórico

Pero chama a atención que Galicia, cunha traxectoria tan claramente definida e diferenciada do resto do Estado, non conseguira unha maior participación na historia de España, na economía; sempre estivo distante, afastada, sen liderazgo, en ocasións co paso cambiado. Puidémolo ver nesta viaxe. É en definitiva, e xa no TERCEIRO MILENIO, unha das rexións menos desenvolvidas de España, tal como indica a súa baixa renda per



PECHANDO O TRATO

(Fonte: Gran Enciclopedia Galega)

Na feira o comprador facía efectivo no momento o importe da operación. Aínda non chegara o diñeiro de plástico, a tarxeta de crédito.

cápita, moi inferior á media nacional e a súa escasa achega en relación á poboación que ten e cun alto peso todavía do sector agrario, sector que é marcadamente minifundista; terras que nunha alta porcentaxe son cultivadas directamente polos seus propietarios en réxime de policultivo de subsistencia, unhas terras que nin sequera cobren as necesidades da familia campesiña; unha Galicia que contempla impotente o avance da pobreza e o subdesenvolvemento; que sabe que ten que apura-lo paso e iniciar unha carreira contra reloxo; unha Galicia, en definitiva, que non produce máis que o 70 por cento dos bens de consumo que necesita e o 40 dos produtos industriais, o que nos fai pensar que a situación é crítica, moi crítica. Pero vexámo-los datos, as cifras actuais.

Galicia ten unha densidade de poboación de 100 habitantes por quilómetro cadrado; cunha taxa de poboación rural do 60 por cento, que contrasta co 20 da media nacional; Galicia é a esquina de Europa, de España; non está rodeada de grandes mercados; ten desde logo un inmenso tesouro inmaterial pero grandes problemas para un crecemento económico adecuado, coherente. A poboación activa agraria ocupa todavía unha alta porcentaxe e ademais hai unha gran fragmentación da terra, cun minifundio que non permite un cultivo adecuado con rendementos aceptables.

Avanzando coas dúas pernas: gandería e pesca

Mellorouse moito nos últimos 50 anos, porque antes a agricultura non tiña medios de produción, só o humilde arado romano arrastrado por unha vaca, uns cantos cultivos de autoconsumo e un pouco máis, para facer unhas pesetas vendendo xamóns, leite, queixos, terneiros e ovellas. É evidente que a situación mellorou claramente porque xa temos explotacións agropecuarias de certa entidade para elaborar produtos cárnicos, avícola, produtos lácteos; de xeito que cambiou moito o mundo agrario galego; a gandería é un sector cun futuro esperanzador, sendo en vacún a primeira rexión española. De maneira que pouco a pouco, con esforzo, con sacrificio se vai recuperando o pulso.

Por outra parte a natureza, a tecnoloxía, a conservación dos recursos está de moda e ata algúns din que hai que leva-las fábricas ó campo, e non ó revés. Se ben polo momento o campo galego acusa un notable éxodo rural, intenso: Galicia ademais ten un alto número de parcelas cunha superficie de seis hectáreas por termo medio, cando en España a media é o dobre.



Éxodo na Galicia rural, como pode verse na foto, unha aldea de Galicia interior e rural e case sen veciños.

É a primeira rexión pesqueira de España e a primeira tamén en fabricación de conservas de peixe; os recursos enerxéticos son moi apreciábeis, sobre todo no sector hidroeléctrico, se ben exporta o 70% da súa produción xa que o consumo galego é moi reducido; os estaleiros, automoción e o sector madeireiro, son os máis interesantes para o desenvolvemento da actividade industrial. A atomización e a reducida dimensión das empresas constitúe un handicap para o desenvolvemento. As unións estratéxicas son necesarias para contrarrestar a competencia exterior. O sector industrial ha de investir en investigación.


A produción galega está moi concentrada na costa, concretamente en dúas provincias, A Coruña e Pontevedra, que representan as dúas terceiras partes da industria total galega.

Dúas Galicia, a marítima e a terrestre

En Galicia hai dúas formas ben distintas de vida. Está en primeiro lugar a mariñeira, a da Galicia do litoral; está aberta ó intercambio, ás comunicacións, ós contactos; é unha actitude deambulante, nómada, errante e non é para nada estacionaria; ten facilidades para as relacións mercantís, para o comercio, un carácter máis atrevido; o galego da costa é máis decidido e demostrouno desde moi antigo. Polo contrario, o galego da Galicia terrestre é máis sedentario e está acostumado a moverse nun ámbito máis estático. Hai que pensar que a xente da costa entra en contacto con culturas e civilizacións antigas que chegan a Galicia, buscadores de ouro e outros metais. Temos, pois, dous estilos de vida distintos e que se complementan mutuamente.

Crónica negra

Tiña Galicia tradición empresarial en construción naval, pesca, téxtil e vidro; achegábase á economía nacional barcos de pesca, moda galega de deseño, máquinas de coser, louza, peixe e outros produtos. Pero comezou a perde-lo pulso económico hai algúns anos e está en perigo de morte. Polo efecto dominó, foron pechando fábricas e máis fábricas, tirando unhas ás outras á fosa común. Eran os efectos devastadores dunha reconversión industrial imposta por Europa e Madrid. Coa creación das zonas (ZUR), zonas de urxente reindustrialización, prometeuse a tódolos galegos poñer a andar a nosa rexión pola senda do progreso, da modernidade. Foron papeis, proxectos, promesas e só queda un deserto económico.



O monumento O AFIADOR, de Amadeo Rolán, unha escultura que nos lembra unha Galicia xa pasada pero sempre presente no recordo.


Pódese facer xa a crónica negra; nacemento, vida e morte das empresas galegas. Quedan moitos cristais rotos, buratos nas fachadas das fábricas, como tras un furacán, xubilados e pensionistas por todas partes. Unha conserveira, MASSÓ, que noutro tempo foi coñecida no mundo cnteiro, celebra os seus máis de cen anos, sen un duro para paga-las nóminas. E algún banco galego véndese ós portugueses. Mención especial merece o sector pesqueiro, sector fundamental para Galicia, que atravesa unha forte crise; España é o 2º país pesqueiro de Europa e trátase dunha actividade con futuro e cun gran poder para inducir empregos derivados tales como a construción de barcos de pesca, reparacións, conxelados e sector conserveiro.

Galicia fai nos últimos tempos un esforzo inmenso na mellora de todo sector, no que se creou unha flota de conxelado con grandes pretensións. A crise do sector pesqueiro, que se agudiza neste momento, pon en perigo a propia continuidade do sector, a continuidade desta industria. Hai que buscar unha saída á pasaxe, rompe-lo punto morto; co cambio de século, hai que cambiar de agullas. Inxectarlle zume novo a Galicia. Poñemos en pé para camiñar ata a mesa principal do festín.

Galicia non vai ben e as cifras confirman porque se está producindo unha diverxencia con España, con Europa, das que nos afastamos. Crecemos pouco e ademais con sangría demográfica e aumentará a súa condición de rexión periférica. Galicia estase empobrecendo en termos relativos. Cómpre polo tanto moderniza-la economía galega. Aproveitar calquera instrumento que sexa útil como pode se-lo Eixe Atlántico. Galicia ten présa porque debe aproveitar esta onda expansiva do ciclo económico antes de que se acabe, antes de que enfríe a economía. Ademais os recursos da Unión Europea orientaranse cada vez máis cara ós novos socios, a Europa do leste, con niveis de renda máis baixos que Galicia.

Recibir por necesidades, non por recadación

Galicia ha de seguir loitando para que se lle garantan uns servicios mínimos, unha infraestrutura social adecuada, mellores comunicacións e sobre todo que se corrixa os desequilibrios territoriais de renda; se non, o desfase será cada vez maior. As rexións máis ricas presionan para controla-lo IRPF e facer contas á parte; Galicia, sen embargo, ha de loitar pola solidariedade, por unha caixa única do Estado, porque ten que recibir non en función do que recada, senón do que necesita e son moitas as necesidades que ten, e cada vez maiores. O sistema de financiamento autonómico actual prexudica



ILLAS CÍES

Son tres e chámanse Norte, Sur e do Faro. Además hai pequenos illotes e bloques pétricos. Tópanse na porta da baía de Vigo defendéndoas das tempestades do Atlántico. Sempre están aí. O seu perfil é escabroso pola zona do océano e liso polo interior. A historia das Cíes é longa, variable. Nelas toparonse incluso vestixios celtas, da época latina, houbo frades, pisáronas corsarios mouros, normandos ademais de labradores que noutra época traballaban algunhas hectáreas, cuarteis de guardias e fábricas de pescado. Incluso vestixios do paleolítico.

Hoxe en día xa non hai veciños ou sexa persoas que teñan aquí o seu domicilio á parte do fareiro e vixilantes. Se ben no verán hai moitos turistas de paso e o camping está sempre cheo. Foron declaradas parque natural fai tempo e agora parque nacional.

Por sorte, hoxe hai un certo afán por repoblar unha parte do seu hábitat natural tanto en especies animais como en plantas, trala marxinación que sufriron.

claramente a Galicia e ás rexións menos desenvolvidas. Queremos unha España igual para tódalas rexións.


Cómpre, polo tanto, unha política rexional tendente a reindustrializala nosa rexión, deixando a un lado as utopías fáciles, coma a famosa exportación de auga doce a Canarias. Hai suficientes recursos enerxéticos dispoñibles, e en grandes cantidades, que deberán ser utilizados en Galicia, sen perdas por desprazamentos e cuns prezos razoables.

Hai que denuncia-lo agravio económico, o abandono total que sufrimos os galegos; hai que terminar coa España de dúas velocidades e construír un país onde haxa verdadeira igualdade de oportunidades con independencia da rexión onde se naza. Os galegos temos un gran déficit de infraestrutura a pesar dos avances dos últimos anos.

Prestar gran atención ó turismo. Cada vez son máis as persoas que elixen a Galicia como destino das súas vacacións, turismo que debe centrarse sobre todo nas zonas costeiras, sen esquecer-la Galicia interior, apta para un turismo rural de calidade. O turismo será o motor do desenvolvemento futuro dos pobos e Galicia ha de utilizalo como factor de arranque económico; e o noso potencial é grande e atractivo, paisaxes sen igual, ríos e rías, montañas sempre verdes, pesca deportiva e deportes náuticos. Hai que seguir preparando antigos pazos e casas de labranza, estacións termais para usos turísticos; maior atención ás súas festas, as súas romarías e especialmente ó camiño de todos, o camiño xacobeo, camiño universal. Unha cidade, Santiago, que segue sendo centro da espiritualidade do mundo, unha Meca de peregrinos.


Un gran capital humano

Pero desde MADRID seguiremos escoitando o conto de sempre; que Galicia é unha rexión periférica de España e polo tanto de Europa; que ten unha gran riqueza espiritual pero chea de problemas para o seu desenvolvemento económico e que está entre os dezaseis últimos postos das 160 rexións europeas. A Galicia típica e tópica. A nosa rexión ten sobre todo un gran capital humano que deu mostras de tesón, esforzo, sacrificio e capacidade polo mundo enteiro; así que se levantará das súas propias cinzas industriais para pórse en pé e da-lo salto á Galicia Moderna e, pisando o acelerador a fondo, saberá chegar a tempo ó futuro. Todos temos que colaborar para pór a Galicia ó día, aproveitando a euforia económica e os ventos favorables que están a soprar.



GALEGOS DO FUTURO

Hai que loitar por Galicia, terra dunha beleza extraordinaria, e polos galegos do futuro.



ÍNDICE

Prólogo	7
Introducción	11
Capítulo I. <i>Galicia latina</i>	19
Capítulo II. <i>O cristianismo</i>	33
Capítulo III. <i>A Galicia sueva</i>	41
Capítulo IV. <i>Galicia na España árabe</i>	47
Capítulo V. <i>Santiago</i>	53
Capítulo VI. <i>Cidades medievais galegas</i>	61
Capítulo VII. <i>Nobreza, clero e campesiños</i>	69
Capítulo VIII. <i>A familia galega</i>	75
Capítulo IX. <i>Comercio medieval</i>	81
Capítulo X. <i>Os irmandiños</i>	87
Capítulo XI. <i>A idade moderna</i>	101
Capítulo XII. <i>A poboación</i>	107
Capítulo XIII. <i>A igrexa galega</i>	113
Capítulo XIV. <i>Os fidalgos</i>	121
Capítulo XV. <i>A industria no século XVIII</i>	127
Capítulo XVI. <i>Ilustración galega</i>	133
Capítulo XVII. <i>A emigración</i>	139
Capítulo XVIII. <i>Agricultura no século XIX</i>	149
Capítulo XIX. <i>Industria no século XIX</i>	157
Capítulo XX. <i>O ferrocarril</i>	167
Capítulo XXI. <i>O primeiro tercio do século XX</i>	175
Capítulo XXII. <i>A guerra civil</i>	185
Capítulo XXIII. <i>O Franquismo</i>	193



GALICIA, VIAXES Ó PASADO



SERVICIO DE PUBLICACIONES
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA